Non significa isto que este goberno renuncie a nada, se hai posibilidade, pero o Goberno entende que esa operación que non se concretou nos últimos 3 anos non se vaia levar a cabo a curto prazo. A curto prazo quere dicir nos vindeiros 6 meses, xa que a Solana forma parte duns terreos portuarios moito máis amplos para os que se está a buscar a fórmula máis acaída cos que retornalos ao espazo urbano da cidade, fórmula que ningún goberno nos últimos 8 anos presentou e na que está a traballar o que hoxe preside a nosa alcaldesa. É dicir, temos que, tamén, ser capaces de facer unha avaliación no tempo e sen que isto supoña unha crítica si é a constatación dunha realidade. Esta parte pequena que engrosa este modificativo de 1,4 millóns de euros non foi utilizada o ano 2017 nin 18 nin 2019.

No significa esto que este gobierno renuncie a nada, si hay posibilidad, pero el Gobierno entiende que esa operación que no se concretó en los últimos 3 años no se vaya a llevar a cabo a corto plazo. A corto plazo quiere decir en los próximos 6 meses, ya que la Solana forma parte de unos terrenos portuarios mucho más amplios para los que se está buscando la fórmula más adecuada con los que retornarlos al espacio urbano de la ciudad, fórmula que ningún gobierno en los últimos 8 años presentó y en la que está trabajando el que hoy preside nuestra alcaldesa. Es decir, tenemos que, también, ser capaces de hacer una evaluación en el tiempo y sin que esto suponga una crítica sí es la constatación de una realidad. Esta parte pequeña que engrosa este modificativo de 1,4 millones de euros no fue utilizada el año 2017 ni 18 ni 2019.

Se se está a traballar nun ámbito moito máis amplo para buscar unha fórmula que permita resolver unha demanda que foi constatada e compartida por diferentes forzas políticas e sociais, entendemos que non será algo que se resolva en 6 meses, pero si é certo que con esta operación o que facemos é facilitar recursos que están agora mesmo parados.

Si se está trabajando en un ámbito mucho más amplio para buscar una fórmula que permita resolver una demanda que fue constatada y compartida por diferentes fuerzas políticas y sociales, entendemos que no será algo que se resuelva en 6 meses, pero sí es cierto que con esta operación lo que hacemos es facilitar recursos que están ahora mismo parados.

Lamentablemente, como todos poden entender, nas actuais circunstancias

Lamentablemente, como todos pueden entender, en las actuales circunstancias

sanitarias e económicas neste país, na nosa cidade, hoxe hai outras urxencias que centran os esforzos das institucións e, dende logo, entendiamos que a mobilización destes recursos era necesaria e era positiva.

sanitarias y económicas en este país, en nuestra ciudad, hoy hay otras urgencias que centran los esfuerzos de las instituciones y, desde luego, entendíamos que la movilización de estos recursos era necesaria y era positiva.

Máis pronto que tarde, agardemos que esa negociación para definir o futuro da fachada marítima poida retomarse e poida concluírse, e nese proceso o Goberno local estará presente defendendo o espazo público e os intereses da cidade.

Más pronto que tarde, esperemos que esa negociación para definir el futuro de la fachada marítima pueda retomarse y pueda concluirse, y en ese proceso el Gobierno local estará presente defendiendo el espacio público y los intereses de la ciudad.

Hoxe o que nos toca como Goberno é traer a este pleno dar cumprimento a unhas sentenzas que son firmes, posibilitar o seu pago e deixar de que supoñan unha carga económica para este Concello porque, despois de moitos anos supoñendo unha espada de Damocles e unha carga que pasou –repito– de 8 millóns de euros a que hoxe teñamos que pagar 12, creo que é o momento tamén da responsabilidade e de poñer punto e final a unha situación que, desde logo, non é desexable para ninguén.

Hoy lo que nos toca como Gobierno es traer a este pleno dar cumplimiento a unas sentencias que son firmes, posibilitar su pago y dejar de suponer una carga económica para este Ayuntamiento porque, después de muchos años suponiendo una espada de Damocles y una carga que pasó –repito– de 8 millones de euros a que hoy tengamos que pagar 12, creo que es el momento también de la responsabilidad y de poner punto y final a una situación que, desde luego, no es deseable para nadie.

Mirar cara adiante, dende logo, e eu creo que é positivo, pero tamén sendo capaces de actuar con responsabilidade, non só pensando nos 3 anos que quedan dun mandato senón sendo corresponsables co futuro da cidade. O futuro da cidade tamén depende do Orzamento municipal e seguir engrosando intereses ano a ano, desde logo, non parece que tivera sido unha boa solución.

Mirar hacia delante, desde luego, y yo creo que es positivo, pero también siendo capaces de actuar con responsabilidad, no solo pensando en los 3 años que quedan de un mandato sino siendo corresponsables con el futuro de la ciudad. El futuro de la ciudad también depende del Presupuesto municipal y seguir engrosando intereses año a año, desde luego, no parece que hubiera sido una buena solución.

Aquí estamos para dar cumprimento e eu o que agardo é que todos os membros da Corporación actúen con responsabilidade e sexamos capaces de sacar adiante esta modificación orzamentaria.

Aquí estamos para dar cumplimiento y yo lo que espero es que todos los miembros de la Corporación actúen con responsabilidad y seamos capaces de sacar adelante esta modificación presupuestaria.

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Muchas gracias, señor Lage.

Polo Grupo de Ciudadanos, señora Martínez.

Por el Grupo de Ciudadanos, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Moi bos días a todos os presentes neste Salón de plenos ao que realmente emociona volver. Moitas grazas... moi bos días, perdón, aos membros, aos compañeiros que están desde a casa e moi bos días tamén a todas as persoas que nos seguen a través de internet.

Muy buenos días a todos los presentes en este Salón de plenos al que realmente emociona volver. Muchas gracias... muy buenos días, perdón, a los miembros, a los compañeros que están desde casa y muy buenos días también a todas las personas que nos siguen a través de internet.

Se me permiten, os meus primeiros minutos, as miñas primeiras palabras serán de condolencia, de lembranza ás máis de 27.000 vítimas, segundo Sanidade, 601 en Galicia, 163 na Coruña que se leva cobrado este virus. Palabras de pésame ás familias que tiveron que pasar por perder aos seus seres queridos sen poder acompañalos e mesmo sen poder recibir consolo. Palabras de ánimo ás persoas que agora mesmo están tamén intentando superar o virus.

Si me permiten, mis primeros minutos, mis primeras palabras serán de condolencia, de recuerdo a las más de 27.000 víctimas, según Sanidad, 601 en Galicia, 163 en A Coruña que se lleva cobrado este virus. Palabras de pésame a las familias que tuvieron que pasar por perder a sus seres queridos sin poder acompañarlos e incluso sin poder recibir consuelo. Palabras de ánimo a las personas que ahora mismo están también intentando superar el virus.

Tamén palabras, por suposto, de recoñecemento e homenaxe aos que estes días elevamos á categoría de heroes, aos traballadores esenciais e, sobre todo, permítanme, aos traballadores da Sanidade aquí na Coruña. Grazas, e afortunadamente moi ben comandados polo seu equipo directivo. Oxalá sexamos capaces de manter esa consideración e non esquezamos o importante e fundamental do seu labor.

También palabras, por supuesto, de reconocimiento y homenaje a los que estos días elevamos a la categoría de héroes, a los trabajadores esenciales y, sobre todo, permítanme, a los trabajadores de la Sanidad aquí en A Coruña. Gracias, y afortunadamente muy bien comandados por su equipo directivo. Ojalá seamos capaces de mantener esa consideración y no olvidemos lo importante y fundamental de su labor.

Ninguén dos que estamos aquí podiamos imaxinar o que estamos a vivir. Tocoulles a vostedes como Goberno, tocounos a nós como parte da

Nadie de los que estamos aquí podíamos imaginar lo que estamos viviendo. Les tocó a ustedes como Gobierno, nos tocó a nosotros como parte de la Corporación

Corporación lidiar cunha situación inédita e, nin aos que máis saben, aos avós, lles podemos pedir consello porque nin eles mesmos coñecen nada semellante.

lidiar con una situación inédita y, ni a los que más saben, a los abuelos, les podemos pedir consejo porque ni ellos mismos conocen nada parecido.

Por todo o que estamos pasando quero facer, tamén, un recoñecemento ao Goberno, ao noso Goberno local, porque mentres o seu partido desfacía e desfai a golpe de improvisación este país, vostedes aquí puxéronse a traballar con coherencia en maior medida.

Por todo lo que estamos pasando quiero hacer, también, un reconocimiento al Gobierno, a nuestro Gobierno local, porque mientras su partido deshacía y deshace a golpe de improvisación este país, ustedes aquí se pusieron a trabajar con coherencia en mayor medida.

Especial agradecemento, se me permiten, á señora Neira e ao seu equipo, practicamente impecable. Sabemos que non chegan a todo pero fixeron por chegar e a onde non chegaban mandaban recado –dou fe diso–. Foron días, horas, minutos sen descanso, sen durmir, con todo o que iso conleva, constante preocupación e ocupación de todos para buscar a mellor solución ou, polo menos, unha solución.

Especial agradecimiento, si me permiten, a la señora Neira y a su equipo, prácticamente impecable. Sabemos que no llegan a todo pero hicieron por llegar y a donde no llegaban mandaban recado –doy fe de eso–. Fueron días, horas, minutos sin descanso, sin dormir, con todo lo que eso conlleva, constante preocupación y ocupación de todos para buscar la mejor solución o, por lo menos, una solución.

Ao señor Lage e ao equipo económico de todo o Concello tamén, aínda que botamos de menos máis axilidade, si é de ben recoñecer o esforzo que están a facer para que entre todos poidamos chegar a materializar ese plan de choque, ese plan de reactivación económica e social que tan necesario se presenta.

Al señor Lage y al equipo económico de todo el Ayuntamiento también, aunque echamos de menos más agilidad, sí es de bien reconocer el esfuerzo que están haciendo para que entre todos podamos llegar a materializar ese plan de choque, ese plan de reactivación económica y social que tan necesario se presenta.

E por suposto, recoñecemento a esta oposición, grazas á alcaldesa polas súas palabras porque eu tamén me sinto moi orgullosa do noso comportamento, de poder estar á altura das circunstancias, polo menos neste grupo sentímonos orgullosos de ser cidadáns desta Coruña, desta cidade que demostrou nestes días efectividade dando ou intentando dar respostas a cada problema que se presentaba. Nalgúns casos creo que estivemos lentos pero certo é que ninguén estaba preparado para esta situación.

Y por supuesto, reconocimiento a esta oposición, gracias a la alcaldesa por sus palabras porque yo también me siento muy orgullosa de nuestro comportamiento, de poder estar a la altura de las circunstancias, por lo menos en este grupo nos sentimos orgullosos de ser ciudadanos de esta Coruña, de esta ciudad que demostró en estos días efectividad dando o intentando dar respuestas a cada problema que se presentaba. En algunos casos creo que estuvimos lentos pero cierto es que nadie estaba preparado para esta situación.

E se mo permitides tamén, quero facer un especial agradecemento ao señor Jorquera porque algún roce si que houbo e aí estaba sempre o señor Jorquera para calmar con coherencia e sempre con serenidade.

Y si me lo permitís también, quiero hacer un especial agradecimiento al señor Jorquera porque algún roce sí que hubo y ahí estaba siempre el señor Jorquera para calmar con coherencia y siempre con serenidad.

E por último, agradezo tamén o meu... estendo o meu agradecemento aos traballadores do Concello que desde a casa demostraron a súa capacidade e axilidade a pesar de que é evidente que este Concello necesita máis axilidade na dixitalización –para iso teremos que meter máis recursos– e deixo a valoración do modificativo para a seguinte quenda.

Y por último, agradezco también mi... extiendo mi agradecimiento a los trabajadores del Ayuntamiento que desde casa demostraron su capacidad y agilidad a pesar de que es evidente que este Ayuntamiento necesita más agilidad en la digitalización –para eso tendremos que meter más recursos– y dejo la valoración del modificativo para el siguiente turno.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Señor Jorquera.

Señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Ben, a señora Martínez acaba de chafarme o comezo da miña intervención, polo tanto quero agradecer á señora alcaldesa as súas palabras, quero agradecer á señora Martínez tamén o que acaba de dicir e quero adherirme ao resto da súa intervención inicial. Subscribo todo o que dixo.

Bien, la señora Martínez acaba de chafarme el comienzo de mi intervención, por lo tanto quiero agradecer a la señora alcaldesa sus palabras, quiero agradecer a la señora Martínez también lo que acaba de decir y quiero adherirme al resto de su intervención inicial. Suscribo todo lo que dijo.

E ía comezar dicindo, como é habitual, que quería comezar saudando aos membros da Corporación, a moitos dos cales non vía dende a declaración do estado de alarma e saúdos tamén ao persoal do Concello, aos traballadores da prensa e ao público que hoxe está seguindo o Pleno a través de *streaming*.

E iba a comenzar diciendo, como es habitual, que quería comenzar saludando a los miembros de la Corporación, a muchos de los cuales no veía desde la declaración del estado de alarma y saludos también al personal del Ayuntamiento, a los trabajadores de la prensa y al público que hoy está siguiendo el Pleno a través de la retransmisión en directo.

E inda que xa se dese lectura a unha declaración institucional, quero trasladar

Y aunque ya se diera lectura a una declaración institucional, quiero

tamén desde aquí unha mensaxe de ánimo ao conxunto da sociedade e, por suposto, as nosas condolencias ás familias das vítimas desta pandemia. Ao conxunto da sociedade e a todos e a todas vostedes, saúde hoxe máis que nunca.

trasladar también desde aquí un mensaje de ánimo al conjunto de la sociedad y, por supuesto, nuestras condolencias a las familias de las víctimas de esta pandemia. Al conjunto de la sociedad y a todos y a todas ustedes, salud hoy más que nunca.

Pese ás circunstancias que nos está tocando vivir creo que é bo que o Concello retome o seu ritmo de funcionamento normal. A excepcionalidade da situación non debe de traducirse nunha excepcionalidade democrática. É bo que as institucións funcionen e intenten dar resposta ás necesidades dos cidadáns.

Pese a las circunstancias que nos está tocando vivir creo que es bueno que el Ayuntamiento retome su ritmo de funcionamiento normal. La excepcionalidad de la situación no debe de traducirse en una excepcionalidad democrática. Es bueno que las instituciones funcionen e intenten dar respuesta a las necesidades de los ciudadanos.

Precisamente por iso, entrando xa en materia, gustaríanos que hoxe estivésemos debatendo aquí unha modificación dos orzamentos para dar resposta á situación social e económica provocada pola pandemia e que se usase o superávit e os remanentes con tal fin. Non pode ser, primeiro, por limitacións legais, por iso neste mesmo Pleno imos debater unha moción que insta a que se derroguen estes corsés, e non pode ser porque no seu momento, antes do inicio da crise, optouse polo seu uso para o pago das obrigas derivadas de sentenzas xudiciais e, en particular, as derivadas da sentenza que dá a razón aos demandantes afectados polas expropiacións no entorno do Castro de Elviña.

Precisamente por eso, entrando ya en materia, nos gustaría que hoy estuviéramos debatiendo aquí una modificación de los presupuestos para dar respuesta a la situación social y económica provocada por la pandemia y que se usara el superávit y los remanentes con tal fin. No puede ser, primero, por limitaciones legales, por eso en este mismo Pleno vamos a debatir una moción que insta a que se deroguen estos corsés, y no puede ser porque en su momento, antes del inicio de la crisis, se optó por su uso para el pago de las obligaciones derivadas de sentencias judiciales y, en particular, las derivadas de la sentencia que da la razón a los demandantes afectados por las expropiaciones en el entorno del Castro de Elviña.

De ter sabido que hoxe estaríamos nesta situación teríanos gustado que se arbitrase outra solución, negociar os prazos de pago cos demandantes, por poñer simplemente un exemplo.

De haber sabido que hoy estaríamos en esta situación nos habría gustado que se arbitrara otra solución, negociar los plazos de pago con los demandantes, por poner simplemente un ejemplo.

Sabemos das dificultades legais, sabemos da hipoteca que representan para o Concello estas obrigas por mor dos

Sabemos de las dificultades legales, sabemos de la hipoteca que representan para el Ayuntamiento estas obligaciones

intereses que hai que pagar e sabemos que se están facendo esforzos para mobilizar recursos para activar un plan de choque contra esta crise, recorrendo tamén en parte ao uso dos remanentes.

por culpa de los intereses que hay que pagar y sabemos que se están haciendo esfuerzos para movilizar recursos para activar un plan de choque contra esta crisis, recurriendo también en parte al uso de los remanentes.

Por iso expreso o noso desexo de que en breve poidamos ser convocados a un Pleno extraordinario para aprobar outra modificación de crédito. Esta, para que o Plan de medidas sociais e económicas para facer fronte ás consecuencias da crise do coronavirus sexa unha realidade. Porque de momento, señor concelleiro de Economía e Facenda, a propaganda vai por diante da realidade. A Coruña está chea de cartaces publicitarios do Concello anunciando unha serie de medidas pero moitas desas medidas só son ideas, de momento non teñen concreción nin dotación orzamentaria, mesmo esa campaña publicitaria fala dun plan de contratación de máis de 500 millóns de euros para facer fronte á crise do covid-19 cando ese plan de contratación é simplemente un compendio de todos os contratos que está previsto licitar e adxudicar neste ano e nos anos vindeiros, todos eles previstos antes do inicio desta crise.

Por eso expreso nuestro deseo de que en breve podamos ser convocados a un Pleno extraordinario para aprobar otra modificación de crédito. Esta, para que el Plan de medidas sociales y económicas para hacer frente a las consecuencias de la crisis del coronavirus sea una realidad. Porque de momento, señor concejal de Economía y Hacienda, la propaganda va por delante de la realidad. A Coruña está llena de carteles publicitarios del Ayuntamiento anunciando una serie de medidas pero muchas de esas medidas solo son ideas, de momento no tienen concreción ni dotación presupuestaria, incluso esa campaña publicitaria habla de un plan de contratación de más de 500 millones de euros para hacer frente a la crisis del covid-19 cuando ese plan de contratación es simplemente un compendio de todos los contratos que está previsto licitar y adjudicar en este año y en los años próximos, todos ellos previstos antes del inicio de esta crisis.

Con todo isto, non quero ser agoreiro. Sei dos esforzos que todos estamos facendo, empezando por vostede, señor concelleiro de Economía e Facenda, para que ese plan de medidas sociais e económicas sexa unha realidade, pero permítame esta chamada de atención porque ante unha situación de emerxencia non hai que actuar con precipitación pero si con axilidade e decisión.

Con todo esto, no quiero ser agorero. Sé de los esfuerzos que todos estamos haciendo, empezando por usted, señor concejal de Economía y Hacienda, para que ese plan de medidas sociales y económicas sea una realidad, pero permítame esta llamada de atención porque ante una situación de emergencia no hay que actuar con precipitación pero sí con agilidad y decisión.

Como xa me excedín do tempo de intervención reservo para a segunda quenda a explicitación do noso sentido de voto.

Como ya me excedí del tiempo de intervención reservo para el segundo turno la explicitación de nuestro sentido de voto.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señor Martínez.

Por la Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Señor Martínez Durán

Ben, membros da Corporación, persoal municipal, profesionais dos medios, veciñanza que nos segue hoxe exclusivamente a través do *streaming*, moi bo día a todos e a todas.

Bien, miembros de la Corporación, personal municipal, profesionales de los medios, vecindad que nos sigue hoy exclusivamente a través de la retransmisión en directo, muy buenos días a todos y a todas.

Hoxe retomamos a actividade deste pleno despois de case dous meses de paréntese forzosa e querería eu tamén aproveitar esta primeira intervención para expresar en nome deste grupo municipal e en nome da Marea Atlántica no seu conxunto o noso pesar por todas e cada unha das vidas que se cobrou até agora a pandemia do coronavirus e para enviar tamén todo o noso afecto e toda a nosa calor ás familias das persoas falecidas.

Hoy retomamos la actividad de este pleno después de casi dos meses de paréntesis forzoso y querría yo también aprovechar esta primera intervención para expresar en nombre de este grupo municipal y en nombre de la Marea Atlántica en su conjunto nuestro pesar por todas y cada una de las vidas que se cobró hasta ahora la pandemia del coronavirus y para enviar también todo nuestro afecto y todo nuestro calor a las familias de las personas fallecidas.

Tamén queremos desexarlle unha pronta recuperación a quen está a pelexar agora mesmo nestes días contra o virus e enviarlle dende aquí todo o noso apoio e a nosa forza. E a quen sostivo e sostén esta batalla contra o virus en todas as frontes, o noso sentido e profundo agradecemento: traballadoras de axuda a domicilio, persoal dos servizos sociais, enfermeiras, forzas e corpos de seguridade e emerxencias, persoal sanitario e de coidados, traballadores e traballadoras dos sectores esenciais. Grazas de corazón en nome da Marea Atlántica. Non hai balcóns abondo. Merecedes, dende logo, moito máis ca un aplauso diario.

También queremos desearle una pronta recuperación a quien está peleando ahora mismo en estos días contra el virus y enviarle desde aquí todo nuestro apoyo y nuestra fuerza. Y a quien sostuvo y sostiene esta batalla contra el virus en todos los frentes, nuestro sentido y profundo agradecimiento: trabajadoras de ayuda a domicilio, personal de los servicios sociales, enfermeras, fuerzas y cuerpos de seguridad y emergencias, personal sanitario y de cuidados, trabajadores y trabajadoras de los sectores esenciales. Gracias de corazón en nombre de la Marea Atlántica. No hay bastantes balcones. Merecéis, desde luego, mucho más que un aplauso diario.

E finalmente, unha última mensaxe para os voluntarios e as voluntarias que se mobilizaron a través do Concello e para todas esas persoas anónimas que dende os grupos de apoio mutuo están a salvar miles de vidas coas súas propias mans. Como cidadán estou agradecido e orgulloso. Como representante público, debo recoñecelo, avergoñado. Todo ese traballo da cidadanía autoorganizada nos recorda, ou debería recordarnos, que carecemos aínda de servizos públicos suficientes para coidar da nosa sociedade e iso non deixa de ser unha evidencia do noso fracaso.

Y finalmente, un último mensaje para los voluntarios y las voluntarias que se movilizaron a través del Ayuntamiento y para todas esas personas anónimas que desde los grupos de apoyo mutuo están salvando miles de vidas con sus propias manos. Como ciudadano estoy agradecido y orgulloso. Como representante público, debo reconocerlo, avergonzado. Todo ese trabajo de la ciudadanía autoorganizada nos recuerda, o debería recordarnos, que carecemos aún de servicios públicos suficientes para cuidar de nuestra sociedad y eso no deja de ser una evidencia de nuestro fracaso.

Non me vai dar moito tempo nesta primeira intervención para explicar por que non imos apoiar o modificativo de crédito que impulsa o Goberno municipal. Serei sintético agora e tratarei, se me dá o tempo, de ampliar os argumentos na quenda de réplica.

No me va a dar mucho tiempo en esta primera intervención para explicar por qué no vamos a apoyar el modificativo de crédito que impulsa el Gobierno municipal. Seré sintético ahora y trataré, si me da el tiempo, de ampliar los argumentos en el turno de réplica.

Avanzarei catro razóns. A primeira: cun presente dramático e un futuro cando menos incerto para a maioría social, este modificativo só se ocupa do pasado e ademais do peor pasado. É a enésima factura millonaria do vazquismo que temos que pagar. Este non é o modificativo que necesitamos.

Avanzaré cuatro razones. La primera: con un presente dramático y un futuro cuando menos incierto para la mayoría social, este modificativo solo se ocupa del pasado y además del peor pasado. Es la enésima factura millonaria del vazquismo que tenemos que pagar. Este no es el modificativo que necesitamos.

En segundo lugar, as persoas afectadas polas expropiacións irregulares de Elviña non teñen a culpa do que outros fixeron mal no seu día e teñen que cobrar as súas indemnizacións, pero non de calquera xeito. Non na situación actual. Non vale todo. E a responsabilidade do Goberno era buscar alternativas e cremos que non se buscaron alternativas ou que non se puxo o suficiente interese en buscar alternativas.

En segundo lugar, las personas afectadas por las expropiaciones irregulares de Elviña no tienen la culpa de lo que otros hicieron mal en su día y tienen que cobrar sus indemnizaciones, pero no de cualquier manera. No en la situación actual. No vale todo. Y la responsabilidad del Gobierno era buscar alternativas y creemos que no se buscaron alternativas o que no se puso el suficiente interés en buscar alternativas.

Consumir o superávit nesta factura no canto de dedicalo a políticas de rescate social e reactivación económica foi unha decisión, como avanzaba o voceiro do

Consumir el superávit en esta factura en vez de dedicarlo a políticas de rescate social y reactivación económica fue una decisión, como avanzaba el portavoz del

BNG, discrecional do Goberno. Que parecía boa idea cando a tomaron, alá en 2019? Tal vez, pero agora non o é, en absoluto. Creo que teñen que explicalo así, sen panos quentes e sen –permítanmo– andrómenas xurídicas.

BNG, discrecional del Gobierno. ¿Que parecía buena idea cuando la tomaron, allá en 2019? Tal vez, pero ahora no lo es, en absoluto. Creo que tienen que explicarlo así, sin paños calientes y sin –permítanmelo– tinglados jurídicos.

E por último, señores e señoras do Goberno, transparencia e lealdade. Se pensaban suprimir a partida que reservamos no seu día para recuperar a Solana para o patrimonio público, o mínimo, o mínimo era comunicárnolo.

Y por último, señores y señoras del Gobierno, transparencia y lealtad. Si pensaban suprimir la partida que reservamos en su día para recuperar la Solana para el patrimonio público, lo mínimo, lo mínimo era comunicárnoslo.

Nada máis de momento. Moitas grazas.

Nada más de momento. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez.

Muchas gracias, señor Martínez.

Polo Grupo Popular, señora Gallego.

Por el Grupo Popular, señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Señora Gallego Neira

Bo día a todos os membros da Corporación, aos que están aquí presentes, aos que están… ben, pois vía telemática, aos traballadores municipais, aos medios de comunicación e á cidadanía en xeral que nos está escoitando.

Buenos días a todos los miembros de la Corporación, a los que están aquí presentes, a los que están… bueno, pues vía telemática, a los trabajadores municipales, a los medios de comunicación y a la ciudadanía en general que nos está escuchando.

Non me quero estender moito porque subscribo as palabras de todos os meus compañeiros. Lamentar os falecementos, desexar a pronta recuperación á xente que aínda está enferma e mostrar a condolencia ás familias, pois, dos falecidos e que, nestas circunstancias ademais, non poder acompañalos.

No me quiero extender mucho porque suscribo las palabras de todos mis compañeros. Lamentar los fallecimientos, desear la pronta recuperación a la gente que todavía está enferma y mostrar la condolencia a las familias, pues, de los fallecidos y que, en estas circunstancias además, no poder acompañarlos.

E por suposto, os agradecementos pois a todos os sanitarios, a todo o persoal que traballou durante este tempo. E non quero estenderme máis, porque ademais leuse unha declaración institucional que se fará pública e aí está a nosa posición.

Y por supuesto, los agradecimientos pues a todos los sanitarios, a todo el personal que ha trabajado durante este tiempo. Y no quiero extenderme más, porque además se ha leído una declaración institucional que se hará pública y ahí está nuestra posición.

Quero agradecer especialmente as palabras da alcaldesa e dicirlle que, desde logo, co noso grupo vai contar de aquí en diante, loxicamente.

Quiero agradecer especialmente las palabras de la alcaldesa y decirle que, desde luego, con nuestro grupo va a contar de aquí en adelante, lógicamente.

Estamos nun momento extraordinariamente complicado. Desde o punto de vista sanitario, ben, pois, que esteamos aquí xa é un exemplo de que as cifras, ademais, indican que estamos a superar a pandemia. Pero desde o punto de vista económico todo apunta a que o peor está por chegar. Negocios que tiveron que pechar e moitos que van ter serias dificultades para volver abrir a persiana. Momento de unidade, situacións excepcionais requiren medidas excepcionais e gobernos e corporacións valentes.

Estamos en un momento extraordinariamente complicado. Desde el punto de vista sanitario, bueno, pues, que estemos aquí ya es un ejemplo de que las cifras, además, indican que estamos superando la pandemia. Pero desde el punto de vista económico todo apunta a que lo peor está por llegar. Negocios que han tenido que cerrar y muchos que van a tener serias dificultades para volver a abrir la persiana. Momento de unidad, situaciones excepcionales requieren medidas excepcionales y gobiernos y corporaciones valientes.

Urxe aprobar un plan de rescate social e de reactivación económica. Pedimos vontade de chegar a acordos por parte de todos os grupos para ser o máis áxiles posible e eficientes para poder aprobar un modificativo cun paquete de medidas tan necesario antes de que termine o mes. Hai que salvar os postos de traballo. É a prioridade neste momento, remar todos no mesmo sentido sen fisuras.

Urge aprobar un plan de rescate social y de reactivación económica. Pedimos voluntad de llegar a acuerdos por parte de todos los grupos para ser lo más ágiles posible y eficientes para poder aprobar un modificativo con un paquete de medidas tan necesario antes de que termine el mes. Hay que salvar los puestos de trabajo. Es la prioridad en este momento, remar todos en el mismo sentido sin fisuras.

Digo todo isto porque este plan é o que nos gustaría estar a debater e aprobando. Non vou falar das medidas que propuxemos, o noso grupo, que foron moitas e de feito, decidimos non presentar ningunha iniciativa económica neste pleno neste sentido porque queremos respectar os tempos e os acordos. Simplemente, manifestar que sexa canto antes.

Digo todo esto porque este plan es lo que nos gustaría estar debatiendo y aprobando. No voy a hablar de las medidas que hemos propuesto, nuestro grupo, que han sido muchas y de hecho, hemos decidido no presentar ninguna iniciativa económica en este pleno en este sentido porque queremos respetar los tiempos y los acuerdos. Simplemente, manifestar que sea cuanto antes.

Pero si temos que lamentar que 11.682.000 € se traian hoxe a Pleno para pagar sentenzas en lugar de destinarse a necesidades urxentes, reactivación da economía ou servizos e infraestruturas esenciais. Unha vez máis debatemos

Pero sí tenemos que lamentar que 11.682.000 € se traigan hoy a Pleno para pagar sentencias en lugar de destinarse a necesidades urgentes, reactivación de la economía o servicios e infraestructuras esenciales. Una vez más debatimos

herdanzas socialistas millonarias.

herencias socialistas millonarias.

Señor Lage, antes dicíalle que situacións extraordinarias requiren gobernos e corporacións valentes. Todo o diñeiro que se poida investir en reactivar a economía é pouco. Un goberno valente tería negociado o pago das sentenzas en prazos, aínda que haxa que pagar intereses dous meses máis. Despois de 20 anos, tampouco supón nada para o Concello. Hai prioridades. Ou solicitar un préstamo para facer fronte á sentenza. Nós mostrámoslles o noso apoio.

Señor Lage, antes le decía que situaciones extraordinarias requieren gobiernos y corporaciones valientes. Todo el dinero que se pueda invertir en reactivar la economía es poco. Un gobierno valiente habría negociado el pago de las sentencias en plazos, aunque haya que pagar intereses dos meses más. Después de 20 años, tampoco supone nada para el Ayuntamiento. Hay prioridades. O solicitar un préstamo para hacer frente a la sentencia. Nosotros les hemos mostrado nuestro apoyo.

Nas distintas Comisións de Facenda debatemos acerca da obrigación de aplicar o remanente e o superávit ao pago de sentenzas. Pediuse unha consulta ao Ministerio. Dixo que a ía a facer, logo que non, logo que ben, que non chegou aínda. Ben, ao final resulta que quedaban 4.400.000 € de remanente… ben, pois, facendo axustes, e esperemos que os podamos aplicar.

En las distintas Comisiones de Hacienda debatimos acerca de la obligación de aplicar el remanente y el superávit al pago de sentencias. Se pidió una consulta al Ministerio. Dijo que la iba a hacer, luego que no, luego que bueno, que no llegó todavía. Bueno, al final resulta que quedaban 4.400.000 € de remanente… bueno, pues, haciendo ajustes, y esperemos que los podamos aplicar.

Lémbrolle que grazas á chamada "Lei Montoro" –que por certo, hai dous anos que xa non é ministro, puideron xa derrogala– conseguiuse equilibrar as contas dos concellos e ademais que neste momento conten con 28.000 millóns de remanentes.

Le recuerdo que gracias a la llamada "Ley Montoro" –que por cierto, hace dos años que ya no es ministro, pudieron ya derogarla– se consiguió equilibrar las cuentas de los ayuntamientos y además que en este momento cuenten con 28.000 millones de remanentes.

Diante da peor crise sanitaria, social e económica, que quere facer Montero? Pois confiscar os aforros. En plena crise sanitaria e diante da peor crise social e económica que se aveciña, o goberno PSOE–Podemos, vía real decreto e aproveitando o estado de alarma, pretende apropiarse do diñeiro dos concellos que neste momento é tan necesario.

Ante la peor crisis sanitaria, social y económica ¿qué quiere hacer Montero? Pues confiscar los ahorros. En plena crisis sanitaria y ante la peor crisis social y económica que se avecina, el gobierno PSOE–Podemos, vía real decreto y aprovechando el estado de alarma, pretende apropiarse del dinero de los ayuntamientos que en este momento es tan necesario.

Esperemos que recapaciten, que escoiten e que os 4,4 millóns de remanente que parece que agora sobra, podamos

Esperemos que recapaciten, que escuchen y que los 4,4 millones de remanente que parece que ahora sobra, podamos

destinalos ao Plan de reactivación social e económica.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Gallego.

Quenda para o Goberno. Señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

En primeiro lugar, darlle as grazas á señora Martínez, a concelleira de *Cidadáns* e voceira, polas súas palabras e tamén, por que non dicilo, porque ao igual que o conxunto dos grupos, con moitos menos recursos, pois ten estado todo este tempo aí sen faltar e sen fallar un só día e aportando e facendo que a construción da política da que falaba a señora alcaldesa na súa exposición previo a este punto, pois sexa un pouco máis fácil de defender e de explicar. Ás veces hai consideracións, incluso chanzas sobre que as persoas poidan ser construtivas ou aporten na política e eu quero hoxe aquí romper unha lanza, como dicía a nosa alcaldesa, por que sexamos capaces de convivir pensando no ben común a pesar das diferencias ideolóxicas ou das procedencias ben diferentes.

Grazas, señor Jorquera. Sen dúbida ningunha, todas as chamadas de atención son sempre tidas en conta e eu entendo o papel que ten a oposición porque o papel da oposición non é alabar ao Goberno, tamén é ver aquelas cuestións que son mellorables e vostede, como sempre, creo que ten feito aportacións pois, construtivas e, desde logo, que fan posible ademais que este goberno camiñe tendo en conta diferentes puntos de vista e sendo sensible ás propostas que

destinarlos al Plan de reactivación social y económica.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Gallego.

Turno para el Gobierno. Señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa.

En primer lugar, darle las gracias a la señora Martínez, la concejala de Ciudadanos y portavoz, por sus palabras y también, por qué no decirlo, porque al igual que el conjunto de los grupos, con muchos menos recursos, pues ha estado todo este tiempo ahí sin faltar y sin fallar un solo día y aportando y haciendo que la construcción de la política de la que hablaba la señora alcaldesa en su exposición previa a este punto, pues sea un poco más fácil de defender y de explicar. A veces hay consideraciones, incluso chanzas sobre que las personas puedan ser constructivas o aporten en la política y yo quiero hoy aquí romper una lanza, como decía nuestra alcaldesa, por que seamos capaces de convivir pensando en el bien común a pesar de las diferencias ideológicas o de los orígenes bien diferentes.

Gracias, señor Jorquera. Sin duda alguna, todas las llamadas de atención son siempre tenidas en cuenta y yo entiendo el papel que tiene la oposición porque el papel de la oposición no es alabar al Gobierno, también es ver aquellas cuestiones que son mejorables y usted, como siempre, creo que ha hecho aportaciones pues, constructivas y, desde luego, que hacen posible además que este gobierno camine teniendo en cuenta diferentes puntos de vista y siendo

trasladan os diferentes grupos municipais.

sensible a las propuestas que trasladan los diferentes grupos municipales.

Tamén quero facer un apuntamento ao fío do que dicía o señor Martínez ao comezo. Eu creo que hai altura de miras, creo que non hai cicatería de ningún tipo, penso que o que estamos é diante dun punto da orde do día que nos trae aquí por unha realidade, unha realidade que ninguén pode obviar, que é dar cumprimento a unha sentenza que é firme. Non son andrómenas xurídicas, señor Martínez. Oxalá fose algún tipo de andrómena. O que é, é dar cumprimento á legalidade e este goberno, dende logo, non sei, creo que non se pode poñer en dúbida que cumpra coa legalidade.

También quiero hacer una nota al hilo de lo que decía el señor Martínez al comienzo. Yo creo que hay altura de miras, creo que no hay cicatería de ningún tipo, creo que lo que estamos es ante un punto del orden del día que nos trae aquí por una realidad, una realidad que nadie puede obviar, que es dar cumplimiento a una sentencia que es firme. No son tinglados jurídicos, señor Martínez. Ojalá fuera algún tipo de tinglado. Lo que es, es dar cumplimiento a la legalidad y este gobierno, desde luego, no sé, creo que no se puede poner en entredicho que cumpla con la legalidad.

Desde logo que tamén posibilita, posibilita mobilizar recursos. Eu estou seguro que vostede, que vén de dicir que é importante mobilizar recursos e estar á altura nestas circunstancias, coincidirá comigo que 1,4 millóns de euros da Solana non son agora unha urxencia no exercicio orzamentario 2020. Non quere dicir que non podan selo no 21, no 22, no 23 ou en anos sucesivos. Dende logo no ano 20 e nestas circunstancias non o é, polo tanto, creo que poñer en dúbida o cumprimento dunha sentenza xudicial, eu creo que non é ningún tipo de andrómena. Eu sei que o fai tentando aportar outro punto de vista e desde unha posición construtiva e nós temos unha lealdade absoluta á cidade da Coruña e desde logo somos conscientes de que recuperar espazos públicos é algo ao que deberíamos estar todos obrigados moral e eticamente. Pero tamén somos conscientes de que estamos tratando de sacar adiante un plan de reactivación onde todos os recursos que podamos poñer a disposición pois, desde logo, son poucos. Nese sentido creo que estamos na boa dirección.

Desde luego que también posibilita, posibilita movilizar recursos. Yo estoy seguro de que usted, que viene de decir que es importante movilizar recursos y estar a la altura en estas circunstancias, coincidirá conmigo en que 1,4 millones de euros de la Solana no son ahora una urgencia en el ejercicio presupuestario 2020. No quiere decir que no puedan serlo en el 21, en el 22, en el 23 o en años sucesivos. Desde luego en el año 20 y en estas circunstancias no lo es, por lo tanto, creo que poner en entredicho el cumplimiento de una sentencia judicial, yo creo que no es ningún tipo de tinglado. Yo sé que lo hace intentando aportar otro punto de vista y desde una posición constructiva y nosotros tenemos una lealtad absoluta a la ciudad de A Coruña y desde luego somos conscientes de que recuperar espacios públicos es algo a lo que deberíamos estar todos obligados moral y éticamente. Pero también somos conscientes de que estamos tratando de sacar adelante un plan de reactivación donde todos los recursos que podamos poner a disposición pues, desde luego, son pocos. En ese sentido creo que estamos en la buena dirección.

E teño que agradecer á señora Gallego, como non pode ser doutro xeito, pois a súa disposición, e teño que dicilo así, a súa boa disposición non só con propostas senón tamén valorando o esforzo que se está facendo para buscar recursos e que podamos canto antes sacar adiante ese plan de reactivación.

Y tengo que agradecer a la señora Gallego, como no puede ser de otro modo, pues su disposición, y tengo que decirlo así, su buena disposición no solo con propuestas sino también valorando el esfuerzo que se está haciendo para buscar recursos y que podamos lo antes posible sacar adelante ese plan de reactivación.

Estamos en momentos extraordinarios, en circunstancias extraordinarias. O ano 2020 non vai ser o ano no que se determine ningún tipo de contenda electoral de carácter local. Estamos a falar de confrontación de proxectos políticos. Estamos a falar dunha realidade á que se espera que todos os representantes políticos estean á altura e, desde logo, agradécense moito as posicións construtivas e ser capaces de, entre todos, poder sacalas adiante e isto significa, como non pode ser doutro xeito, un recoñecemento, e un recoñecemento explícito dun goberno en minoría que é consciente de que isto podería ser ter outro tipo de traxecto. E o traxecto pódese facer non só porque nós fagamos un esforzo, que é o noso deber como goberno, senón tamén é posible porque os diferentes grupos da oposición están contribuíndo a iso.

Estamos en momentos extraordinarios, en circunstancias extraordinarias. El año 2020 no va a ser el año en el que se determine ningún tipo de contienda electoral de carácter local. Estamos hablando de confrontación de proyectos políticos. Estamos hablando de una realidad a la que se espera que todos los representantes políticos estén a la altura y, desde luego, se agradecen mucho las posiciones constructivas y ser capaces de, entre todos, poder sacarlas adelante y esto significa, como no puede ser de otro modo, un reconocimiento, y un reconocimiento explícito de un gobierno en minoría que es consciente de que esto podría ser tener otro tipo de trayecto. Y el trayecto se puede hacer no solo porque nosotros hagamos un esfuerzo, que es nuestro deber como gobierno, sino también es posible porque los diferentes grupos de la oposición están contribuyendo a eso.

E pode, ao mellor, non ser habitual este tipo de recoñecementos, pero é que é así. Só estaremos á altura das circunstancias se somos capaces de aparcar os nosos programas de máximos e somos capaces de acadar un acordo de mínimos, un mínimo denominador común ao ser capaces de entender que aí fóra están moitos cidadáns esperando que haxa poucas leas e moitos acordos. Por iso, señora Gallego, agradezo especialmente a posición que ten manifestado o Partido Popular ao respecto porque creo que axuda, tendo en conta que é a alternativa

Y puede, a lo mejor, no ser habitual este tipo de reconocimientos, pero es que es así. Solo estaremos a la altura de las circunstancias si somos capaces de aparcar nuestros programas de máximos y somos capaces de conseguir un acuerdo de mínimos, un mínimo denominador común al ser capaces de entender que ahí fuera están muchos ciudadanos esperando que haya pocos líos y muchos acuerdos. Por eso, señora Gallego, agradezco especialmente la posición que ha manifestado el Partido Popular al respecto porque creo que ayuda, teniendo

natural, é dicir, quen está habitualmente, pois, en fronte do Partido Socialista tendo en conta a realidade política, a cal eu non vou esquecer nin mirar para outro lado sabendo que é así. Pero tamén se demostra se somos capaces de estar á altura dos nosos cargos e das nosas responsabilidades, pois, aparcando os programas de máximos e chegando a posicións onde todos podamos aportar e sentirnos cómodos.

en cuenta que es la alternativa natural, es decir, quien está habitualmente, pues, enfrente del Partido Socialista teniendo en cuenta la realidad política, la cual yo no voy a olvidar ni mirar para otro lado sabiendo que es así. Pero también se demuestra si somos capaces de estar a la altura de nuestros cargos y de nuestras responsabilidades, pues, aparcando los programas de máximos y llegando a posiciones donde todos podamos aportar y sentirnos cómodos.

Eu agradezo aquí todas as aportacións que se están facendo, as de todos os grupos, tamén as dos que son críticos, sen dúbida ningunha.

Yo agradezco aquí todas las aportaciones que se están haciendo, las de todos los grupos, también las de los que son críticos, sin duda alguna.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Muchas gracias, señor Lage.

Último turno de dous minutos. Señora Martínez.

Último turno de dos minutos. Señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Ben, a nosa postura neste asunto é favorable á aprobación do modificativo para pagar as sentenzas de Elviña. Os feitos e os informes son claros ao respecto. Existe unha sentenza de maio do 2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que obriga ao Concello a pagar as diferencias entre as valoracións municipais de determinadas expropiacións do Castro de Elviña e as fixadas polo Ditame feito en 2015. Só de intereses entre as dúas fases, se se deixa a débeda para o próximo exercicio, suporíalle ao Concello desperdiciar máis de 230.000 €, tan necesarios agora mesmo para paliar as consecuencias sociais e económicas do covid-19.

Bien, nuestra postura en este asunto es favorable a la aprobación del modificativo para pagar las sentencias de Elviña. Los hechos y los informes son claros al respecto. Existe una sentencia de mayo del 2018 del Tribunal Superior de Justicia de Galicia que obliga al Ayuntamiento a pagar las diferencias entre las valoraciones municipales de determinadas expropiaciones del Castro de Elviña y las fijadas por el Dictamen hecho en 2015. Solo de intereses entre las dos fases, si se deja la deuda para el próximo ejercicio, le supondría al Ayuntamiento desperdiciar más de 230.000 €, tan necesarios ahora mismo para paliar las consecuencias sociales y económicas del covid-19.

Polo tanto, para Cidadáns debe pagarse á maior brevidade posible. O contrario sería dunha irresponsabilidade enorme, e

Por lo tanto, para Ciudadanos debe pagarse a la mayor brevedad posible. Lo contrario sería de una irresponsabilidad

xa non porque a Lei de estabilidade orzamentaria obriga a atender as débedas pendentes de aplicar ao Orzamento a 31 de decembro na conta 413, tampouco só polo deber de cumprir e executar as sentenzas–que son motivos legais máis que suficientes–, senón porque pagar máis de 230.000 € anuais só en intereses é un sensentido, unha irresponsabilidade sabendo o que xa temos enriba a consecuencia desta pandemia.

enorme, y ya no porque la Ley de Estabilidad Presupuestaria obliga a atender las deudas pendientes de aplicar al Presupuesto a 31 de diciembre en la cuenta 413, tampoco solo por el deber de cumplir y ejecutar las sentencias –que son motivos legales más que suficientes–, sino porque pagar más de 230.000 € anuales solo en intereses es un sinsentido, una irresponsabilidad sabiendo lo que ya tenemos encima a consecuencia de esta pandemia.

Ante a insuficiencia orzamentaria para o pagamento das sentenzas firmes proponse o pagamento entre o remanente líquido de tesourería dispoñible, que inclúe o importe do superávit, e a partida destinada no Orzamento para a compra da Solana. Incluír esa partida destinada á compra da Solana non é renunciar a iso, é un aprazamento temporal perfectamente asumible e entendible nestas circunstancias. Son 1,4 millóns de euros que, sen dúbida, poden esperar ao próximo exercicio.

Ante la insuficiencia presupuestaria para el pago de las sentencias firmes se propone el pago entre el remanente líquido de tesorería disponible, que incluye el importe del superávit, y la partida destinada en el Presupuesto para la compra de la Solana. Incluir esa partida destinada a la compra de la Solana no es renunciar a eso, es un aplazamiento temporal perfectamente asumible y entendible en estas circunstancias. Son 1,4 millones de euros que, sin duda, pueden esperar al próximo ejercicio.

Un concello sen débedas pendentes por sentenzas xudiciais que se vexa obrigado a renunciar a cantidades de diñeiro insultantes en intereses de demora non é unha administración forte e responsable para o impacto económico e social que se nos presenta e que será longo. Non podemos tirar máis de 230.000 euros. E pedir un crédito para facer fronte ás sentenzas, permítanme a comparativa, é como quen lle rompe a perna a un e despois lle quere pagar unhas muletas.

Un ayuntamiento sin deudas pendientes por sentencias judiciales que se vea obligado a renunciar a cantidades de dinero insultantes en intereses de demora no es una administración fuerte y responsable para el impacto económico y social que se nos presenta y que será largo. No podemos tirar más de 230.000 euros. Y pedir un crédito para hacer frente a las sentencias, permítanme la comparativa, es como quien le rompe la pierna a uno y después le quiere pagar unas muletas.

Seguramente nos encontremos con máis herdanzas, porque as vai haber. Intentemos remendalas do mellor xeito posible e máis beneficioso para os cidadáns.

Seguramente nos encontremos con más herencias, porque las va a haber. Intentemos remendarlas de la mejor manera posible y más beneficiosa para los ciudadanos.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas.

Aproveito esta segunda intervención para anunciar que o BNG non vai dificultar co seu voto a aprobación desta modificación orzamentaria. Condicionado, como expresei na primeira intervención, a que se concrete coa máxima urxencia posíbel un plan de medidas sociais e económicas para facer fronte á crise do covid-19.

Non discutimos que é mellor destinar o superávit a cumprir coas obrigas derivadas de sentenzas xudiciais que a amortizar débeda, porque esa era a escolla inicial cando se iniciou o proceso antes da crise do covid-19 que desemboca agora nesta modificación orzamentaria.

Non discutimos que é mellor destinar o superávit a cumprir coas obrigas derivadas de sentenzas xudiciais que a amortizar débeda, non só porque se trate de cumprir cunha sentenza, tamén é mellor para o Concello por razóns financeiras dado que os xuros por débedas xudiciais son do 3% fronte ao 0,7 % dos préstamos bancarios.

E tampouco nos opoñemos a que se usen con tal fin créditos non utilizados e que dificilmente se ían executar neste exercicio, e quero referirme singularmente ao uso do 1.400.000 € consignado para a merca de *La Solana*. Coincidimos en que non é prioritario máxime neste contexto, pero ademais o BNG nunca estivo de acordo con que se

Presidencia

Muchas gracias, señora Martínez.

Señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Gracias.

Aprovecho esta segunda intervención para anunciar que el BNG no va a dificultar con su voto la aprobación de esta modificación presupuestaria. Condicionado, como expresé en la primera intervención, a que se concrete con la máxima urgencia posible un plan de medidas sociales y económicas para hacer frente a la crisis del covid-19.

No discutimos que es mejor destinar el superávit a cumplir con las obligaciones derivadas de sentencias judiciales que a amortizar deuda, porque esa era la elección inicial cuando se inició el proceso antes de la crisis del covid-19 que desemboca ahora en esta modificación presupuestaria.

No discutimos que es mejor destinar el superávit a cumplir con los deberes derivados de sentencias judiciales que a amortizar deuda, no solo porque se trate de cumplir con una sentencia, también es mejor para el Ayuntamiento por razones financieras dado que los intereses por deudas judiciales son del 3% frente al 0,7 % de los préstamos bancarios.

Y tampoco nos oponemos a que se usen con tal fin créditos no utilizados y que difícilmente se iban a ejecutar en este ejercicio, y quiero referirme singularmente al uso del 1.400.000 € consignado para la compra de La Solana. Coincidimos en que no es prioritario máxime en este contexto, pero además el BNG nunca estuvo de acuerdo con que se

contemplase esa operación.

Neste pleno defendemos en reiteradas ocasións a cesión ou devolución gratuíta ao Concello do cárcere, dos terreos da Maestranza e tantos outros edificios e instalacións porque se trata simplemente de que se nos devolva o que é noso, e defendemos o mesmo con respecto a La Solana. Consideramos que debe de ter a mesma consideración, polo tanto debe ser devolta de xeito gratuíto ao Concello ao remate da súa concesión no ano 2027, o ano 2027, non estamos falando do século XXII, no ano 2027 remata a concesión e ten que ser devolta gratuitamente ao Concello.

Ben, polas razóns expresadas, o BNG non se vai opoñer a que se poida substanciar esta modificación orzamentaria, polo tanto, imos votar a favor.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Agradézolle, señora Rey, o recoñecemento que fixo ao comezo e estou de acordo. Creo que, tanto o conxunto da Corporación como singularmente o Grupo Municipal da Marea Atlántica, malia as diferenzas, estamos a ser leais e cooperativos e por iso neste punto hoxe, malia as diferenzas expresadas ao comezo e que ampliarei agora, non queremos obstaculizar o curso do modificativo e absterémonos na votación.

"Lealdade non é submisión", díxolle esta

contemplara esa operación.

En este pleno defendimos en reiteradas ocasiones la cesión o devolución gratuita al Ayuntamiento de la cárcel, de los terrenos de la Maestranza y tantos otros edificios e instalaciones porque se trata simplemente de que se nos devuelva lo que es nuestro, y defendemos lo mismo con respecto a La Solana. Consideramos que debe de tener la misma consideración, por lo tanto debe ser devuelta de manera gratuita al Ayuntamiento al final de su concesión en el año 2027, el año 2027, no estamos hablando del siglo XXII, en el año 2027 finaliza la concesión y tiene que ser devuelta gratuitamente al Ayuntamiento.

Bien, por las razones expresadas, el BNG no se va a oponer a que se pueda sustanciar esta modificación presupuestaria, por lo tanto, vamos a votar a favor.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Por la Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Le agradezco, señora Rey, el reconocimiento que hizo al inicio y estoy de acuerdo. Creo que, tanto el conjunto de la Corporación como singularmente el Grupo Municipal de la Marea Atlántica, a pesar de las diferencias, estamos siendo leales y cooperativos y por eso en este punto hoy, a pesar de las diferencias expresadas al inicio y que ampliaré ahora, no queremos obstaculizar el curso del modificativo y nos abstendremos en la votación.

"Lealtad no es sumisión", le dijo esta

semana o presidente da Comunidade Valenciana ao seu presidente do Goberno, Pedro Sánchez, e estou de acordo. Lealdade non é submisión, e lealmente, señor Lage, teño que dicirlle que é unha indignidade impropia de vostede que diga o que dixo sobre o superávit no pasado mandato cando calquera que teña un mínimo de memoria sabe que nos obrigaron cos seus votos a entregarlles aos bancos o que podiamos ter dedicado a investimentos. Esperaba máis de vostede, francamente.

semana el presidente de la Comunidad Valenciana a su presidente del Gobierno, Pedro Sánchez, y estoy de acuerdo. Lealtad no es sumisión, y lealmente, señor Lage, tengo que decirle que es una indignidad impropia de usted que diga lo que dijo sobre el superávit en el pasado mandato cuando cualquiera que tenga un mínimo de memoria sabe que nos obligaron con sus votos a entregarles a los bancos lo que podíamos haber dedicado a inversiones. Esperaba más de usted, francamente.

Lealmente, señor Lage, teño que dicirlle que os seus datos de execución non son bos. Estamos en maio, só executaron o 19,2 % do Orzamento e só o 3,2 % do investimento.

Lealmente, señor Lage, tengo que decirle que sus datos de ejecución no son buenos. Estamos en mayo, solo ejecutaron el 19,2 % del Presupuesto y solo el 3,2 % de la inversión.

Lealmente, señor Lage, teño que dicirlle que a liquidación do exercicio pasado do seu primeiro exercicio, que hoxe vén ao Pleno sen debate, tampouco ofrece grandes resultados. Pecharon 2019 cunha execución total do 78,5, cinco puntos menos que en 2015, cunha execución de investimentos que non chega nin á metade da de aquel ano.

Lealmente, señor Lage, tengo que decirle que la liquidación del ejercicio pasado de su primer ejercicio, que hoy viene al Pleno sin debate, tampoco ofrece grandes resultados. Cerraron 2019 con una ejecución total del 78,5, cinco puntos menos que en 2015, con una ejecución de inversiones que no llega ni a la mitad de la de aquel año.

Lealmente, señor Lage, teño que recordarlle que o modificativo que deberiamos estar debatendo e aprobando neste pleno é o do Plan de rescate social e de reactivación económica para sacar a esta cidade e á súa xente da situación na que estamos.

Lealmente, señor Lage, tengo que recordarle que el modificativo que deberíamos estar debatiendo y aprobando en este pleno es el del Plan de rescate social y de reactivación económica para sacar a esta ciudad y a su gente de la situación en la que estamos.

E lealmente, señora Rey, teño que dicirlle que con dúas concellerías non se sostén un goberno durante 4 anos e moito menos agora cos desafíos que temos por diante a consecuencia da crise social e económica agravada pola pandemia.

Y lealmente, señora Rey, tengo que decirle que con dos concejalías no se sostiene un gobierno durante 4 años y mucho menos ahora con los desafíos que tenemos por delante a consecuencia de la crisis social y económica agravada por la pandemia.

Nada máis. Moitas grazas.

Nada más. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez.

Polo Partido Popular, señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Moitas grazas.

Ben, aínda que non estamos conformes nin coa forma nin co fondo deste expediente, entendemos que podía haber outras opcións máis valentes –como xa dixen antes– sen cuestionar, por suposto, que tecnicamente está ben tramitado e que é correcto, que os funcionarios fixeron ben o seu traballo, anunciamos o noso voto favorable por unha única razón: as débedas hai que pagalas e non hai máis.

Dóenos ter que afrontar unha vez máis unha sentenza de máis de 12 millóns –parte pagouse, pero ben, hai que lembrar que era de máis de 12 millóns– que me temo que, ademais, non vai ser a última. Algunha herdanza socialista máis chegará e as que empezarán a chegar tamén serán as do goberno da Marea.

Oxalá que con este pago puidésemos deixar o contador a cero pero témome que non vai ser así.

E dóenos máis neste momento de emerxencia no que tanta xente está a pasalo mal, cos negocios pechados e coa incerteza de se van poder abrir. Moita xente que non ten nin as necesidades básicas cubertas. Para nós esa é a prioridade, para toda a Corporación, pero ben, imos pasar páxina e a partir de hoxe hai que ser áxiles e eficientes para axudarlles e, antes de final de mes, poder aprobar un modificativo co diñeiro suficiente.

Presidencia

Muchas gracias, señor Martínez.

Por el Partido Popular, señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Muchas gracias.

Bueno, aunque no estamos conformes ni con la forma ni con el fondo de este expediente, entendemos que podía haber otras opciones más valientes –como ya he dicho antes– sin cuestionar, por supuesto, que técnicamente está bien tramitado y que es correcto, que los funcionarios han hecho bien su trabajo, anunciamos nuestro voto favorable por una única razón: las deudas hay que pagarlas y no hay más.

Nos duele tener que afrontar una vez más una sentencia de más de 12 millones –parte se ha pagado, pero bueno, hay que recordar que era de más de 12 millones– que me temo que, además, no va a ser la última. Alguna herencia socialista más llegará y las que empezarán a llegar también serán las del gobierno de la Marea.

Ojalá que con este pago pudiésemos dejar el contador a cero pero me temo que no va a ser así.

Y nos duele más en este momento de emergencia en el que tanta gente lo está pasando mal, con los negocios cerrados y con la incertidumbre de si van a poder abrir. Mucha gente que no tiene ni las necesidades básicas cubiertas. Para nosotros esa es la prioridad, para toda la Corporación, pero bueno, vamos a pasar página y a partir de hoy hay que ser ágiles y eficientes para ayudarles y, antes de final de mes, poder aprobar un modificativo con el dinero suficiente.

Non me gustaría terminar sen destacar algún dos resultados que arroxa a liquidación do Orzamento, da que se vai a dar conta a continuación. Reparos, é dicir, facturas irregulares sen contrato ou sen orzamento ou ambas as dúas cousas á vez. 2014, último ano completo do Partido Popular: 1,5 millóns de euros. En 2015 xa chegou a Marea, medio ano: 5 millóns. 2016, a Marea: 14,5. 2017, a Marea: 20,8. 2018: 25 millóns, tamén a Marea. 2019, en xuño chegou o PSOE: 40,1 millóns, 40,1, récord histórico. É verdade que veñen de contratos, a maioría, do goberno anterior.

No me gustaría terminar sin destacar alguno de los resultados que arroja la liquidación del Presupuesto, de la que se va a dar cuenta a continuación. Reparos, es decir, facturas irregulares sin contrato o sin presupuesto o ambas cosas a la vez. 2014, último año completo del Partido Popular: 1,5 millones de euros. En 2015 ya llegó la Marea, medio año: 5 millones. 2016, la Marea: 14,5. 2017, la Marea: 20,8. 2018: 25 millones, también la Marea. 2019, en junio llegó el PSOE: 40,1 millones, 40,1, récord histórico. Es verdad que vienen de contratos, la mayoría, del gobierno anterior.

Grao de execución de investimentos, 2014, último ano completo do Partido Popular: 65,4 %, 30 millóns de euros. 2015: 60,42 %, xa chegara a Marea, 28 millóns, xa empezou a baixar. 2016: 29,8 %, 13,4 millóns, señor Martínez. 2017: 29,6 %, 10,8 millóns. 2018: 20,53 %, seguía baixando, 25 millóns. 2019, que é a liquidación da que se vai a dar conta, 21,99 %, 9,7 millóns xa co goberno socialista desde xuño.

Grado de ejecución de inversiones, 2014, último año completo del Partido Popular: 65,4 %, 30 millones de euros. 2015: 60,42 %, ya había llegado la Marea, 28 millones, ya empezó a bajar. 2016: 29,8 %, 13,4 millones, señor Martínez. 2017: 29,6 %, 10,8 millones. 2018: 20,53 %, seguía bajando, 25 millones. 2019, que es la liquidación de la que se va a dar cuenta, 21,99 %, 9,7 millones ya con el gobierno socialista desde junio.

Creo que pouco máis hai que dicir dos diferentes modelos de xestión. Póñanse as pilas porque xa levan case un ano. Eu entendo que tamén lles deixou unha boa herdanza o goberno anterior pero non vaiamos polo mesmo camiño que coa Marea.

Creo que poco más hay que decir de los diferentes modelos de gestión. Pónganse las pilas porque ya llevan casi un año. Yo entiendo que también les ha dejado una buena herencia el gobierno anterior pero no vayamos por el mismo camino que con la Marea.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Gallego.

Señor Lage, dous minutos.

Presidencia

Muchas gracias, señora Gallego.

Señor Lage, dos minutos.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa.

Moi brevemente, en primeiro lugar, para agradecer todas as aportacións, para agradecer os apoios a este modificativo, aínda que sexan apoios con consideracións críticas que se poden entender desde as diferentes ópticas.

Muy brevemente, en primer lugar, para agradecer todas las aportaciones, para agradecer los apoyos a este modificativo, aunque sean apoyos con consideraciones críticas que se pueden entender desde las diferentes ópticas.

Tamén quero agradecerlle ao señor Martínez, aínda que tiña máis ou menos transmitido que non estaban de acordo co modificativo, agradézolle a súa abstención. Desde logo, non debe de sentirse ofendido polo que pasara no mandato anterior. Creo que o Grupo Socialista, ademais, facilitou que se aprobasen os orzamentos en diferentes momentos. É certo que terían mellor ou peor entendemento nalgúns casos, pero creo que non vale de nada que andemos a remexer permanentemente, non?, é dicir, creo que non contribúe, non? Eu quero quedarme, desde logo, coa aportación leal e positiva e é así, señor Martínez, quero dicir, tal como dixo a nosa alcaldesa, todo este período é un período onde as circunstancias extraordinarias, ademais, todo o mundo estivo á altura e vostedes tamén contribuíron e colaboraron lealmente, sen dúbida ningunha.

También quiero agradecerle al señor Martínez, aunque había más o menos transmitido que no estaban de acuerdo con el modificativo, le agradezco su abstención. Desde luego, no debe de sentirse ofendido por lo que pasó en el mandato anterior. Creo que el Grupo Socialista, además, facilitó que se aprobasen los presupuestos en diferentes momentos. Es cierto que tendrían mejor o peor entendimiento en algunos casos, pero creo que no vale de nada que andemos a remover permanentemente, ¿no?, es decir, creo que no contribuye, ¿no? Yo quiero quedarme, desde luego, con la aportación leal y positiva y es así, señor Martínez, quiero decir, tal como dijo nuestra alcaldesa, todo este período es un período donde las circunstancias extraordinarias, además, todo el mundo estuvo a la altura y ustedes también contribuyeron y colaboraron lealmente, sin duda alguna.

O que si quero é facerlle unha acotación e algo que eu creo que é importante, non?, é dicir, facer unha aclaración. Vostede fala das sentenzas e sempre está... é dicir... teñen así... hai unhas... é dicir, como... non sei como dicirllo... obsesión ao mellor non é a palabra, non?, señor Martínez, pero esa teima permanente de falar do vazquismo para todo, é dicir, das sentenzas, é dicir... pero as sentenzas, eu pódolle poñer un exemplo, mire, dun goberno da Marea que fai unha expropiación por valor de 186.000 € para que se poida construír un centro de día e vai o tribunal e determina que está mal, que é 1,3 millóns. Concello de Sada, para que non o busque. Que cre, que foi o vazquismo tamén o que operou

Lo que sí quiero es hacerle una acotación y algo que yo creo que es importante, ¿no?, es decir, hacer una aclaración. Usted habla de las sentencias y siempre está... es decir... tienen así... hay unas... es decir, como... no sé cómo decírselo... obsesión a lo mejor no es la palabra, ¿no?, señor Martínez, pero esa manía permanente de hablar del vazquismo para todo, es decir, de las sentencias, es decir... pero las sentencias, yo le puedo poner un ejemplo, mire, de un gobierno de la Marea que hace una expropiación por valor de 186.000 € para que se pueda construir un centro de día y va el tribunal y determina que está mal, que es 1,3 millones. Ayuntamiento de Sada, para que no lo busque ¿Qué cree, que fue el

que a sentenza do tribunal expropiatorio levase consigo unha multiplicación case por 10 do custo das expropiacións? Bueno, a ver, creo que hai un intento de protección en termos de xacemento arqueolóxico e hai unha sentenza e unhas decisións que se toman tanto un tribunal de expropiacións como despois se recorren porque non se está de acordo. Podemos atribuír todo o que queiramos pero se nos cae, se nos cae, señor Martínez.

vazquismo también el que operó que la sentencia del tribunal expropiatorio llevase consigo una multiplicación casi por 10 del coste de las expropiaciones? Bueno, a ver, creo que hay un intento de protección en términos de yacimiento arqueológico y hay una sentencia y unas decisiones que se toman tanto un tribunal de expropiaciones como después se recurren porque no se está de acuerdo. Podemos atribuir todo lo que queramos pero se nos cae, se nos cae, señor Martínez.

Eu entendo, e vostede seguro que o entende tamén, que 1,4 millóns de euros previstos para a Solana non son urxentes nin perentorios nin necesarios entre xuño e decembro deste ano. Polo tanto, non hai ningún tipo de afrenta. O que hai é realismo, e nese realismo é no que estamos instalados: cumprir as sentenzas, sentenzas firmes, e mobilizar recursos que non se van utilizar. Non se vai a facer a Tall Ship no 2020, verdade? Entón podemos detraer ese recurso e utilizalo noutra cousa. Non se van a mercar os terreos da Solana no 2020. Pois non será sagrada esa partida porque á Marea se lle ocorrese nun momento determinado no 2017 poñela no Orzamento. Por certo, puxérona no Orzamento e seguiu no Orzamento, co cal, vir aquí a dar leccións de execución orzamentaria, eu creo que tamén ás veces hai que pensar un pouco no que se di.

Yo entiendo, y usted seguro que lo entiende también, que 1,4 millones de euros previstos para la Solana no son urgentes ni acuciantes ni necesarios entre junio y diciembre de este año. Por lo tanto, no hay ningún tipo de afrenta. Lo que hay es realismo, y en ese realismo es en el que estamos instalados: cumplir las sentencias, sentencias firmes, y movilizar recursos que no se van a utilizar. No se va a hacer la Tall Ship en el 2020, ¿verdad? Entonces podemos detraer ese recurso y utilizarlo en otra cosa. No se van a comprar los terrenos de la Solana en el 2020. Pues no será sagrada esa partida porque a la Marea se le ocurriera en un momento determinado en el 2017 ponerla en el Presupuesto. Por cierto, la pusieron en el Presupuesto y siguió en el Presupuesto, con lo cual, venir aquí a dar lecciones de ejecución presupuestaria, yo creo que también a veces hay que pensar un poco en lo que se dice.

En calquera caso, señor Martínez, eu agradezo moito que se absteñan e que este modificativo poida saír sen votos en contra.

En cualquier caso, señor Martínez, yo agradezco mucho que se abstengan y que este modificativo pueda salir sin votos en contra.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Muchas gracias, señor Lage.

Imos proceder á votación.

Vamos a proceder a la votación.

Dado que hai tres concelleiros no seu domicilio, escóitanme ou imos con retardo?

Dado que hay tres concejales en su domicilio, ¿me escuchan o vamos con retardo?

Un segundo.

Un segundo.

Ai, pero está falando Lage aínda. Polo pinganillo si, eh? Está falando Lage. Terrible...

Ay, pero está hablando Lage todavía. Por el pinganillo sí, ¿eh? Está hablando Lage. Terrible…

A ver, bo día, escóitanme os que están na casa? Si? Roberto tamén?

A ver, buenos días, ¿me escuchan los que están en casa? ¿Sí? ¿Roberto también?

Ben, imos proceder á votación deste punto. Vamos a votar primeiro presencialmente os membros da Corporación que se atopan no Salón de Plenos. Rematada a votación presencial preguntareilles a vostedes individualmente polo sentido do seu voto.

Bien, vamos a proceder a la votación de este punto. Vamos a votar primero presencialmente los miembros de la Corporación que se encuentran en el Salón de Plenos. Finalizada la votación presencial les preguntaré a ustedes individualmente por el sentido de su voto.

Votación do asunto número dous

Votación del asunto número dos

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous referenciado na orde do día, votando en primeiro lugar as señoras concelleiras e os señores concelleiros presentes no Salón de Plenos e de seguido os tres membros que asisten telematicamente a este pleno tras ser preguntados pola Presidencia, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos referenciado en el orden del día, votando en primer lugar las señoras concejalas y los señores concejales presentes en el Salón de Plenos y a continuación los tres miembros que asisten telemáticamente a este pleno tras ser preguntados por la Presidencia, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2

votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Cidadáns–Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Ben, pois pecho o micro do ordenador.

Escoitar dúas veces ao señor Lage é tremendo pero escoitarse a unha mesma aínda é peor, eh?

Ben, queda aprobado este punto. Moitas grazas.

Acordo

Primeiro. Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2020 (M1/2020), por importe de once millóns seiscentos oitenta e dous mil seiscentos vinte e nove euros con corenta e catro céntimos (11.682.629,44€), na aplicación 30.151.60005 "adquisición de terreos". Todo iso reflectido na listaxe denominada "Expediente M1/2020" que se incorpora ao expediente.

Segundo**.** Aprobar a distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais por importe de tres millóns seiscentos sesenta e nove mil cincocentos sete euros con cinco céntimos (3.669.507,05€) correspondentes ao superávit, seis millóns seiscentos trece mil cento vinte e dous euros con trinta e nove céntimos (6.613.122,39€) correspondentes ao RLTGX de libre disposición, é dicir co exceso do remanente sobre o superávit e un millón catrocentos mil euros (1.400.000,00€) con RLTGFA. Todo iso reflectido no listado "Expediente M1/2020. Financiamento".

votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Bien, pues cierro el micro del ordenador.

Escuchar dos veces al señor Lage es tremendo pero escucharse a una misma aún es peor, ¿eh?

Bien, queda aprobado este punto. Muchas gracias.

Acuerdo

Primero. Aprobar el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2020 (M1/2020), por importe de once millones seiscientos ochenta y dos mil seiscientos veintinueve euros con cuarenta y cuatro céntimos (11.682.629,44€), en la aplicación 30.151.60005 "adquisición de terrenos". Todo ello reflejado en el listado denominado "Expediente M1/2020" que se incorpora al expediente.

Segundo. Aprobar la distribución de la financiación procedente del remanente líquido de Tesorería para Gastos Generales por importe de tres millones seiscientos sesenta y nueve mil quinientos siete euros con cinco céntimos (3.669.507,05€) correspondientes al superávit, seis millones seiscientos trece mil ciento veintidós euros con treinta y nueve céntimos (6.613.122,39€) correspondientes al RLTGG de libre disposición, es decir con el exceso del remanente sobre el superávit y un millón cuatrocientos mil euros (1.400.000,00€) con RLTGFA. Todo ello reflejado en el listado "Expediente M1/2020. Financiación".

Terceiro**.** Facultar á Excma. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

Tercero. Facultar a la Excma. Sra. Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Ás once horas e vinte e seis minutos saen do Salón de Sesións as señoras García Gómez e Delso Carreira e os señores Fernández Prado, Celemín Santos y Lema Suárez.

A las once horas y veintiséis minutos salen del Salón de Sesiones las señoras García Gómez y Delso Carreira y los señores Fernández Prado, Celemín Santos y Lema Suárez.

Presidencia

Presidencia

Asunto número tres.

Asunto número tres.

Tesourería

Tesorería

63.- Toma de coñecemento da aprobación das liquidacións do Orzamento do Concello, do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), do Consorcio de Turismo e Congresos, do Consorcio para a Promoción da Música, correspondente ao exercicio 2019.

63.- Toma de conocimiento de la aprobación de las liquidaciones del Presupuesto del Ayuntamiento, del Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), del Consorcio de Turismo y Congresos, del Consorcio para la Promoción de la Música, correspondiente al ejercicio 2019.

Toma de coñecemento dos informes de 23 de marzo de 2020, de 25 de marzo de 2020 e, complementario a este último o do 30 de abril de 2020, sobre a estabilidade orzamentaria á liquidación do grupo institucional do Concello da Coruña do exercicio 2019.

Toma de conocimiento de los informes de 23 de marzo de 2020, de 25 de marzo de 2020 y, complementario a este último el de 30 de abril de 2020, sobre la estabilidad presupuestaria a la liquidación del grupo institucional del Ayuntamiento de A Coruña del ejercicio 2019.

Toma de coñecemento do Informe das resolucións adoptadas pola Presidencia da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados no exercicio 2019.

Toma de conocimiento del Informe de las resoluciones adoptadas por la Presidencia de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados en el ejercicio 2019.

Asunto: Toma de coñecemento da aprobación das liquidacións do Orzamento do Concello, do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), do Consorcio de Turismo e Congresos, do Consorcio para a Promoción da Música, correspondente ao exercicio 2019.

Asunto: *Toma de conocimiento de la aprobación de las liquidaciones del Presupuesto del Ayuntamiento, del Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), del Consorcio de Turismo y Congresos, del Consorcio para la Promoción de la Música, correspondiente al ejercicio 2019.*

Toma de coñecemento dos informes de 23 de marzo de 2020, de 25 de marzo de 2020 e, complementario a este último o do 30 de abril de 2020, sobre a estabilidade orzamentaria á liquidación do grupo institucional do Concello da Coruña do exercicio 2019.

Toma de conocimiento de los informes de 23 de marzo de 2020, de 25 de marzo de 2020 y, complementario a este último el de 30 de abril de 2020, sobre la estabilidad presupuestaria a la liquidación del grupo institucional del Ayuntamiento de A Coruña del ejercicio 2019.

Toma de coñecemento do Informe das resolucións adoptadas pola Presidencia da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados no exercicio 2019.

Toma de conocimiento del Informe de las resoluciones adoptadas por la Presidencia de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados en el ejercicio 2019.

Señor secretario

Señor secretario

Asunto número catro.

Asunto número cuatro.

URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

URBANISMO, VIVIENDA, INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD

Urbanismo

Urbanismo

64.- Cambio de uso na parcela sita no Lugar Castaño de Eirís, 1(D), titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, para a construción dunha residencia de maiores.

64.- Cambio de uso en la parcela sita en el Lugar Castaño de Eirís, 1(D), titularidad de la Comunidad Autónoma de Galicia, para la construcción de una residencia de mayores.

Asunto: Cambio de uso na parcela sita no Lugar Castaño de Eirís, 1(D), titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, para a construción dunha residencia de maiores.

Asunto: *Cambio de uso en la parcela sita en el Lugar Castaño de Eirís, 1(D), titularidad de la Comunidad Autónoma de Galicia, para la construcción de una residencia de mayores.*

Presidencia

Presidencia

Moi ben, moitas grazas.

Muy bien, muchas gracias.

Señor Díaz Villoslada, ten a palabra polo Goberno e despois outro turno de 3 minutos o primeiro e 2 o segundo. Adiante.

Señor Díaz Villoslada, tiene la palabra por el Gobierno y después otro turno de 3 minutos el primero y 2 minutos el segundo. Adelante.

Señor secretario

Señor secretario

Perdón, mencionar que require maioría absoluta legal.

Señor Díaz Villoslada

Si. Bo día, señora presidenta e bo día a toda a Corporación e aos medios que nos acompañan e ao público que asiste e, bueno, eu creo que mostrar a satisfacción de poder volvernos sentar neste pleno para poder retomar o pulso da cidade porque a cidade e a cidadanía o que esperan é que este pleno e tantos plenos e tantas cámaras lexislativas sexan nestas circunstancias capaces e quen de construír unha saída esperanzadora, non?, para toda a sociedade en termos sociais e en termos económicos.

E o asunto que hoxe presentamos para aprobación pon o foco, precisamente, na importancia e na relevancia dos dispositivos de recursos de equipamentos públicos, neste caso sanitarios ou neste caso asistenciais, e nese sentido, como figura na proposta que se presenta para este debate, o 30 de abril a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia presentara ante o Concello a solicitude para o cambio de uso de equipamento privado docente a equipamento público asistencial da parcela á que se fai referencia no Lugar de Castaño de Eirís para a construción dunha residencia pública de maiores. E a Consellería de Política Social achega o informe correspondente do 14 de abril da Dirección Xeral da Ordenación do Territorio e Urbanismo, xustificativo desta posibilidade.

Como sabemos, esta parcela atópase parcialmente ocupada cunha edificación que deberá ser demolida e informamos neste sentido que a licencia de demolición xa está concedida á Consellería de Política Social e que conta

Perdón, mencionar que requiere mayoría absoluta legal.

Señor Díaz Villoslada

Sí. Buenos días, señora presidenta y buenos días a toda la Corporación y a los medios que nos acompañan y al público que asiste y, bueno, yo creo que mostrar la satisfacción de poder volver a sentarnos en este pleno para poder retomar el pulso de la ciudad porque la ciudad y la ciudadanía lo que esperan es que este pleno y tantos plenos y tantas cámaras legislativas sean en estas circunstancias capaces de construir una salida esperanzadora, ¿no?, para toda la sociedad en términos sociales y en términos económicos.

Y el asunto que hoy presentamos para aprobación pone el foco, precisamente, en la importancia y en la relevancia de los dispositivos de recursos de equipamientos públicos, en este caso sanitarios o en este caso asistenciales, y en ese sentido, como figura en la propuesta que se presenta para este debate, el 30 de abril la Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia había presentado ante el Ayuntamiento la solicitud para el cambio de uso de equipamiento privado docente a equipamiento público asistencial de la parcela a la que se hace referencia en el Lugar de Castaño de Eirís para la construcción de una residencia pública de mayores. Y la Consellería de Política Social aporta el informe correspondiente de 14 de abril de la Dirección General de Ordenación del Territorio y Urbanismo, justificativo de esta posibilidad.

Como sabemos, esta parcela se encuentra parcialmente ocupada con una edificación que deberá ser demolida e informamos en este sentido que la licencia de demolición ya está concedida a la Consellería de Política Social y que

cunha superficie de 9.652 m^2. O que pasa é que a parcela está clasificada no Plan Xeral como solo urbano consolidado coa cualificación urbanística de equipamento docente de titularidade privada, polo que a actual cualificación da parcela impediría ou impide destinala a este uso asistencial ao que quere destinar o actual propietario da parcela que é a Administración autonómica.

cuenta con una superficie de 9.652 m2. Lo que pasa es que la parcela está clasificada en el Plan General como suelo urbano consolidado con la calificación urbanística de equipamiento docente de titularidad privada, por lo que la actual calificación de la parcela impediría o impide destinarla a este uso asistencial al que quiere destinar el actual propietario de la parcela que es la Administración autonómica.

O artigo, como sabemos, 42.5 da Lei do solo de Galicia de 2016, que é o correspondente ao desenvolvemento regulamentario, establece que o Concello Pleno por maioría absoluta, como sinalaba o señor secretario xeral do Pleno, e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, pode acordar o cambio de uso dos terreos reservados a equipamentos públicos por outro dotacional público distinto sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine, como di este precepto, a incrementar as zonas verdes ou os espazos libres públicos.

El artículo, como sabemos, 42.5 de la Ley del Suelo de Galicia de 2016, que es el correspondiente al desarrollo reglamentario, establece que el Ayuntamiento Pleno por mayoría absoluta, como señalaba el señor secretario general del Pleno, y sin necesidad de seguir el procedimiento de modificación del Plan, puede acordar el cambio de uso de los terrenos reservados a equipamientos públicos por otro dotacional público distinto siempre que se mantenga la titularidad pública o se destine, como dice este precepto, a incrementar las zonas verdes o los espacios libres públicos.

Temos que ter en conta, por outra parte, que corresponde á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, o asesoramento, a emisión dos informes sobre aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de urbanismo en Galicia, y este informe do día 14 de abril de 2020 que achega a Consellería de Política Social e que está emitido pola Dirección Xeral de Urbanismo conclúe que a titularidade pública desta parcela, propiedade xa neste momento da Administración autonómica, así como o fin último da mesma, que é o emprazamento dun equipamento público asistencial —residencia de maiores—, non pode levarnos a outra conclusión que non sexa entender que sería admisible ese cambio de uso ao abeiro do precepto sinalado,

Tenemos que tener en cuenta, por otra parte, que corresponde a la Dirección General de Ordenación del Territorio y Urbanismo, el asesoramiento, la emisión de los informes sobre aplicación e interpretación de la normativa vigente en materia de urbanismo en Galicia, y este informe del día 14 de abril de 2020 que aporta la Consellería de Política Social y que está emitido por la Dirección General de Urbanismo concluye que la titularidad pública de esta parcela, propiedad ya en este momento de la Administración autonómica, así como el fin último de la misma, que es el emplazamiento de un equipamiento público asistencial —residencia de mayores—, no puede llevarnos a otra conclusión que no sea entender que sería admisible ese cambio de uso al amparo

atendendo ao fin normativo do precepto e tendo en conta unha interpretación integrada das normas, principio —por certo— tamén destacado no informe da Secretaría Xeral do Pleno.

del precepto señalado, atendiendo al fin normativo del precepto y teniendo en cuenta una interpretación integrada de las normas, principio —por cierto— también destacado en el informe de la Secretaría General del Pleno.

Ás once horas e vinte e nove minutos entra no Salón de Sesións a señora García Gómez.

A las once horas y veintinueve minutos entra en el Salón de Sesiones la señora García Gómez.

Hai que lembrar que este cambio de uso que se propón non altera as condicións de edificación sobre a parcela, que seguirán a ser as reguladas no artigo 7.2.8 da norma zonal 8 das urbanísticas do propio Plan Xeral e que, requirindo a maioría absoluta do Pleno e contando co informe preceptivo e en termos favorables da Secretaría Xeral desta Corporación, propoñemos precisamente este cambio de uso coas necesarias publicacións no Diario Oficial de Galicia para a súa publicación no Rexistro de Planeamento e as correspondentes notificacións.

Hay que recordar que este cambio de uso que se propone no altera las condiciones de edificación sobre la parcela, que seguirán siendo las reguladas en el artículo 7.2.8 de la norma zonal 8 de las urbanísticas del propio Plan General y que, requiriendo la mayoría absoluta del Pleno y contando con el informe preceptivo y en términos favorables de la Secretaría General de esta Corporación, proponemos precisamente este cambio de uso con las necesarias publicaciones en el Diario Oficial de Galicia para su publicación en el Registro de Planeamiento y las correspondientes notificaciones.

Entendemos que con estes criterios interpretativos achegados pola Dirección Xeral de Urbanismo é viable este cambio de uso para facer posible este novo equipamento asistencial importantísimo para a cidade dende hai, por certo, bastante tempo.

Entendemos que con estos criterios interpretativos aportados por la Dirección General de Urbanismo es viable este cambio de uso para hacer posible este nuevo equipamiento asistencial importantísimo para la ciudad desde hace, por cierto, bastante tiempo.

Máis nada e grazas.

Nada más y gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.

Primeiro turno para Ciudadanos. Señora Martínez.

Primer turno para Ciudadanos. Señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Ben, dende xa, anunciamos a nosa intención de votar favorablemente porque

Bien, desde ya, anunciamos nuestra intención de votar favorablemente porque

consideramos que son, precisamente, razóns de interese xeral as que xustifican que, no suposto dos equipamentos públicos, se estableza ese procedemento excepcional de modificación do planeamento que aquí se propón para poder dar unha resposta rápida ás necesidades dotacionais reais da poboación, que poden ser cambiantes no tempo e que abofé que agora son moi necesarias, sen ter que acudir a un custoso procedemento de modificación do planeamento, custoso tanto dende un punto de vista temporal polos inescusables prazos procedimentais como no que se refire ás necesidades de medios técnicos, materiais ou persoais entre outros, tal e como indica a proposta da Consellería de Política Social.

consideramos que son, precisamente, razones de interés general las que justifican que, en el supuesto de los equipamientos públicos, se establezca ese procedimiento excepcional de modificación del planeamiento que aquí se propone para poder dar una respuesta rápida a las necesidades dotacionales reales de la población, que pueden ser cambiantes en el tiempo y que de verdad que ahora son muy necesarias, sin tener que acudir a un costoso procedimiento de modificación del planeamiento, costoso tanto desde un punto de vista temporal por los inexcusables plazos procedimentales como en lo que se refiere a las necesidades de medios técnicos, materiales o personales entre otros, tal y como indica la propuesta de la Consellería de Política Social.

Ás once horas e trinta e un minutos sae do Salón de Sesións a señora Cameán Calvete.

A las once horas y treinta y un minutos sale del Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete.

A tal efecto, este pleno pode acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto sempre que se manteña a titularidade pública. Neste caso, se ben o PXOM cualifica a parcela como equipamento docente de titularidade privada, o certo é que na práctica se produce a ese respecto un cambio substancial de situación pola adquisición da dita parcela por parte da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, formalizada mediante escritura pública de compra-venda o 11 de outubro de 2019 e tal e como indica...

A tal efecto, este pleno puede acordar el cambio de uso de los terrenos reservados para equipamientos públicos por otro uso dotacional público distinto siempre que se mantenga la titularidad pública. En este caso, si bien el PGOM califica la parcela como equipamiento docente de titularidad privada, lo cierto es que en la práctica se produce a ese respeto un cambio sustancial de situación por la adquisición de dicha parcela por parte de la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia, formalizada mediante escritura pública de compra-venta el 11 de octubre de 2019 y tal y como indica...

Presidencia

Presidencia

Desculpe un segundo, señora Martínez.

Disculpe un segundo, señora Martínez.

Por favor, os compañeiros que están na tribuna, se poden baixar un pouco o ton porque se escoita aquí... Grazas.

Por favor, los compañeros que están en la tribuna, si pueden bajar un poco el tono porque se escucha aquí… Gracias.

Continúe.

Señora Martínez Lema

E dicía, tal como indica o informe do secretario, atópase debidamente xustificado este cambio.

Ás once horas e trinta e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Fernández Prado.

Por iso nós votaremos a favor e agradecemos, de paso, a disposición do Goberno local a favorecer o entendemento coa Xunta de Galicia para acadar algo que, sen dúbida, beneficiará aos coruñeses.

Agora ben, gustaríame resaltar neste asunto o feito de que sexa a Fundación Amancio Ortega a que aporte a maior inversión neste asunto. Xa o comentamos no seu día cando se trouxeron a este pleno as inversións nesta cidade nos presupostos da Xunta, que chamaba a atención que a maior inversión da Xunta nesta cidade, 15 millóns de euros, sexa da man da Fundación Amancio Ortega.

En calquera caso, evidentemente, benvida sexa como tantas outras doazóns que ten feito nesta cidade para sanidade, para benestar social, en escolas infantís e tantas outras que non se fan públicas.

Ás once horas e trinta e catro minutos entra no Salón de Sesións a señora Delso Carreira.

A nova residencia ofrecerá 150 prazas públicas para maiores e 140 novos postos de traballo. Sen dúbida, unha moi boa nova.

Agradecemos que para cando esta nova

Continúe.

Señora Martínez Lema

Y decía, tal como indica el informe del secretario, se encuentra debidamente justificado este cambio.

A las once horas y treinta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Fernández Prado.

Por eso nosotros votaremos a favor y agradecemos, de paso, la disposición del Gobierno local a favorecer el entendimiento con la Xunta de Galicia para conseguir algo que, sin duda, beneficiará a los coruñeses.

Ahora bien, me gustaría resaltar en este asunto el hecho de que sea la Fundación Amancio Ortega la que aporte la mayor inversión en este asunto. Ya lo comentamos en su día cuando se trajeron a este pleno las inversiones en esta ciudad en los presupuestos de la Xunta, que llamaba la atención que la mayor inversión de la Xunta en esta ciudad, 15 millones de euros, sea de la mano de la Fundación Amancio Ortega.

En cualquier caso, evidentemente, bienvenida sea como tantas otras donaciones que ha hecho en esta ciudad para sanidad, para bienestar social, en escuelas infantiles y tantas otras que no se hacen públicas.

A las once horas y treinta y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Delso Carreira.

La nueva residencia ofrecerá 150 plazas públicas para mayores y 140 nuevos puestos de trabajo. Sin duda, una muy buena noticia.

Agradecemos que para cuando esta

residencia estea construída xa se teña en claro como hai que proceder e actuar nas residencias de maiores, que teñamos aprendido da traxedia que supuxo o covid. O risco non pasou en absoluto, seguimos nunha situación moi grave con mortes que non podemos normalizar nin asumir como algo habitual.

nueva residencia esté construida ya se tenga en claro cómo hay que proceder y actuar en las residencias de mayores, que hayamos aprendido de la tragedia que supuso el covid. El riesgo no pasó en absoluto, seguimos en una situación muy grave con muertes que no podemos normalizar ni asumir como algo habitual.

Ata aquí, moitas grazas.

Hasta aquí, muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Ás once horas e trinta e cinco minutos sae do Salón de Sesións a señora Gallego Neira.

A las once horas y treinta y cinco minutos sale del Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.

Señora Veira González

Señora Veira González

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Gustaríame saudar nesta primeira intervención ás xornalistas e os xornalistas que seguen este Pleno para poder informar, ás persoas que nos seguen por *streaming*, ao persoal do Concello presente e ás compañeiras e compañeiros da Corporación. Encantada de volver a vervos.

Me gustaría saludar en esta primera intervención a las periodistas y los periodistas que siguen este Pleno para poder informar, a las personas que nos siguen por retransmisión en directo, al personal del Ayuntamiento presente y a las compañeras y compañeros de la Corporación. Encantada de volver a veros.

A historia da residencia de maiores é a historia dunha reviravolta da Xunta de Galiza que, no canto de querer construír a residencia nun soar cedido de xeito gratuíto por este Concello, decide mercarlle un á Fundación Hermanos Tenreiro por valor de 2 millóns de euros no terreo onde estaba situada a gardería Virgen del Carmen.

La historia de la residencia de mayores es la historia de una vuelta de tuerca de la Xunta de Galicia que, en vez de querer construir la residencia en un solar cedido de manera gratuita por este Ayuntamiento, decide comprarle uno a la Fundación Hermanos Tenreiro por valor de 2 millones de euros en el terreno donde estaba ubicada la guardería Virgen del Carmen.

Un momento, agarden, dixen que construiría a Xunta de Galiza. Teñen que

Un momento, esperen, dije que construiría la Xunta de Galicia. Tienen

desculpar o meu erro. O terreo mercouno a Xunta de Galiza e quen vai construír a residencia de maiores é, efectivamente, a Fundación Amancio Ortega. E isto é o exemplo paradigmático da xestión do señor Feijóo, dunha xestión ineficiente que deixa moito que desexar en canto ás súas prioridades. Parécelle unha "boa oportunidade patrimonial" –e poño as comiñas porque foron as palabras exactas coas que comunicou a Xunta de Galiza o motivo polo que se compraba este soar–, pareceulle unha boa oportunidade patrimonial comprar por 2 millóns de euros un terreo privado porque "tiña mellores vistas á ría" –e pecho a cita, porque tamén foi outro dos motivos polos que anunciou a Xunta de Galiza a compra deste terreo– para que sexa unha fundación privada quen constrúa unha residencia que, sinceramente, disfrazan de pública, e non negamos que vaia ter unha xestión pública pero, ao final, o terreo se lle compra a unha entidade privada e é unha fundación privada quen a constrúe. E, por certo, eu pregúntome: con estas citas que acabo de dar de boa oportunidade patrimonial e mellores vistas á ría, que é a Xunta de Galiza? unha inmobiliaria para dirixirse con estas palabras ou para argumentar con estas palabras a compra dun terreo?

que disculpar mi error. El terreno lo compró la Xunta de Galicia y quien va a construir la residencia de mayores es, efectivamente, la Fundación Amancio Ortega. Y esto es el ejemplo paradigmático de la gestión del señor Feijóo, de una gestión ineficiente que deja mucho que desear en cuanto a sus prioridades. Le parece una "buena oportunidad patrimonial" –y pongo las comillas porque fueron las palabras exactas con las que comunicó la Xunta de Galicia el motivo por el que se compraba este solar–, le pareció una buena oportunidad patrimonial comprar por 2 millones de euros un terreno privado porque "tenía mejores vistas a la ría" –y cierro la cita, porque también fue otro de los motivos por los que anunció la Xunta de Galicia la compra de este terreno– para que sea una fundación privada quien construya una residencia que, sinceramente, disfrazan de pública, y no negamos que vaya a tener una gestión pública pero, al final, el terreno se le compra a una entidad privada y es una fundación privada quien la construye. Y, por cierto, yo me pregunto: con estas citas que acabo de dar de buena oportunidad patrimonial y mejores vistas a la ría, ¿qué es la Xunta de Galicia? ¿una inmobiliaria para dirigirse con estas palabras o para argumentar con estas palabras la compra de un terreno?

Ás once horas e trinta e seis minutos entra no Salón de Sesións a señora Cameán Calvete.

A las once horas y treinta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete.

E aínda que vaian a louvar, se louven aquí seguramente, as colaboracións público-privadas no goberno Feijóo para o desenvolvemento dos servizos públicos –e descúlpenme a digresión– pero a mellor colaboración público-privada para o desenvolvemento dos servizos públicos chámanse impostos. E niso, a mal chamada clase política, temos 3 cousas que facer. Primeiro, pedagoxía fronte a

Y aunque vayan a elogiar, si elogian aquí seguramente, las colaboraciones público-privadas en el gobierno Feijóo para el desarrollo de los servicios públicos –y discúlpenme la digresión– pero la mejor colaboración público-privada para el desarrollo de los servicios públicos se llaman impuestos. Y en eso, la mal llamada clase política, tenemos 3 cosas que hacer. Primero, pedagogía frente a

demagoxia, e nestes últimos días estámola vendo e vaia como a estamos vendo. E unha fiscalidade xusta e progresiva que creo que esta crise tamén deixou ben á vista.

demagogia, y en estos últimos días la estamos viendo y vaya cómo la estamos viendo. Y una fiscalidad justa y progresiva que creo que esta crisis también dejó bien a la vista.

Ás once horas e trinta e sete minutos entran no Salón de Sesións os señores Lema Suárez e Celemín Santos.

A las once horas y treinta y siete minutos entran en el Salón de Sesiones los señores Lema Suárez y Celemín Santos.

E volvendo ao modelo Feijóo que tan ben se deixa ver nesta operación de compra do soar ao que agora lle temos que mudar a cualificación para a construción dunha residencia de maiores... Por certo, para nós o procedemento si que é cuestionábel aínda que non imos entrar en disquisicións legais, a nós séguenos chamando poderosísimamente a atención que non lle importe pagar 2 millóns de euros para obter o terreo pero que pase de financiar a construción e que teña que mediar unha fundación privada. Do mesmo xeito que non lle importa pagar 700.000 euros en curas no Sergas e dálle igual, por moito *twit* que poña no Día mundial da enfermería, que as enfermeiras e os enfermeiros do noso país encadeen contratos de horas e días cunha precariedade absoluta ou que as nais teñamos que trasladar aos nosos fillos con 39 graos de febre dun centro de saúde a outro que, por certo, está a unha certa distancia, porque non se substitúen os profesionais e as profesionais.

Y volviendo al modelo Feijóo que tan bien se deja ver en esta operación de compra del solar al que ahora le tenemos que cambiar la calificación para la construcción de una residencia de mayores… Por cierto, para nosotros el procedimiento sí que es cuestionable aunque no vamos a entrar en disquisiciones legales, a nosotros nos sigue llamando poderosísimamente la atención que no le importe pagar 2 millones de euros para obtener el terreno pero que pase de financiar la construcción y que tenga que mediar una fundación privada. Al igual que no le importa pagar 700.000 euros en curas en el Sergas y le da igual, por mucho twit que ponga en el Día mundial de la enfermería, que las enfermeras y los enfermeros de nuestro país encadenen contratos de horas y días con una precariedad absoluta o que las madres tengamos que trasladar a nuestros hijos con 39 grados de fiebre de un centro de salud a otro que, por cierto, está a una cierta distancia, porque no se sustituyen los profesionales y las profesionales.

Como dicimos, é absolutamente incomprensíbel o que aconteceu con esta compra no momento en que se anunciou, que ademais foi con moi pouca anterioridade a unha visita que tiñan programada co Concello da Coruña no terreo que tiña cedido esta administración: un terreo de 8.000 m^2 ao carón do CHUAC.

Como decimos, es absolutamente incomprensible lo que sucedió con esta compra en el momento en que se anunció, que además fue con muy poca anterioridad a una visita que tenían programada con el Ayuntamiento de A Coruña en el terreno que había cedido esta administración: un terreno de 8.000 m2 al lado del CHUAC.

Non nos opoñemos á obtención dese solo

No nos oponemos a la obtención de ese

porque si senón que nos opoñemos porque había unha alternativa de balde, como dicimos.

suelo porque sí sino que nos oponemos porque había una alternativa gratuita, como decimos.

Nós cremos na colaboración leal entre administracións para a solución dos problemas da cidadanía. Cremos absolutamente, como dicía a señora Martínez, mais unha cousa é iso e outra cousa é bailarlle a auga a un goberno galego que se atreve a pedirlle ao Concello da Coruña 22 millóns de euros para o desenvolvemento do novo CHUAC, cando realmente non se acordou da cidade da Coruña, das necesidades sanitarias da cidade da Coruña en 11 anos, cando non se acordou das necesidades dos nosos maiores, dos maiores da cidade da Coruña en 11 anos.

Nosotros creemos en la colaboración leal entre administraciones para la solución de los problemas de la ciudadanía. Creemos absolutamente, como decía la señora Martínez, pero una cosa es eso y otra cosa es bailarle el agua a un gobierno gallego que se atreve a pedirle al Ayuntamiento de A Coruña 22 millones de euros para el desarrollo del nuevo CHUAC, cuando realmente no se acordó de la ciudad de A Coruña, de las necesidades sanitarias de la ciudad de A Coruña en 11 años, cuando no se acordó de las necesidades de nuestros mayores, de los mayores de la ciudad de A Coruña en 11 años.

Deixo o resto da intervención para o segundo punto porque me pasei de tempo.

Dejo el resto de la intervención para el segundo punto porque me pasé de tiempo.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Muchas gracias, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señor Varela.

Por la Marea Atlántica, señor Varela.

Señor Varela Gómez

Señor Varela Gómez

Si, moitas grazas.

Sí, muchas gracias.

Bueno, comezar, efectivamente, cun saúdo a todos os compañeiros e compañeiras do Pleno e á xente que nos segue polo *streaming* e, loxicamente tamén, as miñas condolencias a todas as persoas, ás familias dos falecidos por esta crise do coronavirus e o agradecemento a todas as persoas, tamén, traballadoras e voluntarias que terman desta sociedade nestes momentos tan duros.

Bueno, comenzar, efectivamente, con un saludo a todos los compañeros y compañeras del Pleno y a la gente que nos sigue en la retransmisión en directo y, lógicamente también, mis condolencias a todas las personas, a las familias de los fallecidos por esta crisis del coronavirus y el agradecimiento a todas las personas, también, trabajadoras y voluntarias que sostienen esta sociedad en estos momentos tan duros.

Indo ao asunto, como xa lle adiantei ao concelleiro de Urbanismo onte que

Yendo al asunto, como ya le adelanté al concejal de Urbanismo ayer que

falamos, que puidemos falar por teléfono, consideramos dende a Marea Atlántica que o procedemento que se está a seguir non é o correcto xa que se está utilizando unha vía urbanística excepcional pola présas da Xunta por motivos electorais –eu creo que é evidente, a petición é do día 30 do pasado mes– para poder facer un anuncio –outro máis na longa lista de anuncios electorais á que nos ten acostumado a Xunta– e intentar ocultar o seu dramático fracaso no modelo de residencias de maiores do que falaremos máis adiante neste pleno.

hablamos, que pudimos hablar por teléfono, consideramos desde la Marea Atlántica que el procedimiento que se está siguiendo no es el correcto ya que se está utilizando una vía urbanística excepcional por la prisas de la Xunta por motivos electorales –yo creo que es evidente, la petición es del día 30 del pasado mes– para poder hacer un anuncio –otro más en la larga lista de anuncios electorales a la que nos ha acostumbrado la Xunta– e intentar ocultar su dramático fracaso en el modelo de residencias de mayores del que hablaremos más adelante en este pleno.

Bueno, nós non paramos de dicilo, os atallos no urbanismo non son nada bos. E esta cidade, por desgracia, xa sufriu demasiados no pasado, e as súas consecuencias, señor Lage, no presente, consecuencias do urbanismo vazquista, na maior parte das ocasións, por certo.

Bueno, nosotros no paramos de decirlo, los atajos en el urbanismo no son nada buenos. Y esta ciudad, por desgracia, ya sufrió demasiados en el pasado, y sus consecuencias, señor Lage, en el presente, consecuencias del urbanismo vazquista, en la mayor parte de las ocasiones, por cierto.

Se non me falla a memoria, xa foi en tempos de Negreira cando a Xunta falaba de construír unha residencia na cidade, xa nos tempos de Negreira, antes do mandato da Marea Atlántica. Eu creo que xa choveu desde aquela e, como co resto das cousas que a Xunta anuncia na cidade, no mandato da Marea Atlántica o único que fixo foron máis anuncios, ningunha realidade. O único paso concreto que se deu ao respecto da cuestión da residencia de anciáns en Eirís nos últimos tempos foi a cesión de terreos que levamos a cabo no noso mandato. Para que? Para que de maneira unilateral e opaca, a Xunta decidise mudar o destino da parcela de residencia de maiores e destinala á ampliación do hospital. E con isto tamén quero evidenciar que hai parcelas actualmente na cidade que consideramos que compren as condicións urbanísticas para facer un edificio deste tipo.

Si no me falla la memoria, ya fue en tiempos de Negreira cuando la Xunta hablaba de construir una residencia en la ciudad, ya en los tiempos de Negreira, antes del mandato de la Marea Atlántica. Yo creo que ya llovió desde entonces y, como con el resto de las cosas que la Xunta anuncia en la ciudad, en el mandato de la Marea Atlántica lo único que hizo fueron más anuncios, ninguna realidad. El único paso concreto que se dio al respeto de la cuestión de la residencia de ancianos en Eirís en los últimos tiempos fue la cesión de terrenos que llevamos a cabo en nuestro mandato ¿Para qué? Para que de manera unilateral y opaca, la Xunta decidiera cambiar el destino de la parcela de residencia de mayores y destinarla a la ampliación del hospital. Y con esto también quiero evidenciar que hay parcelas actualmente en la ciudad que consideramos que cumplen las

condiciones urbanísticas para hacer un edificio de este tipo.

E, por certo, falando da ampliación do hospital, os veciños afectados tampouco souberon nada do último anuncio de acordo feito polo Concello e a Xunta nos últimos días. Eu quería facer unha mención a isto e lembrar aos veciños. Esa maneira de actuar non foi a que decidimos e a que acordamos neste pleno nas últimas semanas. Eu creo que é imprescindible que manteñan informada a veciñanza afectada que está moi preocupada, loxicamente, pola evolución dese proxecto, como non ían estalo cando dependen as súas vivendas deste proxecto. Eu creo que non poden repetir o erro dos últimos meses e deberían de manter unha interlocución constante cos veciños que me confirmaron onte que non saben nada deste último acordo que tomaron coa Xunta de Galicia.

Y, por cierto, hablando de la ampliación del hospital, los vecinos afectados tampoco supieron nada del último anuncio de acuerdo hecho por el Ayuntamiento y la Xunta en los últimos días. Yo quería hacer una mención a esto y recordar a los vecinos. Esa manera de actuar no fue la que decidimos y la que acordamos en este pleno en las últimas semanas. Yo creo que es imprescindible que mantengan informado a la vecindad afectado que está muy preocupado, lógicamente, por la evolución de ese proyecto, cómo no lo iban a estar cuando dependen sus viviendas de este proyecto. Yo creo que no pueden repetir el error de los últimos meses y deberían de mantener una interlocución constante con los vecinos que me confirmaron ayer que no saben nada de este último acuerdo que tomaron con la Xunta de Galicia.

Bueno, moi rapidamente vou explicar por que consideramos erróneo o procedemento, aínda que resulta moi loable que a Xunta pretenda acometer unha residencia pública na cidade da Coruña, o procedemento que se sigue non é axeitado porque a Lei do solo de Galicia prevé a posibilidade, efectivamente, de cambiar –como dixo o concelleiro de Urbanismo– excepcionalmente, vía aprobación plenaria, o uso de equipamento –neste caso docente– a equipamento asistencial, pero non faculta a Lei do solo de Galicia para cambiar a titularidade de privada a pública, que é o que se está facendo con este... ou se está intentando con este asunto que se trae a Pleno. A posibilidade de cambio de uso se limita aos solos destinados a equipamentos públicos e non é o caso desta parcela, e non aos terreos de propiedade privada. E o feito de que a Xunta de Galicia adquira os terreos, non os convirte, por moito que

Bueno, muy rápidamente voy a explicar por qué consideramos erróneo el procedimiento, aunque resulta muy loable que la Xunta pretenda acometer una residencia pública en la ciudad de A Coruña, el procedimiento que se sigue no es adecuado porque la Ley del Suelo de Galicia prevé la posibilidad, efectivamente, de cambiar –como dijo el concejal de Urbanismo– excepcionalmente, vía aprobación plenaria, el uso de equipamiento –en este caso docente– a equipamiento asistencial, pero no faculta la Ley del Suelo de Galicia para cambiar la titularidad de privada a pública, que es lo que se está haciendo con este... o se está intentando con este asunto que se trae a Pleno. La posibilidad de cambio de uso se limita a los suelos destinados a equipamientos públicos y no es el caso de esta parcela, y no a los terrenos de propiedad privada. Y el hecho de que la Xunta de Galicia adquiera los terrenos,

fagan un informe, non os converte por si só en terreos de titularidade pública ou de dominio público. De titularidade pública si, de dominio público non. Serán terreos patrimoniais da Xunta pero non de dominio público, polo tanto entendemos que este procedemento non é adecuado e despois me estenderei un pouco máis na cuestión.

Grazas.

no los convierte, por mucho que hagan un informe, no los convenirte por sí solo en terrenos de titularidad pública o de dominio público. De titularidad pública sí, de dominio público no. Serán terrenos patrimoniales de la Xunta pero no de dominio público, por lo tanto entendemos que este procedimiento no es adecuado y después me extenderé un poco más en la cuestión.

Gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Varela.

Polo Partido Popular, señor Deus.

Presidencia

Muchas gracias, señor Varela.

Por el Partido Popular, señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Ola, bo día a todos e alégrome moito de volver ver a todos os meus compañeiros aquí no Salón de Plenos. Adherirme ás condolencias por todos os falecidos polo covid e unirme a todos os bos desexos que expresamos neste pleno. E, sobre todo, pois dicir que todos os coruñeses –que o demostraron ata este momento– teñamos sentidiño nesta desescalada e na volta á normalidade.

Señor Deus Álvarez

Hola, buenos días a todos y me alegro mucho de volver a ver a todos mis compañeros aquí en el Salón de Plenos. Adherirme a las condolencias por todos los fallecidos por el covid y unirme a todos los buenos deseos que hemos expresado en este pleno. Y, sobre todo, pues decir que todos los coruñeses –que lo han demostrado hasta este momento– tengamos sentidiño en esta desescalada y en la vuelta a la normalidad.

Ás once horas e corenta e tres minutos saen do Salón de Sesións os señores Martínez Durán e Jorquera Caselas.

A las once horas y cuarenta y tres minutos salen del Salón de Sesiones los señores Martínez Durán y Jorquera Caselas.

Volvendo ao tema que nos ocupa, desde o Grupo Municipal do Partido Popular gustaríanos dicir que nos atopamos diante da tramitación dun expediente no que se pon de manifesto a importancia da colaboración institucional entre dúas administracións, neste caso a local e a autonómica a través da Consellería de Política Social.

Volviendo al tema que nos ocupa, desde el Grupo Municipal del Partido Popular nos gustaría decir que nos encontramos ante la tramitación de un expediente en el que se pone de manifiesto la importancia de la colaboración institucional entre dos administraciones, en este caso la local y la autonómica a través de la Consellería de Política Social.

Debemos felicitarnos todos por

Debemos felicitarnos todos por

formalizar este acordo: acomodar o uso dunha parcela no Plan Xeral para adaptalo ás necesidades sociais do momento no que vivimos. A finalidade do procedemento que hoxe queremos aprobar é alcanzar unha actuación administrativa eficaz baixo os principios de cooperación e colaboración leal entre administracións, actuando con transparencia e con criterios de eficiencia e servizo aos cidadáns.

formalizar este acuerdo: acomodar el uso de una parcela en el Plan General para adaptarlo a las necesidades sociales del momento en el que vivimos. La finalidad del procedimiento que hoy queremos aprobar es alcanzar una actuación administrativa eficaz bajo los principios de cooperación y colaboración leal entre administraciones, actuando con transparencia y con criterios de eficiencia y servicio a los ciudadanos.

Como xa se dixo, trátase de acordar o cambio de uso dunha parcela que no Plan Xeral está clasificada como equipamento docente de titularidade privada polo de asistencial público, e todo iso sinalando que xa non é necesaria a obtención desa parcela debido a que xa é de titularidade pública. Non quero estenderme nas xustificacións legais e técnicas que haberá neste procedemento. Atópase perfectamente xustificado nos informes, tanto da Dirección Xeral correspondente á Xunta de Galicia como nos informes municipais de Urbanismo e no preceptivo do secretario do Pleno e o cambio de categoría está, ademais, avalado polo artigo 47.4 da Lei 2002 no momento de aprobación do Plan Xeral, hoxe no artigo 42.7 da actual Lei do Solo.

Como ya se ha dicho, se trata de acordar el cambio de uso de una parcela que en el Plan General está clasificada como equipamiento docente de titularidad privada por el de asistencial público, y todo ello señalando que ya no es necesaria la obtención de esa parcela puesto que ya es de titularidad pública. No quiero extenderme en las justificaciones legales y técnicas que habrá en este procedimiento. Se encuentra perfectamente justificado en los informes, tanto de la Dirección Xeral correspondiente a la Xunta de Galicia como en los informes municipales de Urbanismo y en el preceptivo del secretario del Pleno y el cambio de categoría está, además, avalado por el artículo 47.4 de la Ley 2002, en el momento de aprobación del Plan General, hoy en el artículo 42.7 de la actual Ley del Suelo.

Querería sinalar tamén neste momento que o compromiso da Xunta coa cidade reflectida na colaboración co Concello vese ampliado con esta nova residencia para a terceira idade en Eirís. Nin que dicir ten o merecido recoñecemento á Fundación Amancio Ortega, que financiará a construción con 15 millóns de euros.

Quisiera señalar también en este momento que el compromiso de la Xunta con la ciudad reflejada en la colaboración con el Concello se ve ampliado con esta nueva residencia para la tercera edad en Eirís. Ni qué decir tiene el merecido reconocimiento a la Fundación Amancio Ortega, que financiará la construcción con 15 millones de euros.

Poñeranse ao dispor dos cidadáns 150 novas prazas públicas para maiores e crearanse máis de 140 empregos. Con

Se pondrán a disposición de los ciudadanos 150 nuevas plazas públicas para mayores y se crearán más de 140

estes datos, a Xunta desde 2009 ampliaría as prazas públicas dos nosos maiores na cidade nun 138 %, de 271 a 646.

A localización desta parcela adquirida pola Xunta posibilita pasar, ademais, de 8.000 m2 a 9.652, polo que se poderá dispoñer de máis espazos libres e zonas axardinadas para o goce dos usuarios. Ademais disto, a Xunta solicitou ao Concello que a anterior parcela municipal poida ser utilizada para implantar calquera tipo de equipamento público coa adaptación do convenio subscrito por ambas as dúas administracións. Está previsto situar o novo edificio de investigación científica, o INIBIC, asociado ao novo CHUAC.

Atopámonos, pois, diante dun trámite necesario para facilitar a implantación dun servizo público como é neste caso unha residencia para prestar asistencia aos nosos maiores. É este fin público o que lexitima e xustifica o interese xeral e, polo tanto, o que ampara debidamente o cambio de uso proposto para esta parcela, respondendo con esta tramitación á adaptación urbanística necesaria en resposta ás necesidades sociais.

Anunciamos por iso o voto a favor do noso grupo municipal.

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus.

Pechando esta primeira quenda polo Grupo Socialista, señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Si. Grazas e respecto de cada una das intervencións, agradecer o posicionamento de Ciudadanos lembrando o interese público

empleos. Con estos datos, la Xunta desde 2009 habrá ampliado las plazas públicas de nuestros mayores en la ciudad en un 138%, de 271 a 646.

La ubicación de esta parcela adquirida por la Xunta posibilita pasar, además, de 8.000 m^2 a 9.652, por lo que se podrá disponer de más espacios libres y zonas ajardinadas para el disfrute de los usuarios. Además de esto, la Xunta ha solicitado al Concello que la anterior parcela municipal pueda ser utilizada para implantar cualquier tipo de equipamiento público con la adaptación del convenio suscrito por ambas administraciones. Está previsto situar el nuevo edificio de investigación científica, el INIBIC, asociado al nuevo CHUAC.

Nos encontramos, pues, ante un trámite necesario para facilitar la implantación de un servicio público como es en este caso una residencia para prestar asistencia a nuestros mayores. Es este fin público el que legitima y justifica el interés general y, por tanto, lo que ampara debidamente el cambio de uso propuesto para esta parcela, respondiendo con esta tramitación a la adaptación urbanística necesaria en respuesta a las necesidades sociales.

Anunciamos por ello el voto a favor de nuestro grupo municipal.

Presidencia

Muchas gracias, señor Deus.

Cerrando este primer turno por el Grupo Socialista, señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Sí. Gracias y respecto de cada una de las intervenciones, agradecer el posicionamiento de Ciudadanos recordando el interés público

evidentemente deste... que lexitima, dende o punto de vista –xa non falo do social ou asistencial– senón legal, este cambio de uso. E é certo, como sinalaba a señora Veira, que había unha parcela en Curramontes con Inés de Castro cedida por parte do goberno anterior inicialmente para esta finalidade e anuncia a Xunta de Galicia un cambio de parcela, fai a adquisición desta nova parcela, é xa unha cuestión de responsabilidade patrimonial da propia Xunta de Galicia e, nese sentido, o que si nos traslada tamén é que ese cambio se motiva porque, precisamente, a parcela inicialmente cedida terían interese en incluíla no proxecto de ampliación do Hospital Xeral da Coruña, da ampliación do CHUAC, para darlle un novo edificio de investigación ao INIBIC.

evidentemente de este... que legitima, desde el punto de vista –ya no hablo del social o asistencial– sino legal, este cambio de uso. Y es cierto, como señalaba la señora Veira, que había una parcela en Curramontes con Inés de Castro cedida por parte del gobierno anterior inicialmente para esta finalidad y anuncia la Xunta de Galicia un cambio de parcela, hace la adquisición de esta nueva parcela, es ya una cuestión de responsabilidad patrimonial de la propia Xunta de Galicia y, en ese sentido, lo que sí nos traslada también es que ese cambio se motiva porque, precisamente, la parcela inicialmente cedida tendrían interés en incluirla en el proyecto de ampliación del Hospital General de A Coruña, de la ampliación del CHUAC, para darle un nuevo edificio de investigación al INIBIC.

Ás once horas e corenta e oito minutos entra no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.

A las once horas y cuarenta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.

Neste sentido, a nós tamén nos chamou a atención naquel momento aquel cambio de parcela imprevisto porque contabamos inicialmente coa que estaba cedida, que estaba pendente de formalizar esa cesión, non estaba formalizada completamente a cesión e nós, xa adianto que si, que xa dixemos en anteriores ocasións que si que estabamos dispostos e parecíanos razoable que esa parcela que estaba cedida se cambie de uso para dotar dun novo soporte e dun novo edificio ao INIBIC da Coruña porque é un centro de referencia.

En este sentido, a nosotros también nos llamó la atención en aquel momento aquel cambio de parcela imprevisto porque contábamos inicialmente con la que estaba cedida, que estaba pendiente de formalizar esa cesión, no estaba formalizada completamente la cesión y nosotros, ya adelanto que sí, que ya dijimos en anteriores ocasiones que sí que estábamos dispuestos y nos parecía razonable que esa parcela que estaba cedida se cambiase de uso para dotar de un nuevo soporte y de un nuevo edificio al INIBIC de A Coruña porque es un centro de referencia.

Non estamos, señor Varela, como lle comentaba nalgunha ocasión e á vista dos informes emitidos, en ningún tipo de atallo urbanístico, eh... existe... se non, non traeríamos, loxicamente, esta proposta a este pleno para acadar ademais unha maioría absoluta, en

No estamos, señor Varela, como le comentaba en alguna ocasión y a la vista de los informes emitidos, en ningún tipo de atajo urbanístico, eh… existe... si no, no traeríamos, lógicamente, esta propuesta a este pleno para conseguir además una mayoría absoluta, en ningún

ningún tipo de atallo desas características ao que fai referencia, vistos os informes tanto da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo como da Secretaría Xeral do Pleno.

Con esa interpretación integradora das normas, se a literalidade da norma está clara non hai nada que interpretar pero, efectivamente, cando se produce unha situación destas características é cando hai que levar adiante o labor hermenéutico necesario e nese sentido están emitidos os informes preceptivos para este pleno, lembrándose ademais a función social da propiedade que tamén, o propio planeamento urbanístico, conforme ao artigo 33.2 en canto a esa función social da propiedade, ten que observar.

Ás once horas e cincuenta minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

Bueno, eu prefiro non abondar moito nos atallos urbanísticos. Onte na propia Xunta de Goberno Local tivemos a ocasión de levar unha serie de expedientes de revisión de oficio na compra dunha serie de pisos, creo que non imos a entrar neste debate, e quería facer, si, unha consideración de que actualmente e efectivamente estamos en conversas coa Xunta de Galicia para estruturar o convenio de colaboración para a ampliación do novo hospital. Ese convenio que se está a traballar e que aínda non está pechado –porque se dará conta de que ten que haber un traballo técnico interno para poder organizar os compromisos e as obrigas de cada administración nese convenio– non supón en ningún caso a definición do proxecto. O proxecto vai ter que ser licitado polo Sergas e nese proceso de licitación, incluso no prego previo para esa licitación hai un compromiso por parte da Xunta de Galicia de sometelo a

tipo de atajo de esas características al que hace referencia, vistos los informes tanto de la Dirección General de Ordenación del Territorio y Urbanismo como de la Secretaría General del Pleno.

Con esa interpretación integradora de las normas, si la literalidad de la norma está clara no hay nada que interpretar pero, efectivamente, cuando se produce una situación de estas características es cuando hay que llevar adelante la labor hermenéutica necesaria y en ese sentido están emitidos los informes preceptivos para este pleno, recordándose además la función social de la propiedad que también, el propio planeamiento urbanístico, conforme al artículo 33.2 en cuanto a esa función social de la propiedad, tiene que observar.

A las once horas y cincuenta minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

Bueno, yo prefiero no ahondar en los atajos urbanísticos. Ayer en la propia Junta de Gobierno Local tuvimos la ocasión de llevar una serie de expedientes de revisión de oficio en la compra de una serie de pisos, creo que no vamos a entrar en este debate, y quería hacer, sí, una consideración de que actualmente y efectivamente estamos en conversaciones con la Xunta de Galicia para estructurar el convenio de colaboración para la ampliación del nuevo hospital. Ese convenio que se está trabajando y que aún no está cerrado –porque se dará cuenta de que tiene que haber un trabajo técnico interno para poder organizar los compromisos y los deberes de cada administración en ese convenio– no supone en ningún caso la definición del proyecto. El proyecto va a tener que ser licitado por el Sergas y en ese proceso de licitación, incluso en el pliego previo para esa licitación hay un compromiso por parte de la Xunta de

ese proceso de participación coas asociacións de veciños tal e como a Xunta de Galicia asumiu en reunión conxunta cos veciños e con este concello a finais do mes de febreiro.

Galicia de someterlo a ese proceso de participación con las asociaciones de vecinos tal y como la Xunta de Galicia asumió en reunión conjunta con los vecinos y con este ayuntamiento a finales del mes de febrero.

Eu o que si lle pediría á Xunta de Galicia é que ese esforzo de cesión de parcelas que fai o Concello, tanto para o INIBIC como neste caso para a residencia de maiores, sexa efectivo nos mellores prazos posibles porque temos que lembrar como as residencias de maiores en Galicia, as 7 residencias de maiores en Galicia para as 7 cidades galegas, levan esperando 7 anos, e nese sentido pedímoslle ou esixímoslle á Xunta de Galicia que, con estes compromisos municipais, a residencia de maiores da Coruña –sempre importante pero moito máis importante nestes momentos– pois vaia adiante coa maior celeridade.

Yo lo que sí le pediría a la Xunta de Galicia es que ese esfuerzo de cesión de parcelas que hace el Ayuntamiento, tanto para el INIBIC como en este caso para la residencia de mayores, sea efectivo en los mejores plazos posibles porque tenemos que recordar cómo las residencias de mayores en Galicia, las 7 residencias de mayores en Galicia para las 7 ciudades gallegas, llevan esperando 7 años, y en ese sentido le pedimos o le exigimos a la Xunta de Galicia que, con estos compromisos municipales, la residencia de mayores de A Coruña –siempre importante pero mucho más importante en estos momentos– pues vaya adelante con la mayor celeridad.

E pola nosa parte máis nada. Grazas.

Y por nuestra parte más nada. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Temos o último turno de dous minutos.

Tenemos el último turno de dos minutos.

Señora Martínez. **(A señora Martínez Lema declina utilizar a súa quenda).** Moitas grazas.

Señora Martínez. ***(La señora Martínez Lema declina utilizar su turno).*** *Muchas gracias.*

Señora Veira.

Señora Veira.

Señora Veira González

Señora Veira González

Ben, como dicía na miña primeira intervención, cremos efectivamente nesa colaboración leal entre administracións, pero tamén lle pedimos a este goberno local que sexa firme cunha Xunta de Galiza que, como dicía, recorta e recortou constantemente en servizos sanitarios na nosa cidade e nós

Bien, como decía en mi primera intervención, creemos efectivamente en esa colaboración leal entre administraciones, pero también le pedimos a este gobierno local que sea firme con una Xunta de Galicia que, como decía, recorta y recortó constantemente en servicios sanitarios en

consideramos que é unha vergoña que pida que o Concello da Coruña poña 22 millóns de euros para o desenvolvemento do novo CHUAC.

nuestra ciudad y nosotros consideramos que es una vergüenza que pida que el Ayuntamiento de A Coruña ponga 22 millones de euros para el desarrollo del nuevo CHUAC.

Ese novo hospital que nós seguimos dicindo que é unha cortina de fume. Unha cortina de fume que para o único que serve é para que non falemos da realidade diaria dos nosos servizos de saúde e de como non se substitúen profesionais na atención primaria, como se deixan morrer os servizos como os centros de orientación familiar na nosa cidade, ou como pechan plantas enteiras nos hospitais da cidade.

Ese nuevo hospital que nosotros seguimos diciendo que es una cortina de humo. Una cortina de humo que para lo único que sirve es para que no hablemos de la realidad diaria de nuestros servicios de salud y de cómo no se sustituyen profesionales en la atención primaria, cómo se dejan morir los servicios como los centros de orientación familiar en nuestra ciudad, o cómo cierran plantas enteras en los hospitales de la ciudad.

O Goberno local non debera aceptar as condicións que pon o goberno do señor Feijóo que, como dicía antes, se decata agora, 11 anos despois, de que ten présa por construír o novo hospital e a quen presiona é ao Goberno local ou porque na cidade haxa unha nova residencia de maiores e por iso apremia ao Goberno municipal para que os trámites sexan o máis breve posíbel, decátase agora de que o único que dá vendido na nosa cidade despois de 11 anos é unha pasarela a un centro comercial que 5 meses despois ten que repararse.

El Gobierno local no debió aceptar las condiciones que pone el gobierno del señor Feijóo que, como decía antes, se entera ahora, 11 años después, de que tiene prisa por construir el nuevo hospital y a quién presiona es al Gobierno local o porque en la ciudad haya una nueva residencia de mayores y por eso apremia al Gobierno municipal para que los trámites sean lo más breve posible, se entera ahora de que lo único que da vendido en nuestra ciudad después de 11 años es una pasarela a un centro comercial que 5 meses después tiene que repararse.

Non compartimos o modelo de construción de edificios e servizos públicos por parte dunha fundación privada. Cremos que o ten que facer a Administración pública. Nin con que se optase pola oportunidade patrimonial no canto da cesión do terreo por parte do Concello. Porque ese terreo que agora se quere destinar ao INIBIC e a este hospital espello, cortina de fume para nós desde logo, pode construírse noutras zonas da cidade que tamén son públicas, e nós así o temos proposto.

No compartimos el modelo de construcción de edificios y servicios públicos por parte de una fundación privada. Creemos que lo tiene que hacer la Administración pública. Ni con que se optase por la oportunidad patrimonial en vez de la cesión del terreno por parte del Ayuntamiento. Porque ese terreno que ahora se quiere destinar al INIBIC y a este hospital espejo, cortina de humo para nosotros desde luego, puede construirse en otras zonas de la ciudad que también son públicas, y nosotros así lo hemos propuesto.

Mais como estas dúas cuestións non son de competencia municipal nin está na man desta Corporación e moito me temo que non teñen volta atrás e dado, pois, que só se trata da modificación do planeamento, absterémonos neste punto da orde do día.

Pero como estas dos cuestiones no son de competencia municipal ni está en la mano de esta Corporación y mucho me temo que no tienen vuelta atrás y dado, pues, que solo se trata de la modificación del planeamiento, nos abstendremos en este punto del orden del día.

Ás once horas e cincuenta e catro minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las once horas y cincuenta y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Muchas gracias, señora Veira.

Señor Varela, dous minutos.

Señor Varela, dos minutos.

Señor Varela Gómez

Señor Varela Gómez

Bueno, dende a Marea Atlántica non nos imos opoñer a este cambio de uso porque a finalidade entendemos que é positiva, pero non podemos votar a favor porque, como xa dixen, consideramos que o procedemento é incorrecto.

Bueno, desde la Marea Atlántica no nos vamos a oponer a este cambio de uso porque la finalidad entendemos que es positiva, pero no podemos votar a favor porque, como ya dije, consideramos que el procedimiento es incorrecto.

E foi un procedemento elixido, creo eu, señor Villoslada, para acelerar os trámites, o que deixa a parcela nunha situación incerta porque consideramos que non blinda a natureza pública da mesma. E teño un exemplo, que ademais está de actualidade que o falamos hoxe mesmo, e é o que sucedeu coa parcela da Solana, que eu creo que é un exemplo bastante gráfico porque se asemella en gran medida ao que estamos facendo aquí.

Y fue un procedimiento elegido, creo yo, señor Villoslada, para acelerar los trámites, lo que deja la parcela en una situación incierta porque consideramos que no blinda la naturaleza pública de la misma. Y tengo un ejemplo, que además está de actualidad que lo hablamos hoy mismo, y es lo que sucedió con la parcela de la Solana, que yo creo que es un ejemplo bastante gráfico porque se asemeja en gran medida a lo que estamos haciendo aquí.

Non fai tanto tempo que o Concello e a Xunta de Galicia se puxeron de acordo para mudar de maneira irregular no proceso de aprobación definitiva do Plan Xeral a natureza desa parcela. Foi e se fixo cun simple cambiazo, poñendo onde poñía público poñendo privado cun rotulador vermello e, por certo,

No hace tanto tiempo que el Ayuntamiento y la Xunta de Galicia se pusieron de acuerdo para cambiar de manera irregular en el proceso de aprobación definitiva del Plan General la naturaleza de esa parcela. Fue y se hizo con un simple cambiazo, poniendo donde ponía público poniendo privado con un

efectivamente tamén coa conivencia da Xunta nese momento. O coñecemento e a conivencia. Polo tanto, a min que a Xunta ou a nós que a Xunta estea presentando un informe que avala este procedemento pois non nos dá ningunha credibilidade, non?

rotulador rojo y, por cierto, efectivamente también con la connivencia de la Xunta en ese momento. El conocimiento y la connivencia. Por lo tanto, a mí que la Xunta o a nosotros que la Xunta esté presentando un informe que avala este procedimiento pues no nos da ninguna credibilidad, ¿no?

Bueno pois, iso que foi tan só executalo e levou un instante, á Marea Atlántica levoulle practicamente dous anos de trámites revertelo e blindar a natureza pública desa parcela. E efectivamente agora ese carácter público está blindado, e iso é o que lles pedimos, que fagan as cousas ben porque o urbanismo non se fai a golpe de anuncios electorais.

Bueno pues, eso que fue tan sólo ejecutarlo y llevó un instante, a la Marea Atlántica le llevó prácticamente dos años de trámites revertirlo y blindar la naturaleza pública de esa parcela. Y efectivamente ahora ese carácter público está blindado, y eso es lo que les pedimos, que hagan las cosas bien porque el urbanismo no se hace a golpe de anuncios electorales.

E, señor Villoslada, teño que dicirlle tamén que que cite ou que intente poñer no mesmo nivel o urbanismo vazquista e as decisións que se tomaron no pasado –como o tema da Solana e o cambiazo– co tema do concurso de compra de vivenda, paréceme unha tomadura de pelo, teño que dicirllo, señor Villoslada porque, entre outras cousas, na cuestión do concurso de compra de vivenda, eu mesmo pedín desculpas por un erro administrativo nun procedemento que o que pretendía era aumentar o patrimonio público de vivenda do Concello. Eu non escoitei a ningún representante socialista pedir desculpas polo Conde de Fenosa, aínda non o escoitei a día de hoxe. Un procedemento irregular, ilegal, que lle custou a este Concello 3 millóns de euros e lle podía ter costado 60 millóns de euros. Polo tanto, non me parece nada xusto que vostede intente comparar a nosa herdanza urbanística coa vazquista.

Y, señor Villoslada, tengo que decirle también que que cite o que intente poner en el mismo nivel el urbanismo vazquista y las decisiones que se tomaron en el pasado –como el tema de la Solana y el cambiazo– con el tema del concurso de compra de vivienda, me parece una tomadura de pelo, tengo que decírselo, señor Villoslada porque, entre otras cosas, en la cuestión del concurso de compra de vivienda, yo mismo pedí disculpas por un error administrativo en un procedimiento que lo que pretendía era aumentar el patrimonio público de vivienda del Ayuntamiento. Yo no escuché a ningún representante socialista pedir disculpas por el Conde de Fenosa, aún no lo escuché a día de hoy. Un procedimiento irregular, ilegal, que le costó a este Ayuntamiento 3 millones de euros y le podía haber costado 60 millones de euros. Por lo tanto, no me parece nada justo que usted intente comparar nuestra herencia urbanística con la vazquista.

E señor Lage –e xa remato– eu entendo que lle gusta reescribir, que adoita reescribir o pasado. Se o porto de esta

Y señor Lage –y ya finalizo– yo entiendo que le gusta reescribir, que suele reescribir el pasado. Si el puerto de esta

cidade e a Solana non son privadas a día de hoxe é pola xestión... pola manifestación popular, pola presión popular e pola xestión que o Goberno da Marea Atlántica fixo no pasado mandato.

ciudad y la Solana no son privadas a día de hoy es por la gestión... por la manifestación popular, por la presión popular y por la gestión que el Gobierno de la Marea Atlántica hizo en el pasado mandato.

Presidencia

Moitas grazas, señor Varela.

Turno para o Partido Popular. Señor Deus.

Presidencia

Muchas gracias, señor Varela.

Turno para el Partido Popular. Señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Señora Veira, a verdade é que nunca me defrauda nas súas intervencións e non vai parar de largar, como sempre, os mantras continuos sobre a sanidade pública. Quere que falemos da sanidade pública? Pois lle vou a dar eu uns datos que tiña aquí preparados.

Temos 3.547 profesionais máis que cando o PP chegou á Xunta de Galicia. Temos 520 camas máis para atención aos pacientes. 1.013 enfermeiras máis e un 37% máis de quirófanos. Saben o que pasou vostedes no ano 2008, 2009, 2010 cando chegou o Partido Popular a gobernar neste país? 22% de paro, déficit do 9%. Que déficit vai ter España agora de goberno do que vostedes son socios? Que débeda pública vai ter? Cal será a baixada do PIB? Van vostedes a apoiar os recortes que vai facer o novo goberno ao que vostedes apoian? A ver se cambiamos un pouco todo o que dicimos e entramos a comentar a realidade algunha vez.

E señor Varela, sorpréndeme tamén que poña como exemplo o urbanismo que vostede realizou nos seus anos de goberno da Marea, sobre todo pola colaboración público-privada que tivo un

Señor Deus Álvarez

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Señora Veira, la verdad es que nunca me defrauda en sus intervenciones y no va a parar de largar, como siempre, los mantras continuos sobre la sanidad pública. ¿Quiere que hablemos de la sanidad pública? Pues le voy a dar yo unos datos que tenía aquí preparados.

Tenemos 3.547 profesionales más que cuando el PP llegó a la Xunta de Galicia. Tenemos 520 camas más para atención a los pacientes. 1.013 enfermeras más y un 37% más de quirófanos. ¿Saben lo que pasó ustedes en el año 2008, 2009, 2010 cuando llegó el Partido Popular a gobernar en este país? 22% de paro, déficit del 9%. ¿Qué déficit va a tener España ahora de gobierno del que ustedes son socios? ¿Qué deuda pública va a tener? ¿Cuál será la bajada del PIB? ¿Van ustedes a apoyar los recortes que va a hacer el nuevo gobierno al que ustedes apoyan? A ver si cambiamos un poco todo lo que decimos y entramos a comentar la realidad alguna vez.

Y señor Varela, me sorprende también que ponga como ejemplo el urbanismo que usted realizó en sus años de gobierno de la Marea, sobre todo por la colaboración público-privada que tuvo un

claro exemplo neses pisos que aínda están e que hoxe saen aínda na prensa. E resulta que agora se acusa á Xunta de Galicia de comprar un solo privado para poñelo ao dispor do interese público. Iso é do que se acusa á Xunta de Galicia, de aumentar o patrimonio público na cidade? Eu, é que, a verdade, non o entendo.

claro ejemplo en esos pisos que todavía están y que hoy salen todavía en la prensa. Y resulta que ahora se acusa a la Xunta de Galicia de comprar un suelo privado para ponerlo a disposición del interés público. ¿Eso es de lo que se acusa a la Xunta de Galicia, de aumentar el patrimonio público en la ciudad? Yo, es que, la verdad, no lo entiendo.

Pero se o que vimos aquí é a facer política e estamos a falar en clave de eleccións, vou dar tamén uns datos de cales son os investimentos da Xunta na cidade. A Xunta é a administración que máis inviste na cidade, máis que o Estado e máis que a Deputación e o Concello xuntos. A Xunta puxo en marcha 3 escolas infantís públicas: Eirís, Monte Alto e Sardiñeira con 246 prazas públicas. Multiplicou por 4 as axudas á dependencia, duplicou as horas de axuda a domicilio, investiu 3,6 millóns de euros en 2 centros de día, en Eirís e Monte Alto, e a Xunta destina máis de 12 millóns de euros anuais a prestacións sociais na cidade: Risga, axuda a domicilio e inclusión social. E ten en marcha proxectos como o novo CHUAC, o CEIP de Novo Mesoiro, o Centro Amizade ou as vivendas sociais e xa estaría rematado o centro de saúde da Falperra se non fóra polo desastroso… eh… herdanza que recibimos do anterior Goberno de Marea Atlántica.

constitúe unha única etapa, con identidade propia, que atende os nenos e nenas desde o nacemento até os seis anos? Temos, pois, apreciacións importantes que facer a este regulamento, que aproveitamos para aclarar que non tivo unha tramitación transparente, non foi dialogado connosco e sabemos que tampouco foi dialogado e traballado cunha parte importante da comunidade educativa, como son as propias traballadoras das escolas infantís, tal é así que no informe da Secretaría Xeral sinálase que se omitiu o procedemento de consulta previa recollido na Lei 39/2015. Tamén entendemos que a redacción é pouco transparente para as persoas usuarias das escolas infantís, xa que está cheo de siglas que poden ser coñecidas por nós, polos concelleiros e as concelleiras da Corporación, para quen traballe no ámbito da Corporación local, do ensino ou mesmo deste propio Concello, pero non para o común das persoas, polo tanto, gustaríanos que se revisase a redacción. Así, pola nosa banda, temos unha serie de achegas importantes e de cuestións que se teñen que modificar, polo que anunciamos que presentaremos alegacións no trámite de exposición pública. Cremos que se ten que aclarar a dúbida formulada polo secretario no seu informe sobre se regulamos sobre escolas infantís municipais ou sobre escolas de educación infantil e de atención á infancia porque, polo visto, mudaría o ámbito normativo e competencial. Preocúpanos, tamén, a posibilidade de que as escolas infantís se xestionen por entidades sen ánimo de lucro a través dun convenio nominativo, como sinala o artigo 2. Non porque non esteamos de acordo con que se xestionen por entidades sen ánimo de lucro, senón porque se faga en base a convenios nominativos –e saliento- tendo en conta o que temos vivido nesta Corporación municipal, non nesta fase senón na anterior, como consecuencia de que non

¿estamos cumpliendo con el precepto legal de que la educación infantil constituye una única etapa, con identidad propia, que atiende a los niños y niñas desde el nacimiento hasta los seis años? Tenemos, pues, apreciaciones importantes que hacer a este reglamento, que aprovechamos para aclarar que no tuvo una tramitación transparente, no fue dialogado con nosotros y sabemos que tampoco fue dialogado y trabajado con una parte importante de la comunidad educativa, como son las propias trabajadoras de las escuelas infantiles, tal es así que en el informe de la Secretaría General se señala que se omitió el procedimiento de consulta previa recogido en la Ley 39/2015. También entendemos que la redacción es poco transparente para las personas usuarias de las escuelas infantiles, ya que está lleno de siglas que pueden ser conocidas por nosotros, por los concejales y las concejalas de la Corporación, para quien trabaje en el ámbito de la Corporación local, de la enseñanza o incluso de este propio Ayuntamiento, pero no para el común de las personas, por tanto, nos gustaría que se revisara la redacción. Así, por nuestra parte, tenemos una serie de aportaciones importantes y de cuestiones que se tienen que modificar, por lo que anunciamos que presentaremos alegaciones en el trámite de exposición pública. Creemos que se tiene que aclarar la duda formulada por el secretario en su informe sobre si regulamos sobre escuelas infantiles municipales o sobre escuelas de educación infantil y de atención a la infancia porque, por lo visto, mudaría el ámbito normativo y competencial. Nos preocupa, también, la posibilidad de que las escuelas infantiles se gestionen por entidades sin ánimo de lucro a través de un convenio nominativo, como señala el artículo 2. No porque no estemos de acuerdo con que se gestionen por entidades sin ánimo de lucro, sino porque

tivésemos os orzamentos en tempo, porque unha das consecuencias máis importantes que tiña era que os convenios nominativos ficaban sen financiamento, ficaban, polo tanto, sen asinar e ao final, a consecuencia última era, pois que, moitas entidades tiñan que retrasar os pagamentos dos salarios das súas traballadoras ou dos seus traballadores. Polo tanto, ollo con esta cuestión.

se haga en base a convenios nominativos –y destaco- teniendo en cuenta lo que hemos vivido en esta Corporación municipal, no en esta fase sino en la anterior, a consecuencia de que no tuviéramos los presupuestos en tiempo, porque una de las consecuencias más importantes que tenía era que los convenios nominativos quedaban sin financiación, quedaban, por tanto, sin firmar y al final, la consecuencia última era, pues que, muchas entidades tenían que retrasar los pagos de los salarios de sus trabajadoras o de sus trabajadores. Por lo tanto, ojo con esta cuestión.

Outra cuestión que cremos que hai que reformular é como se trata o alumnado con necesidades especiais de atención educativa, os NEAE, que no proceso de admisión contarán co dobre para os efectos das ratios, mais non se contempla persoal específico nas escolas para elas e para eles e, como en moitas ocasións -tal e como acontece xa no ensino regrado ou no ensino de 3 a 12 anos en adiante- o que se entende é que os nenos xa veñen –enténdaseme ben- diagnosticados da casa ou que xa comezan o curso diagnosticados. E, que pasa cando iso acontece en medio dun curso escolar?, como se xestiona iso nunha escola infantil con 8, 13 ou 20 crianzas por unidade segundo a idade? E coa ratio atopamos. Podemos facer unha pequena comparativa cos casos doutros países -e aquí vou á ambición que sinalaba ao comezo da nosa intervención-:

Otra cuestión que creemos que hay que replantear es cómo se trata al alumnado con necesidades especiales de atención educativa, los NEAE, que en el proceso de admisión contarán con el doble a efectos de las ratios, pero no se contempla personal específico en las escuelas para ellas y para ellos y, como en muchas ocasiones -tal y como acontece ya en la enseñanza reglada o en la enseñanza de 3 a 12 años en adelante- lo que se entiende es que los niños ya vienen –entiéndaseme bien- diagnosticados de casa o que ya comienzan el curso diagnosticados. Y, ¿qué pasa cuando eso sucede en medio de un curso escolar?, ¿cómo se gestiona eso en una escuela infantil con 8, 13 o 20 niños y niñas por unidad según la edad? Y con la ratio nos encontramos. Podemos hacer una pequeña comparativa con los casos de otros países -y aquí voy a la ambición que señalaba al inicio de nuestra intervención-:

-En Dinamarca a ratio é de 3 nenos de 0 a 1 ano, en Holanda de 4, en Xapón de 4, en Francia de 5. Nas escolas infantís municipais, de 8.

-En Dinamarca la ratio es de 3 niños de 0 a 1 año, en Holanda de 4, en Japón de 4, en Francia de 5. En las escuelas infantiles municipales, de 8.

-De 1 a 2 anos en Dinamarca hai 3 nenos, en Holanda 5, en Xapón 6, en Francia 8. Nas escolas infantís municipais 13.

-De 1 a 2 años en Dinamarca hay 3 niños, en Holanda 5, en Japón 6, en Francia 8. En las escuelas infantiles

municipales 13.

-Nas escolas infantís municipais, de 2 a 3 anos hai 20 nenos de ratio. En Dinamarca 3, en Holanda 6, en Xapón 6, en Francia 8.

-En las escuelas infantiles municipales, de 2 a 3 años hay 20 niños de ratio. En Dinamarca 3, en Holanda 6, en Japón 6, en Francia 8.

Imos, de verdade, poñer a vida no centro?, imos, de verdade, poñer os coidados no centro?, Imos facer en serio do ensino e da conciliación un asunto de estado? Nas ratios tamén se ve isto.

¿Vamos, de verdad, a poner la vida en el centro?, ¿vamos, de verdad, a poner los cuidados en el centro?, ¿vamos a hacer en serio de la enseñanza y de la conciliación un asunto de estado? En las ratios también se ve esto.

Outra cuestión que nos preocupa é aquilo que ten que ver coa participación e con ese consello de participación que salientaba o concelleiro... **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención).**

*Otra cuestión que nos preocupa es aquello que tiene que ver con la participación y con ese consejo de participación que destacaba el concejal... **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención).***

Presidencia

Presidencia

Rematou? Moitas grazas. Xa sabía eu que ía pasar isto. Moi comedidos poñendo tres máis dous e ao final, pois, ímonos aos cinco máis tres de sempre.

¿Finalizó? Muchas gracias. Ya sabía yo que iba a pasar esto. Muy comedidos poniendo tres más dos y al final, pues, nos vamos a los cinco más tres de siempre.

Pola Marea Atlántica, señora Cameán.

Por la Marea Atlántica, señora Cameán.

Señora Cameán Calvete

Señora Cameán Calvete

Moitísimas grazas, señora Rey.

Muchísimas gracias, señora Rey.

Bo día a todas, ás traballadoras desta casa, ás compañeiras da Corporación e a todas as persoas que nos seguen a través do streaming.

Buenos días a todas, a las trabajadoras de esta casa, a las compañeras de la Corporación y a todas las personas que nos siguen a través del streaming.

Estamos convencidas de que ante unha situación destas características toca estar á altura da xente da Coruña. E toca responder, tamén, coa mesma responsabilidade e madurez coa que están respondendo dende hai bastantes días xa.

Estamos convencidas de que ante una situación de estas características toca estar a la altura de la gente de A Coruña. Y toca responder, también, con la misma responsabilidad y madurez con la que están respondiendo desde hace bastantes días ya.

As representantes públicas temos o mandato de chegar a acordos, non de aparentar un entendemento cosmético e falso, senón de traducir á realidade cambios que melloren a vida das persoas.

Las representantes públicas tenemos el mandato de llegar a acuerdos, no de aparentar un entendimiento cosmético y falso, sino de traducir a la realidad cambios que mejoren la vida de las personas.

Na Marea Atlántica temos clara unha cuestión e é que a nosa oposición non vai a ser a mesma que a oposición que recibimos nos catro anos anteriores. Vai ser unha oposición sa e vai ser unha oposición construtiva, máis, se cabe, nestes duros tempos que nos tocaron vivir, pero temos claro, tamén, que os nosos votos, os nosos seis votos, van ser, son e serán para o ben común das maiorías sociais. Estamos convencidas de que esta é a mellor maneira de axudar á Coruña.

En la Marea Atlántica tenemos clara una cuestión y es que nuestra oposición no va a ser la misma que la oposición que recibimos en los cuatro años anteriores. Va a ser una oposición sana y va a ser una oposición constructiva, más, si cabe, en estos duros tiempos que nos tocaron vivir, pero tenemos claro, también, que nuestros votos, nuestros seis votos, van a ser, son y serán para el bien común de las mayorías sociales. Estamos convencidas de que esta es la mejor manera de ayudar a A Coruña.

Hoxe traemos aquí unha boa nova, o cumprimento dun dos acordos entre o Grupo Municipal da Marea Atlántica e o Grupo Municipal PSdeG-PSOE: a gratuidade das escolas infantís municipais. Quero agradecer, tanto o señor Lage como o señor Celemín -nun plano político- e á señora Ron e á señora Carral -nun plano técnico- a súa boa disposición e o seu bo talante durante o transcurso desta negociación. Creo –e dígoo moi francamente- que o resultado, a pesar das diferentes concepcións, a pesares dos distintos modelos, é un avance, é positivo e é beneficioso para as coruñesas e os coruñeses desta cidade, especialmente –tamén hai que dicilo- para os máis vulnerables. Pero, evidentemente, non é o punto final, senón que é un punto de partida porque, efectivamente, debe de ser acompañado de moitas máis medidas.

Hoy traemos aquí una buena noticia, el cumplimiento de uno de los acuerdos entre el Grupo Municipal de la Marea Atlántica y el Grupo Municipal PSdeG-PSOE: la gratuidad de las escuelas infantiles municipales. Quiero agradecer, tanto al señor Lage como al señor Celemín -en un plano político- y a la señora Ron y a la señora Carral -en un plano técnico- su buena disposición y su buen talante durante el transcurso de esta negociación. Creo –y lo digo muy francamente- que el resultado, a pesar de las diferentes concepciones, a pesar de los distintos modelos, es un avance, es positivo y es beneficioso para las coruñesas y los coruñeses de esta ciudad, especialmente –también hay que decirlo- para los más vulnerables. Pero, evidentemente, no es el punto final, sino que es un punto de partida porque, efectivamente, debe de ser acompañado de muchas más medidas.

Ben, a etapa educativa de 0 a 3 anos non é obrigatoria, pero é absolutamente imprescindible, sobre isto hai un notable consenso. Unha inmensa maioría de

Bien, la etapa educativa de 0 a 3 años no es obligatoria, pero es absolutamente imprescindible, sobre esto hay un notable consenso. Una inmensa mayoría de

expertas educativas, así como tamén o vén manifestando a propia Unesco, insisten na importancia que ten. Trátase dunha etapa educativa que vai moito máis aló do que se aprende na aula. Trátase dun medio que racha directamente coas desigualdades sociais, e se queremos e dicimos que ninguén se debe quedar atrás, o mellor é darlle á educación infantil o valor que realmente merece. E nesta liña de impulso, nesta liña de posta en valor, hoxe tráese aquí un regulamento que trae importantes e notables cambios.

expertas educativas, así como también lo viene manifestando la propia Unesco, insisten en la importancia que tiene. Se trata de una etapa educativa que va mucho más allá de lo que se aprende en el aula. Se trata de un medio que rompe directamente con las desigualdades sociales, y si queremos y decimos que nadie se debe quedar atrás, lo mejor es darle a la educación infantil el valor que realmente merece. Y en esta línea de impulso, en esta línea de puesta en valor, hoy se trae aquí un reglamento que trae importantes y notables cambios.

O primeiro deles xa se explicou, é a gratuidade de 0 a 3 anos en 9 escolas infantís municipais, que son as que compoñen a nosa rede, cun gasto público de case medio millón de euros, que é menos da metade do que adica este Goberno municipal a propaganda, isto significa un avance moi positivo.

El primero de ellos ya se explicó, es la gratuidad de 0 a 3 años en 9 escuelas infantiles municipales, que son las que componen nuestra red, con un gasto público de casi medio millón de euros, que es menos de la mitad del que dedica este Gobierno municipal a propaganda, esto significa un avance muy positivo.

O segundo, a modificación dos criterios de admisión. Dende a Marea Atlántica temos claro que nacer nunha familia humilde non pode significar quedarte fóra dos dereitos sociais, a equidade debe de ser, tamén, unha marca de identidade e a pesares das diferencias e dos distintos modelos conseguimos chegar a un punto intermedio, tamén, neste aspecto.

El segundo, la modificación de los criterios de admisión. Desde la Marea Atlántica tenemos claro que nacer en una familia humilde no puede significar quedarte fuera de los derechos sociales, la equidad debe de ser, también, una marca de identidad y a pesar de las diferencias y de los distintos modelos conseguimos llegar a un punto intermedio, también, en este aspecto.

En terceiro lugar, unha aposta contundente polo ensino en valores, tamén, como é identidade da rede, priorizando o fomento da igualdade, o respecto pola diversidade, a atención á diversidade, a sustentabilidade ambiental, a alimentación saudable... que estes sexan obxectivos da rede e non unha quimera.

En tercer lugar, una apuesta contundente por la enseñanza en valores, también, como es identidad de la red, priorizando el fomento de la igualdad, el respeto por la diversidad, la atención a la diversidad, la sostenibilidad ambiental, la alimentación saludable... que estos sean objetivos de la red y no una quimera.

En cuarto lugar, a aposta polo galego como lingua vehicular, deste xeito racionalizamos a esixencia do coñecemento da lingua inglesa e

En cuarto lugar, la apuesta por el gallego como lengua vehicular, de este modo racionalizamos la exigencia del conocimiento de la lengua inglesa y

potenciamos o coñecemento da que é a nosa lingua, do galego e isto non é ningunha ocorrencia, así o veñen recomendando múltiples informes do Consello Europeo, que no marco da Carta Europea das Linguas Rexionais levan tempo advertíndonos os representantes públicos de que é urxente incorporar o galego ás distintas etapas educativas. Creo hoxe que está ben aquí que recordemos isto, xa manifestou a representante de Ciudadanos que non estaban de acordo con que nas escolas infantís se aposte pola nosa lingua, seguramente o Partido Popular tamén agora se manifeste nesta mesma liña, pero, dende logo, nós temos claro, absolutamente claro, que apostar polo galego é apostar por defender os dereitos humanos.

potenciamos el conocimiento de la que es nuestra lengua, del gallego y esto no es ninguna ocurrencia, así lo vienen recomendando múltiples informes del Consejo Europeo, que en el marco de la Carta Europea de las Lenguas Regionales llevan tiempo advirtiéndonos a los representantes públicos de que es urgente incorporar el gallego a las distintas etapas educativas. Creo hoy que está bien aquí que recordemos esto, ya manifestó la representante de Ciudadanos que no estaban de acuerdo con que en las escuelas infantiles se apueste por nuestra lengua, seguramente el Partido Popular también ahora se manifieste en esta misma línea, pero, desde luego, nosotros tenemos claro, absolutamente claro, que apostar por el gallego es apostar por defender los derechos humanos.

E, por último, un dos grandes cambios que contempla, tamén, este regulamento, é a defensa das traballadoras. É evidente, xa dicía a compañeira Veira, que as traballadoras de 0 a 3 anos deben de poñerse en valor. As traballadoras de 0 a 3 anos, que traballan na educación infantil, traballan nunhas condicións absolutamente precarias e ademais a gran maioría delas son mulleres e, efectivamente, dende un concello, as competencias son as que son e non se pode cambiar absolutamente todo pero, evidentemente, si que nos temos que encargar de poñer en valor a aquelas que están sostendo da vida, aquelas que son as que coidan das nosas pequenas e dos nosos pequenos e aquelas que, ademais, neste momento, son absolutamente imprescindibles, tal e como se está demostrando. Nada máis, sobre a tentativa de polémica con respecto ao galego pronunciareime na segunda quenda.

Y, por último, uno de los grandes cambios que contempla, también, este reglamento, es la defensa de las trabajadoras. Es evidente, ya decía la compañera Veira, que las trabajadoras de 0 a 3 años deben de ponerse en valor. Las trabajadoras de 0 a 3 años, que trabajan en la educación infantil, trabajan en unas condiciones absolutamente precarias y además la gran mayoría de ellas son mujeres y, efectivamente, desde un ayuntamiento, las competencias son las que son y no se puede cambiar absolutamente todo pero, evidentemente, sí que nos tenemos que encargar de poner en valor a aquellas que están sosteniendo de la vida, aquellas que son las que cuidan de nuestras pequeñas y de nuestros pequeños y aquellas que, además, en este momento, son absolutamente imprescindibles, tal y como se está demostrando. Nada más, sobre la tentativa de polémica con respecto al gallego me pronunciaré en el segundo turno.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Cameán.

Polo Grupo Popular, señor Coira.

Señor Coira Andrade

Moitas grazas.

Bo día aos traballadores dos medios de comunicación que nos acompañan, aos empregados municipais, aos membros da Corporación, a todos aqueles que nos seguen pola emisión en directo, onde queira que estean. Gústame velos a vostedes sans aquí, esperemos estar todos ben e á altura das circunstancias.

Non quixera empezar esta intervención sen darlles unha mensaxe de ánimo ás familias e amigos de todos os falecidos durante esta pandemia. Tocounos vivir uns meses moi duros, inimaxinables para calquera de nós e esperemos que todos os presentes e os que nos escoitan e seguen poidamos contarlles que superamos esta experiencia aos nosos netos.

Entrando no asunto do regulamento, o Partido Socialista Obreiro Español trae aquí o que di novo regulamento, un regulamento que realmente se basea, fundamentalmente, no regulamento aprobado polo Partido Popular no 2014. Si é certo que formula algunhas modificacións -como despois veremos e como xa comentou o voceiro do Grupo Socialista- pero que, digamos, que o 80%, 85% estariamos a falar de cambios que se experimentaron nesa rede de escolas infantís, por reivindicar, tamén, a historia do Partido Popular gobernando na cidade nese regulamento, sen esquecer as dúas escolas infantís e o incremento de prazas de escolas infantís durante o mandato do Partido Popular e tamén a construción de escolas e mesmo se deixou en marcha unha escola que

Muchas gracias, señora Cameán.

Por el Grupo Popular, señor Coira.

Señor Coira Andrade

Muchas gracias.

Buenos días a los trabajadores de los medios de comunicación que nos acompañan, a los empleados municipales, a los miembros de la Corporación, a todos aquellos que nos siguen por streaming, donde quiera que estén. Me gusta verlos a ustedes sanos aquí, esperemos estar todos bien y a la altura de las circunstancias.

No quisiera empezar esta intervención sin darles un mensaje de ánimo a las familias y amigos de todos los fallecidos durante esta pandemia. Nos ha tocado vivir unos meses muy duros, inimaginables para cualquiera de nosotros y esperemos que todos los presentes y los que nos escuchan y nos siguen podamos contarles que hemos superado esta experiencia a nuestros nietos.

Entrando en el asunto del reglamento, el Partido Socialista Obrero Español trae aquí el que dice nuevo reglamento, un reglamento que realmente se basa, fundamentalmente, en el reglamento aprobado por el Partido Popular en el 2014. Sí es cierto que plantea algunas modificaciones -como después veremos y como ya comentó el portavoz del Grupo Socialista- pero que, digamos, que el 80%, 85% estaríamos hablando de cambios que se experimentaron en esa red de escuelas infantiles, por reivindicar, también, la historia del Partido Popular gobernando en la ciudad en ese reglamento, sin olvidar las dos escuelas infantiles y el incremento de plazas de escuelas infantiles durante el mandato del Partido Popular y también la construcción de escuelas e incluso se dejó en marcha

estaba a facer a Xunta.

De 0 a 3 anos en Coruña hai aproximadamente 5.600 nenos, dos cales 829 benefícianse dos servizos das escolas infantís municipais e 1.049 das prazas que oferta a Xunta. Estariamos a falar de 1.878 nenos de 0 a 3 anos que reciben este ensino e este servizo a través de fondos públicos. A ratio con respecto á media de Galicia deixaríaa un pouco lonxe, dado que en Galicia a ratio é do 42%, co cal estariamos a falar dun déficit na Coruña de prazas públicas de 484. Eu creo que iso sería bo, poñerse a solucionalo, a crear máis escolas infantís, non como a Marea, que incrementándose a demanda de prazas de infantil durante o seu mandato, non dedicou nin un só euro a unha nova escola infantil. Ben, nin a unha nova escola infantil, nin a ningún centro de día, nin a ningún centro cívico, nin a vivendas sociais, exceptuando os pisiños estes famosos, que estamos todos os días a ver por aí que, desde logo, sociais non sei se son e non creo que beneficiasen a ningunha persoa que necesitase, realmente, o diñeiro.

una escuela que estaba haciendo la Xunta.

De 0 a 3 años en Coruña hay aproximadamente 5.600 niños, de los cuales 829 se benefician de los servicios de las escuelas infantiles municipales y 1.049 de las plazas que oferta la Xunta. Estaríamos hablando de 1.878 niños de 0 a 3 años que reciben esta enseñanza y este servicio a través de fondos públicos. La ratio con respecto a la media de Galicia la dejaría un poco lejos, dado que en Galicia el ratio es de 42%, con lo cual estaríamos hablando de un déficit en La Coruña de plazas públicas de 484. Yo creo que eso sería bueno, ponerse a solucionarlo, a crear más escuelas infantiles, no como la Marea, que incrementándose la demanda de plazas de infantil durante su mandato, no dedicó ni un solo euro a una nueva escuela infantil. Bueno, ni a una nueva escuela infantil, ni a ningún centro de día, ni a ningún centro cívico, ni a viviendas sociales, exceptuando los pisitos estos famosos, que estamos todos los días viendo por ahí que, desde luego, sociales no sé si son y no creo que hayan beneficiado a ninguna persona que necesitara, realmente, el dinero.

Ás trece horas e seis minutos prodúcese un problema técnico na videoconferencia e pérdese a imaxe durante dous minutos.

A las trece horas y seis minutos se produce un problema técnico en la videoconferencia perdiéndose la imagen durante dos minutos.

O proxecto, insisto, baséase, fundamentalmente, no regulamento de 2014, no que por primeira vez o Partido Popular introducía nesta rede de escolas infantís de hai 33 anos, a existencia de prazas gratuítas para a xente que necesitaba, que carecía de recursos económicos; segundos e sucesivos irmáns tiñan tamén a prestación gratuíta; tíñanse en conta as contornas e as circunstancias familiares, sociais e económicas dos pais dos nenos de 0 a 3 anos; creábase un órgano central que vostedes basicamente neste regulamento

El proyecto, insisto, se basa, fundamentalmente, en el reglamento de 2014, en el que por primera vez el Partido Popular introducía en esta red de escuelas infantiles de hace 33 años, la existencia de plazas gratuitas para la gente que necesitaba, que carecía de recursos económicos; segundos y sucesivos hermanos tenían también la prestación gratuita; se tenían en cuenta los entornos y las circunstancias familiares, sociales y económicas de los padres de los niños de 0 a 3 años; se creaba un órgano central que ustedes básicamente en este

lle cambian o nome, Consello de Participación, cunhas funcións e representación, basicamente, moi parecidas ás que ten o regulamento actual, no que xa se falaba dun plan de formación de persoal, dun plan de avaliación interna e respectábase o plurilingüismo, tendo o galego, o castelán e o inglés como idiomas que se usaban. Era un regulamento -e é- xusto, solidario, realista, que tiña en conta as situacións económicas das familias e que representaba un gran avance e unhas cuestións sociais e económicas que non se tiveron en conta ata o de agora neste Concello para a atención e a prestación dese servizo. Estamos, efectivamente, de acordo e é un gran avance o establecemento, que é o que realmente é máis importante do que vostedes formulan, a gratuidade deste servizo. Cremos que é algo moi necesario para moitas economías, pero cremos tamén que o resto de modificacións que se formulan podían consistir simplemente nunhas modificacións puntuais dalgúns textos ou dalgúns artigos ou parágrafos dos regulamentos. Poñemos tamén ou sacamos aquí a colación dous asuntos moi importantes: o idioma galego imponse, a lingua vehicular é o galego, a normativa non di iso. Se nós mantivésemos este artigo estariamos absolutamente en contra da normativa; o informe do secretario esténdese con termos reais e explícao cunha claridade meridiana; o informe da Asesoría Xurídica tamén di que se debe garantir o uso da lingua materna predominante nas aulas e vostedes insisten, a pesar desta insistencia, nestes informes, en traer este proxecto de orzamento aquí con este tema. Tamén me preocupa que non se seguiron os trámites de consulta previa, como tamén di o informe do secretario, consultaron os da Marea aos do PSOE e os do PSOE aos da Marea, pero o resto das forzas políticas, xa quedou claro aquí nas intervencións, que non foron

reglamento le cambian el nombre, Consejo de Participación, con unas funciones y representación, básicamente, muy parecidas a las que tiene el reglamento actual, en el que ya se hablaba de un plan de formación de personal, de un plan de evaluación interna y se respetaba el plurilingüismo, teniendo el gallego, el castellano y el inglés como idiomas que se usaban. Era un reglamento -y es- justo, solidario, realista, que tenía en cuenta las situaciones económicas de las familias y que representaba un gran avance y unas cuestiones sociales y económicas que no se habían tenido en cuenta hasta ahora en este Ayuntamiento para la atención y la prestación de ese servicio. Estamos, efectivamente, de acuerdo y es un gran avance el establecimiento, que es lo que realmente es más importante de lo que ustedes plantean, la gratuidad de este servicio. Creemos que es algo muy necesario para muchas economías, pero creemos también que el resto de modificaciones que se plantean podían haber consistido simplemente en unas modificaciones puntuales de algunos textos o de algunos artículos o párrafos de los reglamentos. Ponemos también o sacamos aquí a colación dos asuntos muy importantes: el idioma gallego se impone, la lengua vehicular es el gallego, la normativa no dice eso. Si nosotros mantuviéramos este artículo estaríamos absolutamente en contra de la normativa; el informe del secretario se extiende con términos reales y lo explica con una claridad meridiana; el informe de la Asesoría Jurídica también dice que se debe garantizar el uso de la lengua materna predominante en las aulas y ustedes insisten, a pesar de esta insistencia, en estos informes, en traer este proyecto de presupuesto aquí con este tema. También me preocupa que no se hayan seguido los trámites de consulta previa, como también dice el informe del secretario, han consultado los de la Marea a los del PSOE y los del

consultadas para nada. Isto déusenos cociñado e non se nos preguntou nada en absoluto. Reservámonos, tamén, o período de alegacións para facer algunhas achegas que consideramos oportunas e tamén nos preocupa moito o tema de que parece ser que a asistencia á infancia, o asunto asistencial, parece que isto son escolas infantís e non escolas infantís de asistencia á infancia. Cremos que hai que identificar iso claramente porque o que se nega nun principio nun artigo, ao final no regulamento faise alusión permanente á asistencia á infancia. A lexislación que afectaría neste caso sería, pois, a lexislación de educación **óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *xa remato, co cal eu creo que iso tamén sería bo definilo. Moitas grazas.*

PSOE a los de la Marea, pero el resto de las fuerzas políticas, ya ha quedado claro aquí en las intervenciones, que no han sido consultadas para nada. Esto se nos ha dado cocinado y no se nos ha preguntado nada en absoluto. Nos reservamos, también, el periodo de alegaciones para hacer algunas aportaciones que consideramos oportunas y también nos preocupa mucho el tema de que parece ser que la asistencia a la infancia, el asunto asistencial, parece que esto son escuelas infantiles y no escuelas infantiles de asistencia a la infancia. Creemos que hay que identificar eso claramente porque lo que se niega en un principio en un artículo, al final en el reglamento se hace alusión permanente a la asistencia a la infancia. La legislación que afectaría en este caso sería, pues, la legislación de educación ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** ya termino, con lo cual yo creo que eso también sería bueno definirlo. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Coira.

Señor Lage.

Presidencia

Muchas gracias, señor Coira.

Señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Grazas a todos os grupos políticos polas consideracións que teñen feito, incluídas aquelas que poidan supoñer críticas que, ademais, permitirán no seguinte trámite introducir melloras, se así se considera que hai achegas substanciais.

Señor Lage Tuñas

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Gracias a todos los grupos políticos por las consideraciones que han hecho, incluidas aquellas que puedan suponer críticas que, además, permitirán en el siguiente trámite introducir mejoras, si así se considera que hay aportaciones sustanciales.

Ás trece horas e nove minutos sae do Salón de Sesións o señor Varela Gómez.

A las trece horas y nueve minutos sale del Salón de Sesiones el señor Varela Gómez

Quería, en primeiro lugar, determe na

Quería, en primer lugar, detenerme en la

intervención que fixo a señora Veira ao respecto da ambición. Compartimos esa ambición, incluso as referencias ás que vostede fixo alusión, nomeadamente a de Dinamarca, pois, vese que aínda dende a diferenza e ser organizacións diferentes, tanto á que eu pertenzo como á que vostede pertence, pois podemos ter moitas cousas en común, incluso as referencias que se toman. Efectivamente, creo que temos que ser ambiciosos, imos a ter en conta todas as achegas que se fagan. Sabemos que pretenden mellorar o regulamento e, desde logo, entendémolo dende a posición crítica que acaba de facer pero tamén desde a posición de ambición, unha posición construtiva que, desde logo, merécenos todo o respecto e intentaremos corresponder a esas achegas.

intervención que hizo la señora Veira respecto de la ambición. Compartimos esa ambición, incluso las referencias a las que usted hizo alusión, especialmente la de Dinamarca, pues, se ve que aún desde la diferencia y ser organizaciones diferentes, tanto a la que yo pertenezco como a la que usted pertenece, pues podemos tener muchas cosas en común, incluso las referencias que se toman. Efectivamente, creo que tenemos que ser ambiciosos, vamos a tener en cuenta todas las aportaciones que se hagan. Sabemos que pretenden mejorar el reglamento y, desde luego, lo entendimos desde la posición crítica que acaba de hacer pero también desde la posición de ambición, una posición constructiva que, desde luego, nos merece todo el respeto e intentaremos corresponder a esas aportaciones.

Señora Cameán, non podo máis que referendar o que vostede ten expresado aquí, creo que froito dos acordos e da cooperación é posible camiñar e dar pasos adiante e eu teño que tamén recoñecer o espírito construtivo que tiveron, tanto vostede como o señor Martínez e a propia voceira da Marea, a señora García, que en todo momento fixeron posible que un trámite que tiña a súa complexidade puidera ver a luz. Creo que é a demostración de que se pode cooperar e é a demostración, tamén, de que o Goberno dá pasos para intentar buscar entendementos e acordo.

Señora Cameán, no puedo más que refrendar lo que usted ha expresado aquí, creo que fruto de los acuerdos y de la cooperación es posible caminar y dar pasos adelante y yo tengo que también reconocer el espíritu constructivo que tuvieron, tanto usted como el señor Martínez y la propia portavoz de la Marea, la señora García, que en todo momento hicieron posible que un trámite que tenía su complejidad pudiese ver la luz. Creo que es la demostración de que se puede cooperar y es la demostración, también, de que el Gobierno da pasos para intentar buscar entendimientos y acuerdo.

Señor Coira, déficit público na Coruña; vostede fixo unha serie de consideracións, eu agradezo moito a forma en que se ten formulado a discrepancia, porque entendo tamén que hai unha posición de fondo que non cuestiona a rede de escolas infantís municipais, vostedes tiveron responsabilidades de goberno, saben da súa relevancia, pero quédome cun dato:

Señor Coira, déficit público en A Coruña; usted hizo una serie de consideraciones, yo agradezco mucho la forma en que se ha formulado la discrepancia, porque entiendo también que hay una posición de fondo que no cuestiona la red de escuelas infantiles municipales, ustedes tuvieron responsabilidades de gobierno, saben de su relevancia, pero me quedo con un dato: si el Ayuntamiento prácticamente es

se o Concello practicamente é o que está asumindo –e esa é tamén unha realidade- está asumindo un servizo os cidadáns con competencias que corresponden á administración autonómica e esperando que o paso que se dá hoxe aquí sirva de exemplo á Xunta de Galicia, de feito serviu de exemplo á Xunta de Galicia, porque cando se anunciou o acordo para a gratuidade das escolas infantís na cidade, na semana seguinte o presidente da Xunta tamén tomo algunha decisión nese sentido, non sei se foi a consecuencia diso ou non, pero a temporalidade está aí.

el que está asumiendo –y esa es también una realidad- está asumiendo un servicio a los ciudadanos con competencias que corresponden a la administración autonómica y esperando que el paso que se da hoy aquí sirva de ejemplo a la Xunta de Galicia, de hecho sirvió de ejemplo a la Xunta de Galicia, porque cuando se anunció el acuerdo para la gratuidad de las escuelas infantiles en la ciudad, en la semana siguiente el presidente de la Xunta también tomo alguna decisión en ese sentido, no sé si fue a consecuencia de eso o no, pero la temporalidad está ahí.

Ás trece horas e doce minutos entra no Salón de Sesións o señor Varela Gómez.

A las trece horas y doce minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Varela Gómez.

O que si lle digo é que concordo en que, se vostede pon sobre a mesa que hai un déficit de prazas en educación infantil, pois, as competencias son da comunidade autónoma. Agora ben, temos a mellor das disposicións para o entendemento e, polo tanto, busquemos espazos que nos permitan construír solucións. É dicir, se coincidimos en que hai déficit, o que temos é que ser capaces de ver o que aporta cada quen. Polo tanto, non pechemos portas e si lle quero dicir unha cousa: non se pode impoñer o que é propio, artigo 5 do noso Estatuto de Autonomía de Galicia. Eu, cando alguén compra eses discursos que veñen a través... en fin, da A-6, saíndo dende a Castellana, no barrio de Salamanca, é dicir, a min non me poden impoñer o que é meu, impoñeranme algo que non é meu. Moitas grazas.

Lo que sí le digo es que concuerdo en que, si usted pone sobre la mesa que hay un déficit de plazas en educación infantil, pues, las competencias son de la comunidad autónoma. Ahora bien, tenemos la mejor de las disposiciones para el entendimiento y, por tanto, busquemos espacios que nos permitan construir soluciones. Es decir, si coincidimos en que hay déficit, lo que tenemos es que ser capaces de ver lo que aporta cada quién. Por lo tanto, no cerremos puertas y sí le quiero decir una cosa: no se puede imponer lo que es propio, artículo 5 de nuestro Estatuto de Autonomía de Galicia. Yo, cuando alguien compra esos discursos que vienen a través... en fin, de la A-6, saliendo desde la Castellana, en el barrio de Salamanca, es decir, a mí no me pueden imponer lo que es mío, me impondrán algo que no es mío. Muchas gracias.

<u>Presidencia</u>

<u>Presidencia</u>

Moitas grazas, señor Lage.

Muchas gracias, señor Lage.

Última quenda de dous minutos, señora Martínez.

Último turno de dos minutos, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Primeiro, contestarlle á señora Cameán, que creo que me entendeu mal, porque eu en ningún momento dixen de non apostar polo galego. Dígoo claro: apostar si, polo galego, sempre; obrigar non, nunca. Creo que fixo máis polo fomento da lingua galega o Xabarín, da TVG, que calquera obriga imposta no idioma.

Queremos deixar claro que Ciudadanos non se abstén no voto á gratuidade das escolas infantís, senón ao condicionante irregular que engaden en relación ao galego como lingua vehicular. Abstémonos porque hai unha lei que hai que cumprir –e vostedes sábeno- unha lei no relativo á lingua materna que contempla o decreto autonómico -como ben explica e redacta o PP na emenda que presenta- unha lei coa que estamos totalmente de acordo. Á parte das condicionantes legais ese regulamento non é imparcial cos nenos, a mensaxe que envía é: se queres ir a unha escola infantil gratuíta estás obrigado a que a lingua vehicular sexa unha exclusivamente, non a lingua materna, que por dereito contempla a normativa en Galicia. Non é xusto que se queres facer prevalecer os teus dereitos non poidas optar a unha escola gratuíta. Esta presión sobre os usuarios ten un nome moi feo que non imos dicir. Lamentamos, insisto, sinceramente, que o Goberno do PSOE utilice e condicione a gratuidade educativa ao uso do galego como lingua vehicular. Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Señora Veira.

Señora Martínez Lema

Primero, contestarle a la señora Cameán, que creo que me entendió mal, porque yo en ningún momento dije no apostar por el gallego. Lo digo claro: apostar sí, por el gallego, siempre; obligar no, nunca. Creo que hizo más por el fomento de la lengua gallega el Xabarín, de la TVG, que cualquier obligación impuesta en el idioma.

Queremos dejar claro que Ciudadanos no se abstiene en el voto a la gratuidad de las escuelas infantiles, sino al condicionante irregular que añaden en relación al gallego como lengua vehicular. Nos abstenemos porque hay una ley que hay que cumplir –y ustedes lo saben- una ley en lo relativo a la lengua materna que contempla el decreto autonómico -como bien explica y redacta el PP en la enmienda que presenta- una ley con la que estamos totalmente de acuerdo. Aparte de los condicionantes legales ese reglamento no es imparcial con los niños, el mensaje que envía es: si quieres ir a una escuela infantil gratuita estás obligado a que la lengua vehicular sea una exclusivamente, no la lengua materna, que por derecho contempla la normativa en Galicia. No es justo que si quieres hacer prevalecer tus derechos no puedas optar a una escuela gratuita. Esta presión sobre los usuarios tiene un nombre muy feo que no vamos a decir. Lamentamos, insisto, sinceramente, que el Gobierno del PSOE utilice y condicione la gratuidad educativa al uso del gallego como lengua vehicular. Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Martínez.

Señora Veira.

Señora Veira González

Continúo coa intervención. Outra cuestión que cremos que tamén hai que corrixir no Consello de Participación que se crea con este regulamento é que non hai representantes das traballadoras das escolas infantís alén das directoras dos centros. Cremos que ten que escoitarse o persoal de aula que está en primeira liña día a día e que hai que ter en conta a súa opinión. Ademais, este órgano só se reuniría de xeito ordinario a comezos de curso, nós cremos que tamén se debe de reunir a final de curso para avaliar e para tomar as decisións oportunas con tempo abondo para planificar e para programar antes de comezar.

Por outra banda, no que ten que ver coa xestión das escolas e do persoal cremos que deberiamos de blindar a través deste regulamento que os contratos ás persoas da rede de escolas infantís municipais sexa, como mínimo, de catro horas diarias. Non pode ser que a administración pública sexa o primeiro cómplice necesario da precariedade laboral. Cremos, tamén, que este regulamento debe precisar que as traballadoras deberán cobrar en función do que estableza o convenio en cada caso, se for preciso, revisando o prezo das concesións ou, cando menos, limitando neste regulamento, do mesmo xeito que se enuncian os modelos de xestión, os anos máximos de duración das concesións para que así as traballadoras poidan actualizar o seu salario conforme ao seu convenio, tal e como din elas propias, para chegar a ser mileuristas, porque logo elas encárganse do ensino de 0 a 3, programan, preparan as actividades, recollen, ensinan, titorizan ás crianzas e o estudantado en prácticas, atenden a pais e nais e todo isto no horario laboral e fóra dese horario,

Señora Veira González

Continúo con la intervención. Otra cuestión que creemos que también hay que corregir en el Consejo de Participación que se crea con este reglamento es que no hay representantes de las trabajadoras de las escuelas infantiles aparte de las directoras de los centros. Creemos que tiene que escucharse al personal de aula que está en primera línea día a día y que hay que tener en cuenta su opinión. Además, este órgano solo se reuniría de manera ordinaria a comienzos de curso, nosotros creemos que también se debe reunir a final de curso para evaluar y para tomar las decisiones oportunas con tiempo suficiente para planificar y para programar antes de comenzar.

Por otra parte, en lo que tiene que ver con la gestión de las escuelas y del personal creemos que deberíamos blindar a través de este reglamento que los contratos a las personas de la red de escuelas infantiles municipales sea, como mínimo, de cuatro horas diarias. No puede ser que la administración pública sea el primer cómplice necesario de la precariedad laboral. Creemos, también, que este reglamento debe precisar que las trabajadoras deberán cobrar en función de lo que establezca el convenio en cada caso, si fuere preciso, revisando el precio de las concesiones o, cuando menos, limitando en este reglamento, al igual que se enuncian los modelos de gestión, los años máximos de duración de las concesiones para que así las trabajadoras puedan actualizar su salario conforme a su convenio, tal y como dicen ellas mismas, para llegar a ser mileuristas, porque después ellas se encargan de la enseñanza de 0 a 3, programan, preparan las actividades, recogen, enseñan, tutorizan a los niños y niñas y al estudiantado en prácticas, atienden a padres y madres y todo esto en

tamén. Cremos, ademais, que este persoal deberá ter dereito á reserva de praza para as súas crianzas ao rematar a baixa de paternidade, como acontece noutras escolas públicas e, por último, cremos que o custo da praza escolar que se establece para o prezo da concesión e que dá dereito a seis horas diarias é insuficiente e irreal e debería elevarse.

el horario laboral y fuera de ese horario, también. Creemos, además, que este personal deberá tener derecho a la reserva de plaza para sus pequeños al finalizar la baja de paternidad, como acontece en otras escuelas públicas y, por último, creemos que el coste de la plaza escolar que se establece para el precio de la concesión y que da derecho a seis horas diarias es insuficiente e irreal y debería elevarse.

Por todos estes motivos cremos que temos que facer unha serie de alegacións e cremos que hai que modificar estas cuestións –como digo- para acadar un servizo non só gratuíto senón tamén de maior calidade. E vou rematar cun dato, pedíame o señor Deus un dato, voulle dar uns datos: o Instituto Galego de Estatística sinala que en 2008 as nenas e os nenos do noso país que aprenderon a falar en galego foron un 25%; en 2018, tan só 10 anos despois, as crianzas que aprenderon a falar en galego, segundo sinala o IGE, foron dun 18%, unha caída do 7%. Creo que este é un motivo suficiente para que a lingua vehicular das escolas infantís municipais sexa o galego, porque hai que corrixir unha tendencia á baixa, unha ruptura xeracional da transmisión do galego que é urxente, que o Consello Europeo das Linguas así o ten dito, que ademais, non se trata só dese decreto, que non se cansan de repetir, trátase do Estatuto de Autonomía, trátase da Lei de normalización lingüística, trátase da lexislación europea, que tamén protexe ás linguas minoritarias e minorizadas. Non é só ao que a vostedes lles dá a gana de mirar. Por principio de xerarquía legal terían que mirar tamén a lexislación europea que protexe o galego e a lexislación galega, que obriga os poderes públicos a protexer o galego, e estamos nunha situación de emerxencia lingüística, polo tanto temos a obriga de corrixir esa tendencia á baixa. A única maneira que ten este Concello de intervir

Por todos estos motivos creemos que tenemos que hacer una serie de alegaciones y creemos que hay que modificar estas cuestiones –como digo- para conseguir un servicio no solo gratuito sino también de mayor calidad. Y voy a finalizar con un dato, me pedía el señor Deus un dato, le voy a dar unos datos: el Instituto Galego de Estatística señala que en 2008 las niñas y los niños de nuestro país que aprendieron a hablar en gallego fueron un 25%; en 2018, tan sólo 10 años después, los pequeños que aprendieron a hablar en gallego, según señala el IGE, fueron un 18%, una caída del 7%. Creo que este es un motivo suficiente para que la lengua vehicular de las escuelas infantiles municipales sea el gallego, porque hay que corregir una tendencia a la baja, una ruptura generacional de la transmisión del gallego que es urgente, que el Consejo Europeo de las Lenguas así lo ha dicho, que además, no se trata solo de ese decreto, que no se cansan de repetir, se trata del Estatuto de Autonomía, se trata de la Ley de normalización lingüística, se trata de la legislación europea, que también protege a las lenguas minoritarias y minorizadas. No es solo a lo que a ustedes les da la gana de mirar. Por principio de jerarquía legal tendrían que mirar también la legislación europea que protege al gallego y la legislación gallega, que obliga a los poderes públicos a proteger al gallego, y estamos en una situación de emergencia

tecnoloxía, facilitando formación, apoio e dispositivos a quen careza deles para reducir a fenda dixital e favorecer a súa socialización.

mayores a la tecnología, facilitando formación, apoyo y dispositivos a quien carezca de ellos para reducir la brecha digital y favorecer su socialización.

5. Dar continuidade aos trámites iniciados para a eliminación do copagamento no Servizo de Axuda no Fogar instando o Goberno do Estado e o Goberno autonómico a facer as reformas lexislativas necesarias para garantir a súa gratuidade.

5. Dar continuidad a los trámites iniciados para la eliminación del copago en el Servicio de Ayuda en el Hogar instando al Gobierno del Estado y al Gobierno autonómico a hacer las reformas legislativas necesarias para garantizar su gratuidad.

6. Instar o Goberno municipal á reconfiguración do Servizo de Axuda no Fogar para atender necesidades non cubertas das persoas usuarias.

6. Instar al Gobierno municipal a la reconfiguración del Servicio de Ayuda en el Hogar para atender necesidades no cubiertas de las personas usuarias.

7. Instar o Goberno municipal a estudar a viabilidade de establecer a gratuidade do Servizo de Comidas a Domicilio nos casos de maior vulnerabilidade social.

7. Instar al Gobierno municipal a estudiar la viabilidad de establecer la gratuidad del Servicio de Comidas a Domicilio en los casos de mayor vulnerabilidad social.

8. Instar o Goberno municipal a impulsar o grupo de traballo de "Persoas Maiores", dentro do Consello Local de Saúde.

8. Instar al Gobierno municipal a impulsar el grupo de trabajo de "Personas Mayores", dentro del Consello Local de Saúde.

Presidencia

Presidencia

Imos parar a sesión dez minutos para ventilar o Salón de Plenos. Ás dezasete trinta retomamos o Pleno. Grazas.

Vamos a parar la sesión diez minutos para ventilar el Salón de Plenos. A las diecisiete treinta retomamos el Pleno. Gracias.

Ás dezasete horas e dezaoito minutos, a Presidencia resolve facer un receso na sesión ata ás dezasete horas e trinta minutos.

A las diecisiete horas y dieciocho minutos, la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión hasta a las diecisiete horas y treinta minutos.

Ás dezasete horas e trinta e cinco minutos retómase a sesión cos mesmos asistentes relacionados ao comezo, a excepción da señora Cameán Calvete e o señor Deus Álvarez.

A las diecisiete horas y treinta y cinco minutos se retoma la sesión con los mismos asistentes relacionados al inicio, la excepción de la señora Cameán Calvete y el señor Deus Álvarez.

Presidencia

Presidencia

Boa tarde de novo. Retomamos a sesión coa segunda e última moción da Marea Atlántica relativa ó convenio con Tragsa.

Buenas tardes de nuevo. Retomamos la sesión con la segunda y última moción de la Marea Atlántica relativa al convenio con Tragsa.

Señor Lema.

Señor Lema.

Segunda.- Moción relativa ao convenio con Tragsa.

Segunda.- Moción relativa al convenio con Tragsa.

Señor Lema Suárez

Señor Lema Suárez

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Ben, dous meses despois de que fose decretado o estado de alarma, no primeiro Pleno posterior a esa data temos unha orde do día na que non se contempla nin unha soa medida destinada a paliar os efectos económicos e sociais que ten xa a crise do coronavirus na nosa cidade. Aprobamos esta mañá un modificativo de 11 millóns de euros destinado a pagar as facturas atrasadas da xestión urbanística do PSOE no pasado e agora, nesta emenda, perdón, nesta moción, o que tratamos é de impedir que se duplique un contrato de limpeza cun novo contrato de 600.000 € que pensamos nós, concluímos, que deberían ser destinados ó que realmente neste momento é unha urxencia pública, que é a protección social e promoción económica da nosa cidade.

Bien, dos meses después de que fuera decretado el estado de alarma, en el primer Pleno posterior a esa fecha tenemos un orden del día en el que no se contempla ni una sola medida destinada a paliar los efectos económicos y sociales que tiene ya la crisis del coronavirus en nuestra ciudad. Aprobamos esta mañana un modificativo de 11 millones de euros destinado a pagar las facturas atrasadas de la gestión urbanística del PSOE en el pasado y ahora, en esta enmienda, perdón, en esta moción, lo que tratamos es de impedir que se duplique un contrato de limpieza con un nuevo contrato de 600.000 € que pensamos nosotros, concluimos, que deberían ser destinados a lo que realmente en este momento es una urgencia pública, que es la protección social y promoción económica de nuestra ciudad.

Ben, este convenio subscrito en datas recentes, entre o Concello da Coruña, a Deputación e a empresa pública Tragsa, é un convenio que se pretende subscribir con data posterior á adxudicación do contrato de limpeza que vén a incrementar nun 50 % o gasto destinado a este servizo, que pasa de 10 millóns, aproximadamente, a uns 15 millóns, e onde se incorporan actividades novas como son, por exemplo, o baldeo de rúas ou a limpeza de pintadas e a inclusión de zonas que antes estaban excluídas, como

Bien, este convenio suscrito en fechas recientes, entre el Ayuntamiento de A Coruña, la Diputación y la empresa pública Tragsa, es un convenio que se pretende suscribir con fecha posterior a adjudicación del contrato de limpieza que viene a incrementar en un 50 % el gasto destinado la este servicio, que pasa de 10 millones, aproximadamente, a unos 15 millones, y donde se incorporan actividades nuevas como son, por ejemplo, el baldeo de calles o la limpieza de pintadas y la inclusión de zonas que

son os polígonos. O que pretende facer o Concello da Coruña mediante este convenio coa Deputación e con Tragsa en terceiro lugar é repetir, duplicar, contratar novamente este servizo mediante unha adxudicación directa.

antes estaban excluidas, como son los polígonos. Lo que pretende hacer el Ayuntamiento de A Coruña mediante este convenio con la Diputación y con Tragsa en tercer lugar es repetir, duplicar, contratar nuevamente este servicio mediante una adjudicación directa.

Ás dezasete horas e trinta e sete minutos entran no Salón de Sesións a señora Cameán Calvete e o señor Deus Álvarez.

A las diecisiete horas y treinta y siete minutos entran en el Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete y el señor Deus Álvarez.

Esta proposta de convenio suscitou, creo que unha forte polémica na súa aprobación na Deputación da Coruña, pois os habilitados nacionais, tanto a Secretaría como a Intervención da Deputación, consideraban que basicamente non se trataba dun convenio, senón que se trataba dun contrato encuberto, da prestación dun servizo ó que se pretendía darlle forma de convenio, que non existía, polo tanto, un contido de cooperación entre as partes propia dos convenios interadministrativos, e en último lugar, que non se daban os supostos que amparan, lexitiman, un contrato destas características con Tragsa, que serían dous, basicamente. Para motivar que exista un contrato de urxencia directamente con Tragsa serían dous os supostos: un, que houbese un contrato deserto, ou outro, que houbese un contrato resolto. Cando se iniciou este expediente a situación do contrato de limpeza na Coruña era dun contrato en situación de prórroga forzosa, e no momento presente está xa en trámites para a súa adxudicación, co cal, nós entendemos, basicamente, que o Goberno municipal está intentando darlle cumprimento de maneira extemporánea e de maneira pouco axustada á legalidade. Hai que dicir, facía relación o presidente da Deputación —vou rematando— a un informe da Avogacía do Estado que si autorizaba este contrato, pero que de

Esta propuesta de convenio suscitó, creo que una fuerte polémica en su aprobación en la Diputación de A Coruña, pues los habilitados nacionales, tanto la Secretaría como la Intervención de la Diputación, consideraban que básicamente no se trataba de un convenio, sino que se trataba de un contrato encubierto, de la prestación de un servicio al que se pretendía dar forma de convenio, que no existía, por lo tanto, un contenido de cooperación entre las partes propia de los convenios interadministrativos, y en último lugar, que no se daban los supuestos que amparan, legitiman, un contrato de estas características con Tragsa, que serían dos, básicamente. Para motivar que exista un contrato de urgencia directamente con Tragsa serían dos los supuestos: uno, que hubiera un contrato desierto, u otro, que hubiera un contrato resuelto. Cuando se inició este expediente la situación del contrato de limpieza en A Coruña era de un contrato en situación de prórroga forzosa, y en el momento presente está ya en trámites para su adjudicación, con lo cual, nosotros entendemos, básicamente, que el Gobierno municipal está intentando darle cumplimiento de manera extemporánea y de manera poco ajustada a la legalidad. Hay que decir, hacía relación el presidente de la Diputación —voy finalizando— a un informe de la Abogacía del Estado que sí autorizaba

momento non tivemos acceso a el.

este contrato, pero que de momento no tuvimos acceso a él.

O que está tratando de facer o Concello da Coruña é electoralismo nun momento no que, realmente, as urxencias e as prioridades sociais son outras. Por iso, para non duplicar de xeito innecesario gastos e servizos, solicitámoslle ó Concello da Coruña instar o Goberno local a desistir da sinatura do convenio coa Deputación da Coruña e Tragsa, instar o Goberno local a destinar os 623.000 € contemplados no mesmo a aumentar as partidas destinadas a gasto social e promoción económica relacionada coa crise do covid-19.

Lo que está tratando de hacer el Ayuntamiento de A Coruña es electoralismo en un momento en el que, realmente, las urgencias y las prioridades sociales son otras. Por eso, para no duplicar de manera innecesaria gastos y servicios, le solicitamos al Ayuntamiento de A Coruña instar al Gobierno local a desistir de la firma del convenio con la Diputación de A Coruña y Tragsa, instar al Gobierno local a destinar los 623.000 € contemplados en el mismo a aumentar las partidas destinadas a gasto social y promoción económica relacionada con la crisis del covid-19.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lema.

Muchas gracias, señor Lema.

Turno para Ciudadanos. Señora Martínez.

Turno para Ciudadanos. Señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Hai un ano, cando se falaba dun plan de choque de limpeza urxente e co contrato de limpeza desta cidade tal e como estaba, este convenio podería ter sentido. Un ano despois, en estado de alarma e co contrato xa a piques de formalizarse, esta urxencia deste convenio semella non ter moito sentido.

Hace un año, cuando se hablaba de un plan de choque de limpieza urgente y con el contrato de limpieza de esta ciudad tal y como estaba, este convenio podría tener sentido. Un año después, en estado de alarma y con el contrato ya a punto de formalizarse, esta urgencia de este convenio parece no tener mucho sentido.

O contrato de limpeza con Tragsa abarca as mesmas tarefas que o contrato de limpeza que xa está listo neste concello. Pagar por duplicado pola mesma limpeza semella un elevado custo económico prexudicial para os intereses xerais, precisamente nestes momentos.

El contrato de limpieza con Tragsa abarca las mismas tareas que el contrato de limpieza que ya está listo en este ayuntamiento. Pagar por duplicado por la misma limpieza parece un elevado coste económico perjudicial para los intereses generales, precisamente en estos momentos.

Temos, ademais, una contratación

Tenemos, además, una contratación

sospeitosa de non ser a máis acertada polo procedemento segundo os informes dos técnicos da Deputación, cun elevado custo para o Concello. Non vou dicir, como dixo o alcalde de Oleiros no Pleno da Deputación, que cada vez que fala de Tragsa ten que tapar o nariz, pero si nos parece un convenio pouco defendible desde o punto de vista de que non aporta nada novo.

sospechosa de no ser la más acertada por el procedimiento según los informes de los técnicos de la Diputación, con un elevado coste para el Ayuntamiento. No voy a decir, como dijo el alcalde de Oleiros en el Pleno de la Diputación, que cada vez que habla de Tragsa tiene que tapar la nariz, pero sí nos parece un convenio poco defendible desde el punto de vista de que no aporta nada nuevo.

Ningún novo servizo relacionado coa desinfección do covid-19 que xustifique a súa necesidade, sen saber se se contempla unha repercusión selectiva nas zonas de maior tránsito (supermercados, farmacias, centros de saúde, estacións), sen saber se se vai exercer unha recollida especial de guantes e máscaras tirados nas rúas, e que non ofrece nada novo este servizo que vai realizar Tragsa diferente ao contrato de limpeza que xa está listo e non saberiamos se están coordinados entre eles.

Ningún nuevo servicio relacionado con la desinfección del covid-19 que justifique su necesidad, sin saber si se contempla una repercusión selectiva en las zonas de mayor tránsito (supermercados, farmacias, centros de salud, estaciones), sin saber si se va a ejercer una recogida especial de guantes y mascarillas tirados en las calles, y que no ofrece nada nuevo este servicio que va a realizar Tragsa diferente al contrato de limpieza que ya está listo y no sabríamos si están coordinados entre ellos.

É certo que estamos nunha situación excepcional, que Coruña acumula moita suciedade dende hai tempo, pero un servizo desta índole debería ter unha xustificación. Un reforzo na limpeza é necesario pero cun obxectivo claro: non duplicar servizos.

Es cierto que estamos en una situación excepcional, que Coruña acumula mucha suciedad desde hace tiempo, pero un servicio de esta índole debería tener una justificación. Un refuerzo en la limpieza es necesario pero con un objetivo claro: no duplicar servicios.

Por exemplo, desde Ciudadanos, pedimos que se retiren os pequenos focos de desfeitos que están aparecendo nas Rañas antes de que termine converténdose nun vertedoiro ilegal, pedimos que se retirase un vertedoiro ilegal que hai xunto aos campos da Torre. Pois ben, se nos din que é unha das funcións de Tragsa, vai estar focalizada, por exemplo, nestes puntos, pois poderiamos visualizar esta liña de reforzo cun pouco máis de sentido.

Por ejemplo, desde Ciudadanos, pedimos que se retiren los pequeños focos de deshechos que están apareciendo en las Rañas antes de que termine convirtiéndose en una escombrera ilegal, pedimos que se retirara una escombrera ilegal que hay junto a los campos de la Torre. Pues bien, si nos dicen que es una de las funciones de Tragsa, va a estar focalizada, por ejemplo, en estos puntos, pues podríamos visualizar esta línea de refuerzo con un poco más de sentido.

Imos pagar máis de 600.000 euros polo mesmo que xa vai facer outra empresa? Pedimos que paralicen ese convenio,

¿Vamos a pagar más de 600.000 euros por lo mismo que ya va a hacer otra empresa? Pedimos que paralicen ese

como pide a moción, e que xustifiquen a necesidade destas actuacións en focos e limpezas concretas que avalen a súa utilidade, que se faga útil, que se esixa neste convenio que Tragsa proporcione, por exemplo, un número de *whatsapp* para que os cidadáns poidan comunicar calquera falta de hixiene de xeito inmediato e o servizo dea unha resposta, por exemplo, en menos de dúas horas. A idea é que resulten útiles. Van desinfectar espazos de xogo? Haberá un protocolo de actuación que acompañe a desescalada gradual?

convenio, como pide la moción, y que justifiquen la necesidad de estas actuaciones en focos y limpiezas concretas que avalen su utilidad, que se haga útil, que se exija en este convenio que Tragsa proporcione, por ejemplo, un número de whatsapp para que los ciudadanos puedan comunicar cualquier falta de higiene de manera inmediata y el servicio dé una respuesta, por ejemplo, en menos de dos horas. La idea es que resulten útiles. ¿Van a desinfectar espacios de juego? ¿Habrá un protocolo de actuación que acompañe la desescalada gradual?

Claro que queremos reforzar e incidir na desinfección no mobiliario urbano, nos bancos, papeleiras, parques, nas paradas de bus, defender o por que, que aporta Tragsa de novo porque si, isto é difícil de entender.

Claro que queremos reforzar e incidir en la desinfección en el mobiliario urbano, en los bancos, papeleras, parques, en las paradas de bus, defender el por qué, qué aporta Tragsa de nuevo porque sí, esto es difícil de entender.

Fagan un plan centrado no covid-19 e, se é viable, apoiarémolo pero, tal e como está, ten moi difícil defensa.

Hagan un plan centrado en el covid-19 y, si es viable, lo apoyaremos pero, tal y como está, tiene muy difícil defensa.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Polo BNG, señor Jorquera.

Por el BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Vou ser moi breve na miña intervención dado que esta cuestión motiva unha pregunta do Grupo Municipal do BNG ao Goberno Municipal que se debaterá nesta mesma sesión e non quero anticipar todos os argumentos que expoñeremos no debate desa pregunta.

Voy a ser muy breve en mi intervención dado que esta cuestión motiva una pregunta del Grupo Municipal del BNG al Gobierno Municipal que se debatirá en esta misma sesión y no quiero anticipar todos los argumentos que expondremos en el debate de esa pregunta.

Máis aló dos reparos de legalidade aos que alude o grupo propoñente,

Más allá de los reparos de legalidad a los que alude el grupo proponente,

discrepamos do convenio subscrito coa Deputación Provincial e Tragsa. Primeiro, porque o Goberno Municipal nunca informou da súa intención de recorrer a esta vía. Pero ademais, cremos que sería desexable que a campaña de limpeza integral fose asumida polos servizos ordinarios en vez de duplicar na práctica o contrato e incrementar o gasto. E, de non ser posible a asunción pola concesionaria do servizo de limpeza, o procedemento debería ser aberto en vez de escoller unha vía para evitar recorrer ao concurso.

discrepamos del convenio suscrito con la Diputación Provincial y Tragsa. Primero, porque el Gobierno Municipal nunca informó de su intención de recurrir a esta vía. Pero además, creemos que sería deseable que la campaña de limpieza integral fuera asumida por los servicios ordinarios en vez de duplicar en la práctica el contrato e incrementar el gasto. Y, de no ser posible la asunción por la concesionaria del servicio de limpieza, el procedimiento debería ser abierto en vez de escoger una vía para evitar recurrir al concurso.

A única razón á que se pode apelar para recorrer a esta vía é unha razón de urxencia, dado que a adxudicación do novo contrato de limpeza está recorrida, pero esa urxencia só se xustifica por unha razón electoral ou, mellor dito, para non caer no incumprimento aínda máis clamoroso dunha promesa electoral. Porque creo que todos estaremos de acordo en que, tras a crise social e económica provocada polo covid-19, a asignación deses recursos para o plan de limpeza non é nin o máis necesario nin o máis urxente.

La única razón a la que se puede apelar para recurrir a esta vía es una razón de urgencia, dado que la adjudicación del nuevo contrato de limpieza está recurrida, pero esa urgencia solo se justifica por una razón electoral o, mejor dicho, para no caer en el incumplimiento aún más clamoroso de una promesa electoral. Porque creo que todos estaremos de acuerdo en que, tras la crisis social y económica provocada por el covid-19, la asignación de esos recursos para el plan de limpieza no es ni lo más necesario ni lo más urgente.

Por ese motivo, o Grupo Municipal do BNG vai votar a favor desta moción.

Por ese motivo, el Grupo Municipal del BNG va a votar a favor de esta moción.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Polo Grupo Popular, señor Rodríguez.

Por el Grupo Popular, señor Rodríguez.

Señor Rodríguez Martínez

Señor Rodríguez Martínez

Ben, imos votar a favor desta moción, pero cómpre deixar clara a nosa postura respecto desta cuestión para evitar que poida ser obxecto de terxiversación ou de malentendido e facilitar que esa concordia da que tanto se fala vaia en todos os sentidos, non só en un.

Bien, vamos a votar a favor de esta moción, pero hace falta dejar clara nuestra postura respecto de esta cuestión para evitar que pueda ser objeto de tergiversación o de malentendido y facilitar que esa concordia de la que tanto se habla vaya en todos los sentidos, no solo en uno.

Nós non renegamos da necesidade dun plan de choque. Entendiamos que era unha necesidade en xuño pasado e entendemos que o segue a ser hoxe. Pero imos a votar a favor desta moción por tres motivos.

O primeiro motivo: porque o plan que a cidade necesita non é este. Este non é que non sexa o noso plan, é que non é tampouco o desta Corporación. Realmente é só o plan do Goberno. Porque cómpre recordar que no Pleno do pasado 3 de outubro acordouse, co voto a favor de toda a Corporación agás o do Grupo Socialista, instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha un plan de choque para a recuperación do espazo público en todos os barrios da cidade, en todos os elementos e servizos que conforman o espazo público cunha brigada específica de actuación inmediata continuada para a reparación transversal dos desperfectos urxentes, ademais doutras medidas a medio prazo. Este non é, evidentemente, o plan que vostedes queren executar.

O segundo motivo é porque esta non é a forma axeitada de levalo adiante. Hai un ano poderiamos entender que o intentasen. A día de hoxe non ten sentido, non é entendible, non concorren xa razóns nin de urxencia nin de excepcionalidade que xustifiquen que estes traballos non sexan obxecto de licitación pública. Máis aínda cando o Concello vén de adxudicar o contrato de limpeza viaria por un importe de preto de 14 millóns e medio de euros, e tendo en conta que os servizos que o Concello pretende, vía Deputación, encomendar a Tragsa, están todos, absolutamente todos eles, contemplados nese contrato. Por certo, xa o estaban no contrato anterior.

Nosotros no renegamos de la necesidad de un plan de choque. Entendíamos que era una necesidad en junio pasado y entendemos que lo sigue siendo hoy. Pero vamos a votar a favor de esta moción por tres motivos.

El primer motivo: porque el plan que la ciudad necesita no es este. Este no es que no sea nuestro plan, es que no es tampoco el de esta Corporación. Realmente es solo el plan del Gobierno. Porque hace falta recordar que en el Pleno del pasado 3 de octubre se acordó, con el voto a favor de toda la Corporación excepto el del Grupo Socialista, instar al Gobierno Municipal a poner en marcha un plan de choque para la recuperación del espacio público en todos los barrios de la ciudad, en todos los elementos y servicios que conforman el espacio público con una brigada específica de actuación inmediata continuada para la reparación transversal de los desperfectos urgentes, además de otras medidas a medio plazo. Este no es, evidentemente, el plan que ustedes quieren ejecutar.

El segundo motivo es porque esta no es la forma idónea de llevarlo adelante. Hace un año podríamos entender que lo intentaran. A día de hoy no tiene sentido, no es entendible, no concurren ya razones ni de urgencia ni de excepcionalidad que justifiquen que estos trabajos no sean objeto de licitación pública. Más aún cuando el Ayuntamiento viene de adjudicar el contrato de limpieza viaria por un importe de cerca de 14 millones y medio de euros, y toda vez que los servicios que el Ayuntamiento pretende, vía Diputación, encomendar a Tragsa, están todos, absolutamente todos ellos, contemplados en ese contrato. Por cierto, ya lo estaban en el contrato anterior.

Polo tanto, coincidimos co informe emitido pola Secretaría Xeral da Deputación da Coruña no seu informe de 27 de febreiro: non existe unha verdadeira relación de cooperación administrativa sendo a participación da Deputación meramente instrumental; non está acreditada unha maior eficiencia económica fronte a unha posible licitación pública das prestacións obxecto do convenio, que ademais son propias dos contratos do sector público; e que as accións a desenvolver –que non se ten acreditada nin a súa urxencia nin o seu carácter extraordinario– ademais conlevarán de seguro a necesidade de subcontratación por parte Tragsa.

Por lo tanto, coincidimos con el informe emitido por la Secretaría General de la Diputación de A Coruña en su informe de 27 de febrero: no existe una verdadera relación de cooperación administrativa siendo la participación de la Diputación meramente instrumental; no está acreditada una mayor eficiencia económica frente a una posible licitación pública de las prestaciones objeto del convenio, que además son propias de los contratos del sector público; y que las acciones a desarrollar –que no se tiene acreditada ni su urgencia ni su carácter extraordinario– además conllevarán con seguridad la necesidad de subcontratación por parte Tragsa.

E o terceiro motivo polo cal imos votar a favor desta moción, vou utilizar as palabras que esta mañá utilizaba o señor Lage, dicía literalmente: "Neste país, na nosa cidade hai outras urxencias". E aquí ocorre o mesmo. Este é o terceiro motivo. É que hoxe estamos inmersos nunha situación que loxicamente non só pode senón que debe alterar as prioridades municipais e reorientar as políticas de gasto no noso concello. Precisamente por iso estamos a intentar consensuar entre todos os grupos a modificación dos orzamentos e a adopción das medidas necesarias para reforzar no que sexa preciso a atención social e facilitar a reactivación económica da cidade. Esa debe de ser agora a responsabilidade prioritaria desta Corporación e por iso entendemos que estes máis de 600.000 euros destinados a ese plan son tan necesarios como os do resto das partidas menos prioritarias que serán obxecto de baixas de crédito a favor das medidas precisas para paliar os efectos sociais e económicos do covid.

Y el tercer motivo por el cual vamos a votar a favor de esta moción, voy a utilizar las palabras que esta mañana utilizaba el señor Lage, decía literalmente: "En este país, en nuestra ciudad hay otras urgencias". Y aquí ocurre lo mismo. Este es el tercer motivo. Es que hoy estamos inmersos en una situación que lógicamente no solo puede sino que debe alterar las prioridades municipales y reorientar las políticas de gasto en nuestro ayuntamiento. Precisamente por eso estamos intentando consensuar entre todos los grupos la modificación de los presupuestos y la adopción de las medidas necesarias para reforzar en lo que sea preciso la atención social y facilitar la reactivación económica de la ciudad. Esa debe de ser ahora la responsabilidad prioritaria de esta Corporación y por eso entendemos que estos más de 600.000 euros destinados a ese plan son tan necesarios como los del resto de las partidas menos prioritarias que serán objeto de bajas de crédito a favor de las medidas precisas para paliar los efectos sociales y económicos del covid.

Polo tanto, plan de choque si pero non este, non aí e non agora.

Por lo tanto, plan de choque sí pero no este, no ahí y no ahora.

Por todo iso, o noso voto favorable a esta moción.

Máis nada e moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Rodríguez.

Polo Goberno Municipal, señora Fontán.

Señora Fontán Prado

Boa tarde a todos. Unha ledicia retornar a este Salón de Plenos e velos a todos ben. Ánimo e afecto para as familias dos que xa non están entre nós e sentidiño, saúde e tamén ánimo para os que teñen que seguir no día a día loitando contra o covid.

Ben, supoño que sobra dicir que imos votar en contra da moción.

Mire, señor Lema, non vou entrar no debate xurídico da legalidade ou non legalidade deste convenio, e fundamentalmente por dous motivos. O primeiro porque o dito convenio conta co informe favorable do secretario deste Concello, polo cal pouco máis podo engadir eu. E segundo, porque non vou caer no seu xogo de desviar a atención do verdadeiro obxectivo desta moción: o desgaste da nosa alcaldesa por afearlles a vostedes, co compromiso de limpar a fondo esta cidade, a realidade constatada por informes da OCU e polos cidadáns dunha Coruña terriblemente abandonada e sucia. Algo que, por certo, vostedes mesmos recoñecían apoiando no pasado mes de outubro unha moción do Partido Popular que, literalmente, dicía: "que A Coruña está sucia é unha triste realidade, visible para calquera que saia á rúa". Naquel intre si apoiaron un plan de limpeza. Estraños compañeiros de viaxe

Por todo ello, nuestro voto favorable a esta moción.

Nda más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Rodríguez.

Por el Gobierno Municipal, señora Fontán.

Señora Fontán Prado

Buenas tardes a todos. Una alegría retornar a este Salón de Plenos y verlos a todos bien. Ánimo y afecto para las familias de los que ya no están entre nosotros y sentidiño, salud y también ánimo para los que tienen que seguir en el día a día luchando contra el covid.

Bien, supongo que sobra decir que vamos a votar en contra de la moción.

Mire, señor Lema, no voy a entrar en el debate jurídico de la legalidad o no legalidad de este convenio, y fundamentalmente por dos motivos. El primero porque dicho convenio cuenta con el informe favorable del secretario de este Ayuntamiento, por lo cual poco más puedo añadir yo. Y segundo, porque no voy a caer en su juego de desviar la atención del verdadero objetivo de esta moción: el desgaste de nuestra alcaldesa por afearles a ustedes, con el compromiso de limpiar a fondo esta ciudad, la realidad constatada por informes de la OCU y por los ciudadanos de una Coruña terriblemente abandonada y sucia. Algo que, por cierto, ustedes mismos reconocían apoyando en el pasado mes de octubre una moción del Partido Popular que, literalmente, decía: "que A Coruña está sucia es una triste realidad, visible para cualquiera que salga a la calle". En aquel momento sí

fai a política cando a move o resentimento.

apoyaron un plan de limpieza. Extraños compañeros de viaje hace la política cuando la mueve el resentimiento.

Falan vostedes do 27 de febreiro de 2020, data de adxudicación do contrato de limpeza viaria. Por que non falamos doutra data? Podiamos falar do 16 de xaneiro de 2017, data de remate do anterior contrato de limpeza. Quizais non compensa falar diso porque amosa a incapacidade dun goberno, o goberno da Marea, de sacar adiante en 2 anos e medio un novo contrato? Por certo, sóame, xa non é a primeira vez. E claro, neste intre, o Concello carece de contrato vixente, con prórrogas caducadas, en precario e, polo mesmo, un contrato inmodificable.

Hablan ustedes de 27 de febrero de 2020, fecha de adjudicación del contrato de limpieza viaria. ¿Por qué no hablamos de otra fecha? Podíamos hablar de 16 de enero de 2017, fecha de finalización del anterior contrato de limpieza. ¿Quizás no compensa hablar de eso porque muestra la incapacidad de un gobierno, el gobierno de la Marea, de sacar adelante en 2 años y medio un nuevo contrato? Por cierto, me suena, ya no es la primera vez. Y claro, en este rato, el Ayuntamiento carece de contrato vigente, con prórrogas caducadas, en precario y, por lo mismo, un contrato inmodificable.

É verdade. Agora temos un contrato adxudicado dende hai dous meses, pero non se fagan trampas ao solitario. Miren, vostedes saben perfectamente que está recorrido e recorrido por dúas empresas. Entre recursos, a pandemia, moratorias, non estará na rúa no mellor dos casos ata setembro ou outubro. E mentres? Mentres que facemos?

Es verdad. Ahora tenemos un contrato adjudicado desde hace dos meses, pero no se hagan trampas al solitario. Miren, ustedes saben perfectamente que está recurrido y recurrido por dos empresas. Entre recursos, la pandemia, moratorias, no estará en la calle en el mejor de los casos hasta septiembre u octubre. ¿Y mientras? Mientras ¿qué hacemos?

Falan vostedes cunha lixeireza do tema da oportunidade que non acabo de entender. Se nalgún momento tivo máis razón de ser un plan de limpeza é agora. Ou é que non se decataron de que estamos diante dunha emerxencia de saúde pública? Lean, lean con detemento o encabezamento do convenio: para a realización de actuacións urxentes medioambientais, de salubridade e ornato no municipio da Coruña. Hai que explicarlles os conceptos "urxente" e "salubridade" nunha situación de emerxencia sanitaria?

Hablan ustedes con una ligereza del tema de la oportunidad que no acabo de entender. Si en algún momento tuvo más razón de ser un plan de limpieza es ahora. ¿O es que no se enteraron de que estamos ante de una emergencia de salud pública? Lean, lean con detenimiento el encabezamiento del convenio: para la realización de actuaciones urgentes medioambientales, de salubridad y ornato en el municipio de A Coruña. ¿Hay que explicarles los conceptos "urgente" y "salubridad" en una situación de emergencia sanitaria?

A vostedes a limpeza nin lles preocupou –2 anos e medio prestándoa en precario– nin lles preocupa, quizais por iso que dicían cando lles preguntaban polas

A ustedes la limpieza ni les preocupó –2 años y medio prestándola en precario– ni les preocupa, quizás por aquello que decían cuando les preguntaban por las

pintadas e que eran un tema menor porque vostedes estaban na alta política. Pois ben, este Goberno considera que no eido municipal a alta política é baixar á realidade, é baixar ao chan, neste caso para limpalo e desinfectalo. Así pois, señores da Marea, saian aí fóra e díganlles aos coruñeses que están en contra de limpar e desinfectar a cidade en plena pandemia, que mellor que esperen ao outono e así sumarán á súa ineficacia como goberno a súa falla de responsabilidade como oposición.

pintadas y que eran un tema menor porque ustedes estaban en la alta política. Pues bien, este Gobierno considera que en el campo municipal la alta política es bajar a la realidad, es bajar al suelo, en este caso para limpiarlo y desinfectarlo. Así pues, señores de la Marea, salgan ahí fuera y díganles a los coruñeses que están en contra de limpiar y desinfectar la ciudad en plena pandemia, que mejor que esperen al otoño y así sumarán a su ineficacia como gobierno su falta de responsabilidad como oposición.

Nada máis, señora alcaldesa. Moitas grazas.

Nada más, señora alcaldesa. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas gazas, señora Fontán.

Muchas gracias, señora Fontán.

Imos proceder á votación desta moción.

Vamos a proceder a la votación de esta moción.

Votación da segunda moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica

Votación de la segunda moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a segunda moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica relativa ao convenio con Tragsa, votando en primeiro lugar as señoras concelleiras e os señores concelleiros presentes no Salón de Plenos e de seguido os tres membros que asisten telematicamente a este Pleno tras ser preguntados pola Presidencia, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación la segunda moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica relativa al convenio con Tragsa, votando en primer lugar las señoras concejalas y los señores concejales presentes en el Salón de Plenos y seguidamente los tres miembros que asisten telemáticamente a este Pleno tras ser preguntados por la Presidencia, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Moi ben, queda polo tanto aprobada a moción.

76.- Moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica, relativa ao convenio con Tragsa.

Acordo

1. Instar o Goberno local a desistir da sinatura do devandito convenio coa Deputación da Coruña e Tragsa.

2. Instar o Goberno local a destinar os 623.000 euros contemplados no mesmo a aumentar as partidas destinadas a gasto social e promoción económica relacionada coa crise do COVID-19.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Primeira.- Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular transaccionada co Grupo Municipal da Marea Atlántica, sobre medidas de apoio a asociacións, autónomos e pemes.

Presidencia

Pasamos xa á moción que resta do Partido Popular sobre medidas de apoio a asociacións, autónomos e pemes.

Señor Fernández Prado.

Señor Fernández Prado

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Muy bien, queda por lo tanto aprobada la moción.

76.- Moción presentada por el Grupo Municipal de Marea Atlántica, relativa al convenio con Tragsa.

Acuerdo

1. Instar al Gobierno local a desistir de la firma de dicho convenio con la Diputación de A Coruña y Tragsa.

2. Instar al Gobierno local a destinar los 623.000 euros contemplados en el mismo a aumentar las partidas destinadas a gasto social y promoción económica relacionada con la crisis del COVID-19.

MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Primera.- Moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular transaccionada con el Grupo Municipal de la Marea Atlántica, sobre medidas de apoyo a asociaciones, autónomos y pymes.

Presidencia

Pasamos ya a la moción que resta del Partido Popular sobre medidas de apoyo a asociaciones, autónomos y pymes.

Señor Fernández Prado.

Señor Fernández Prado

Grazas, alcaldesa e boa tarde de novo.

Gracias, alcaldesa y buenas tardes de nuevo.

Nesta moción presentouse unha emenda da Marea que transaccionamos. Logo explicará, supoño, o grupo a súa emenda pero parecíanos interesante aprobar ou transaccionar para que aparecese expresamente o que estaba no espírito, que era, que son propostas temporais as que se presentan e eliminamos expresamente a modificación da Ordenanza pois para abrir a máis posibilidades para aplicar estas medidas.

En esta moción se presentó una enmienda de la Marea que hemos transaccionado. Luego explicará, supongo, el grupo su enmienda pero nos parecía interesante aprobar o transaccionar para que apareciese expresamente lo que estaba en el espíritu, que era, que son propuestas temporales las que se presentan y eliminamos expresamente la modificación de la Ordenanza pues para abrir a más posibilidades para aplicar estas medidas.

O noso tecido asociativo forma unha malla social, deportiva e cultural fundamental para a nosa cidade. Sempre estiveron aí e queremos que sigan aí. Para iso é necesario que lles axudemos nestes momentos cruciais de inactividade obrigada e de ameazas económicas. Non lles podemos fallar porque non sería xusto e porque nos estariamos facendo dano a nós mesmos. A súa importancia na vida da cidade é evidente.

Nuestro tejido asociativo forma una malla social, deportiva y cultural fundamental para nuestra ciudad. Siempre han estado ahí y queremos que sigan ahí. Para ello es necesario que les ayudemos en estos momentos cruciales de inactividad obligada y de amenazas económicas. No les podemos fallar porque no sería justo y porque nos estaríamos haciendo daño a nosotros mismos. Su importancia en la vida de la ciudad es evidente.

Neste espírito construtivo e de cooperación no que estamos por esta pandemia quixemos traer unha proposta sen connotacións económicas, porque iso estámolo a negociar cos distintos grupos e esperamos que pronto, porque urxe, teñamos ese acordo para traer ese modificado económico, pero cremos que hai outras medidas que sen ese compoñente económico se poden traer para axudar e as que propoñemos aquí son froito das conversacións que mantivemos nas últimas semanas con estas entidades sociais, deportivas e culturais.

En este espíritu constructivo y de cooperación en el que estamos por esta pandemia hemos querido traer una propuesta sin connotaciones económicas, porque eso estamos negociándolo con los distintos grupos y esperamos que pronto, porque urge, tengamos ese acuerdo para traer ese modificado económico, pero creemos que hay otras medidas que sin ese componente económico se pueden traer para ayudar y las que proponemos aquí son fruto de las conversaciones que hemos mantenido en las últimas semanas con estas entidades sociales, deportivas y culturales.

Divídense en dous bloques. Un primeiro bloque de tres medidas relacionadas cos convenios e outras tantas relacionadas con autónomos e pemes.

Se dividen en dos bloques. Un primer bloque de tres medidas relacionadas con los convenios y otras tantas relacionadas con autónomos y pymes.

Relacionadas cos convenios pedimos tres cosas moi concretas: unha é que se axilicen os pagos pendentes dos convenios e subvencións do ano pasado. O feito feito está e hai que abonalos. En segundo lugar, solicitamos que antes do 30 de xuño, por poñer unha data, se rubriquen os convenios nominativos incluídos nos orzamentos e que se convoquen todas as ordes de subvencións previstas para este ano. E en terceiro lugar, que se introduzan unha serie de modificacións, que se lles adiante o 90% do importe para achegarlles liquidez e que se permita destinar o diñeiro a gastos fixos como nóminas ou alugueres porque entendemos que a súa máxima urxencia é agora mesmo manter a súa propia estrutura.

Relacionadas con los convenios pedimos tres cosas muy concretas: una es que se agilicen los pagos pendientes de los convenios y subvenciones del año pasado. Lo hecho hecho está y hay que abonarlos. En segundo lugar, solicitamos que antes del 30 de junio, por poner una fecha, se rubriquen los convenios nominativos incluidos en los presupuestos y que se convoquen todas las órdenes de subvenciones previstas para este año. Y en tercer lugar, que se introduzcan una serie de modificaciones, que se les adelante el 90% del importe para aportarles liquidez y que se permita destinar el dinero a gastos fijos como nóminas o alquileres porque entendemos que su máxima urgencia es ahora mismo mantener su propia estructura.

En definitiva, tratamos de dotar ao noso tecido asociativo de liquidez e de facelo da forma máis rápida posible. Estamos a falar dunha cantidade importante: nos orzamentos figuran este ano 6 millóns de euros en convenios e subvencións. Cremos que é unha boa inxección directa, rápida e que chega, pois, moi transversalmente a toda a sociedade en servizos e en atención básica aos cidadáns.

En definitiva, tratamos de dotar a nuestro tejido asociativo de liquidez y de hacerlo de la forma más rápida posible. Estamos hablando de una cantidad importante: en los presupuestos figuran este año 6 millones de euros en convenios y subvenciones. Creemos que es una buena inyección directa, rápida y que llega, pues, muy transversalmente a toda la sociedad en servicios y en atención básica a los ciudadanos.

E por outra banda, estas axudas económicas a autónomos e pemes… perdón, non económicas a autónomos e pemes que permiten, pois, flexibilizar as súas actividades dunha forma temporal por un período que se poida propoñer e que tamén foron trasladadas por parte destas asociacións. Por unha banda, a posta en marcha dunha oficina de información presencial e online que lles permita coñecer todas as axudas e beneficios desta e doutras administracións. En segundo lugar, xuntar toda a información e a xestión nun só centro de referencia que axude tamén a facilitar os trámites destes

Y por otra parte, estas ayudas económicas a autónomos y pymes… perdón, no económicas a autónomos y pymes que permiten, pues, flexibilizar sus actividades de una forma temporal por un período que se pueda proponer y que también han sido trasladadas por parte de estas asociaciones. Por una parte, la puesta en marcha de una oficina de información presencial y *online* que les permita conocer todas las ayudas y beneficios de esta y de otras administraciones. En segundo lugar, juntar toda la información y la gestión en un solo centro de referencia que ayude también a facilitar los trámites de estos

autónomos e pemes e que, en terceiro lugar, teñan un interlocutor directo e coñecido. Hai unhas queixas xeneralizadas da dificultade de poder interrelacionar e comunicarse para solucionar e axilizar as licenzas, permisos e axudas por parte do Concello.

autónomos y pymes y que, en tercer lugar, tengan un interlocutor directo y conocido. Hay unas quejas generalizadas de la dificultad de poder interrelacionar y comunicarse para solucionar y agilizar las licencias, permisos y ayudas por parte del Ayuntamiento.

Por tanto, como diciamos durante todo o día, estamos nun momento excepcional que require medidas excepcionais e nós queremos deixar claro que polo PP non deixará de ser. Estaremos e temos vontade de axudar nesa comisión económica para o modificativo pero tamén estaremos dispostos a axudar en cantas modificacións sexan precisas para tentar facilitar o labor e facer máis flexible a actividade das nosas pequenas e medianas empresas, dos nosos autónomos e de sectores de servizos que son estratéxicos para a nosa cidade.

Por lo tanto, como decíamos durante todo el día, estamos en un momento excepcional que requiere medidas excepcionales y nosotros queremos dejar claro que por el PP non dejará de ser. Estaremos y tenemos voluntad de ayudar en esa comisión económica para el modificativo pero también estaremos dispuestos a ayudar en cuantas modificaciones sean precisas para intentar facilitar la labor y hacer más flexible la actividad de nuestras pequeñas y medianas empresas, de nuestros autónomos y de sectores de servicios que son estratégicos para nuestra ciudad.

Máis nada. Esperando contar co seu apoio, moitas grazas.

Nada más. Esperando contar con su apoyo, muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Por Ciudadanos, señora Martínez.

Presidencia

Muchas gracias, señor Fernández Prado.

Por Ciudadanos, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Si. As Corporacións Locais ofrecen, en moitos casos, a asistencia máis directa aos cidadáns. A situación require de respostas rápidas e contundentes. É por iso que desde Cidadáns insistimos sempre en dar prioridade á atención ao tecido económico desta cidade. Son traballadores autónomos e empresarios da nosa cidade que se senten desamparados pola inseguridade e a incerteza que lles xurde sobre os seus negocios e as súas familias debido á escasa capacidade de reacción e xestión

Señora Martínez Lema

